

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xuño de 2018
--

No salón de sesións do Pazo Provincial da Deputación de Ourense, ás dez horas do día vinte e nove de xuño de dous mil dezaoto, réunese o Pleno da Corporación Provincial, baixo a presidencia de don José Manuel Baltar Blanco, presidente da Deputación, co fin de realizar sesión ordinaria da Deputación Provincial en primeira convocatoria, constituíndose a Corporación cos deputados don Rosendo Luís Fernández Fernández, don Jorge Pumar Tesouro, don Plácido Álvarez Dobaño, don Pablo Pérez Pérez, dona Montserrat Lama Nóvoa, don Manuel Doval Soto, don Antonio Montero Fernández, dona Ana M.^a Villarino Pardo, dona Consuelo Vispo Seara, don Juan Anta Rodríguez, don José Antonio Feijóo Alonso, don Miguel Antonio Cid Álvarez e dona M.^a Teresa Cerdeira Valiñas, do Grupo Popular; don Francisco José Fraga Civeira, don Miguel Bautista Carballo, dona Elvira Lama Fernández, don José Ignacio Gómez Pérez, dona Isabel Gil Álvarez, dona Susana Rodríguez Rodríguez, don Vicente Gómez García e don Adolfo González Nóvoa, do Grupo do PSdeG.-PSOE; don Gonzalo Pérez Jácome e don Armando Ojea Bouzo, do Grupo de Democracia Ourensana; e don Ramiro Rodríguez Suárez, do Grupo do BNG.

Actúa como interventora dona Mónica Legaspi Díaz. Dá fe do acto o secretario xeral da Corporación, don Francisco Cacharro Gosende.

O deputado de Democracia Ourensana, don Gonzalo Pérez Jácome, estivo ausente na votación dos puntos sexto e sétimo da orde do día.

O deputado do Grupo Socialista, don José Ignacio Gómez Pérez, estivo ausente na votación do punto oitavo da orde do día.

Seguidamente, iniciouse o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación e que está dispoñible integramente no portal de vídeo acta da Deputación Provincial de Ourense, no seguinte enlace: videoacta.depourense.es

1º.- ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á ORDINARIA DO DÍA 25 DE MAIO DE 2018.-

A Presidencia pregúntalles aos membros asistentes se existe algunha observación que formular ao borrador da acta da sesión anterior, correspondente á ordinaria do día 25 de maio de 2018, que foi distribuído coa convocatoria da sesión.

Non se formulan observacións e a acta do 25 de maio de 2018 é aprobada por unanimidade.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xuño de 2018
--

2º.- APROBACIÓN INICIAL DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO.-

O Sr. presidente anuncia, segundo teñen falado os grupos, que se debaterán conxuntamente e que se votarán por separado.

O Sr. secretario dá lectura aos ditames favorables da comisión informativa de Transparencia e Administración Provincial relativos a este punto e ao seguinte.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

D. Ramiro Rodríguez Suárez, do Grupo do BNG: moitas grazas señor presidente. Bo día a todas e a todos. A proposta de organigrama que nos achega o goberno da Deputación, lonxe de simplificar e racionalizar a estrutura de postos da actual RPT, atomiza aínda máis os servizos, seccións e negociados do ente provincial no que semella unha operación de adaptación á carta dirixida a manter certas posicións persoais; como acredita o feito de que, aproximadamente, douscentos postos se destinen a xefaturas.

Se ollamos a proposta de modificación realizada, vemos que na RPT da Deputación describe 908 postos de traballo. Estes postos encádranse en 8 áreas, 14 servizos, 20 seccións, 57 negociados, gabinetes e unidades, 15 brigadas e 30 equipos. Defínense 128 postos de xefes, 15 de directores, 55 de encargados, coordinadores, capataces e xestores. Por grupos a distribución é a seguinte: no A1 hai 68, no A2 48, no B 2, no C1 114, no C2 444 e no Grupo AP 239. En total, como digo, 908 postos de traballo.

A falta de racionalidade da proposta de modificación pode ollarse con só analizar graficamente o organigrama. Contémplanse áreas con negociados e servizos dos que dependen xefaturas que dependen doutras xefaturas e así sucesivamente. Esta RPT debuxa unha pirámide de postos de traballo por grupos profesionais para o ano 2018 que medra por arriba, no A1 e no A2, e diminúe por abaixo, no C1, C2 e AP. En definitiva, atopámonos cunha RPT, como digo, carente de racionalidade na que existen, xa o dixen antes, 200 xefaturas –un 22% do total dos 908 postos de traballo- e, dito doutro xeito máis gráfico, un xefe por cada 4 traballadores e medio.

En relación coa descrición funcional de unidades administrativas e fichas descritivas, en primeiro lugar temos que formular a nosa discrepancia cun redactado da RPT que literalmente di que *a descrición de funcións contidas nestas fichas non pretende ser exhaustiva e se realiza sen prexuízo de que, cando as circunstancias o xustifiquen, aos ocupantes dos postos se lles poda esixir o desenvolvemento de calquera función, tarefa ou responsabilidade*

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xuño de 2018
--

distinta á correspondente á do posto de traballo, sempre que resulten axeitadas ao seu corpo, escala, subescala ou categoría profesional; segue o parágrafo este. Nós pensamos que é obvio que, cando unha función non está recollida na ficha descritiva do posto de traballo, mais é propia do tal posto de traballo ou ben imposta por unha normativa de ámbito superior, non fai falta crear a obriga que xa existe. Por outra banda tamén é evidente que este tipo de cláusulas redundantes o único ao que contribúe é a que, durante a vida da RPT, se produzan todo tipo de problemas interpretativos e mesmo abusos de poder.

En segundo lugar, na Área de Medio Ambiente, as fichas descritivas correspondentes a traballadores de Zonas Verdes contemplan, dende o noso punto de vista, varias atribucións que, entendemos, deberían reflectir cambios. Aos operarios incluídos no Grupo AP non é apropiado esixirille a tenencia do permiso de conducir; sendo así, teríamos que modificar o grupo profesional. O requisito de ter carné de utilización de produtos fitosanitarios implica perigosidade, penosidade, algo que non corresponde cun nivel G3 neste factor; polo que sería necesario un nivel máis alto. Prodúcese agravio comparativo con outras fichas de brigadas con legoeiros que teñen asignado un factor de autonomía G2; é dicir, un grao superior ao que teñen os operarios de zonas verdes. Esta mesma diferenza de grao entre fichas tamén se pode observar un factor de responsabilidade que entendemos debe modificarse a G1.

En terceiro lugar, no Teatro Principal consideramos que o equipo técnico de escena debería estar formada polo xefe de equipoa, axudante de escena, maquinista, axudante de sala; de non ser así non existe equipo nin a xefatura tería sobre quen exercer a súa autoridade.

Xa remato, e por último, no Departamento de Investimentos, Contratación e Patrimonio existe un posto de auxiliar de oficina que depende do Negociado de Patrimonio e Xestión de Riscos que non ten a quen auxiliar; por tanto, debería ser un posto con grupo profesional superior. A nosa postura, tanto no punto número 2 como no número 3, vai a ser votar en contra. Nada máis. Moitas grazas.

D. Gonzalo Pérez Jácome, portavoz do Grupo de Democracia Ourensana: hola buenos días a todos. Simplemente por las circunstancias que están rodeando estas últimas semanas y me hace gracia porque esto me recuerda a un capítulo de la vida de Mike Tyson. Ustedes no sé si recuerdan aquel combate de Mike Tyson en 1990, en febrero, con Douglas; Mike Tyson derribó al boxeador Douglas y cuando el árbitro estaba contando 1, 2, 3, 4, 5, 6, 7... antes de llegar a 10, en ese momento es como si los dioses dijeran: *basta, no*; entonces

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xuño de 2018
--

Douglas se levantó, noqueó a Tyson y, a partir de ahí, la vida de Tyson fue un auténtico desastre. Lo digo porque es curioso lo que está pasando en estas últimas semanas, si está habiendo realmente un cambio de ciclo, tú me dirás Plácido, porque tenemos obviamente lo que ha pasado en el Partido Popular condenado por corrupción ya de forma oficial, a parte que Feijóo, por una razón, se sabe que no va a Madrid, el Partido Popular está en una guerra fratricida, parece que va a tener una caída tremenda; aquí este señor tiene problemas porque las encuestas le dicen que el PP de Ourense, tal y como vaticinaba Democracia Orensana, podría conseguir 6 concejales, cuatro menos y podría poner en riesgo mantener la Diputación, si realmente cae tanto en la ciudad de Orense, posiblemente pierda la Diputación de Ourense. A parte de eso, viene hoy aquí, en El Faro de Vigo y en La Voz de Galicia -fijaos que noticia viene hoy que ya la había destapado Democracia Ourensana-, es una noticia que tiene que ver todo con esto: *condenada en firme la ex diputada María Caldelas por falsedad* (la actual esposa de José Manuel Baltar), condenada en firme ya por la Audiencia, por falsedad. Esto me recuerda también cuando cogieron con doping al marido de Marion Jones, todo el mundo dijo: *hombre, si el marido va dopado, seguramente la mujer también*. Pues esto parecido. Lo curioso es que en el periódico La Región no viene nada de esto; aquí está el periódico de La Región y no dice nada de esto, ¿por qué? Porque con dinero público estamos comprando este periódico y eso es realmente lo triste. A parte de eso, viene también otra noticia, en La Voz de Galicia, titular, también por una denuncia que hizo Democracia Orensana, que metió la presión: *el local del jardín japonés ultima el cierre tras la orden de desahucio*. Nuestra presión y nuestra denuncia parece que empiezan a fructificar.

A parte de eso, se celebra ahora mismo un juicio, se está celebrando ahora mismo un juicio en Orense, contra un asesor cultural de José Manuel Baltar, también por prevaricación. O sea que esto es como lo de Mike Tyson, macho, parece que veñen todas xuntas. Un juicio al que yo voy a ir dentro de poco, porque voy en calidad de testigo. Me dicen si voy a ser a favor de Aurelio o no; hombre, yo voy a decir la verdad, tendrá que ver el juez si realmente declaro a favor o en contra. Nada, simplemente decirle que parece que todo se confabulan, aquí, hoy, las noticias en el entorno de José Manuel Baltar. Lo que quiero decirles es que dentro de dos horas tengo que irme, porque me llaman de testigo y tengo que ir allí; el hecho de estar en un Pleno no fue excusa suficiente para no ir de testigo.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xuño de 2018
--

Respecto a este tema de los puestos de trabajo y recursos humanos, consideramos que parece una broma. Nos gustaría que un día, a este que le gustan tanto los congresos a José Manuel Baltar, y va a dar charlas internacionales y todas esas *trapalladas*...por cierto, no volvió a hacer lo de la convención de los americanos; hizo dos que nos metió la estafa de 300.000€ cada año a los orensanos y ya no hizo más, porque Juan Verde le salió rana, tal como dijimos nosotros, el que dice que es asesor de Obama, le salió rana, entonces ya no hizo una tercera. Plácido, dímelo tú, que vas ahora a hablar, supongo, si tan buenas fueron esas convenciones, ¿Por qué no hay una tercera?, que costaron 300.000€ cada una. Y resulta que la Confederación de Empresarios de Orense organiza, por 7.000€, un congreso similar que vienen los yanquis empresarios, por 7.000€ y este gasto 300.000. Xa non fai a terceira, ¿por que non fai a terceira se tan boa é? Porque é unha merda.

Como le gustan tanto los congresos, que vaya un día a dar una conferencia sobre máximos expertos de recursos humanos a decir cómo se contrata en la Diputación, que es la mejor selección de personal; que vaya a dar una conferencia. Sería seguramente *trending toping* en YouTube y Twitter de la risa que sería.

Esto de aquí es una tomadura de pelo, nosotros creemos que la Diputación sobra y la prueba de que sobra se reveló también esta semana cuando se demostró que el dinero de esta Institución no se reparte de forma justa, se reparte a los Concellos que son más del PP. Eso no tiene sentido, lo normal es repartir el dinero de forma equitativa y, entonces, sobra la Diputación; porque si simplemente se hace una transferencia de dinero, ¿para qué quieres personal? Entonces, nosotros nos abstenemos en este punto y decir que es todo un sinsentido.

D. Francisco José Fraga Civeira, portavoz do Grupo do PSOE: moitas grazas señor presidente e moi bo día. Con brevidade para non repetir o xa dito en Plenos anteriores sobre esta mesa cuestión e, tamén, o que dixeron quen me antecedeu no uso da palabra, tamén para non entrar en cuestións de detalle. Dicir que nós faremos un posicionamento global e ese vai ser votar en contra dos dous; por unha razón moi sinxela, porque se temos un modelo de Deputación diferente ao noso, evidentemente, esta relación de postos de traballo non podemos votala a favor. Sen máis.

D. Jorge Pumar Tesouro, do Grupo do Partido Popular: sí, buenos días a todos. En primer lugar, una vez escuchados los diferentes Grupos, tengo que manifestar un tema, que hay que respetar el trabajo de los funcionarios y de la Mesa Xeral de esta Institución, ya que

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xuño de 2018
--

este documento que traemos aquí, hoy, a aprobación inicial lleva meses de traballo, meses de diferentes Mesas Xerais de negociación, donde el pasado 6 de junio se llegó a un acordo, entre comillas, unánime, debido a que este documento votaron a favor la Junta de Personal, votó a favor el Comité de Empresa, votó a favor el sindicato mayoritario CSIF, votó a favor el sindicato USO, se abstuvo Comisiones Obreras y solo tuvo en contra lo que es la CIG, que es un poco el mismo argumento que hizo nuestro compañero Ramiro.

¿Qué quiero decir con esto? Que viene Ramiro con una interpretación que ya fue debatida, ya fue consensado y que ya fue muy hablado en las diferentes Mesas Xerais de negociación que tuvimos. A partir de ahí, de ese documento, conlleva un informe de Asesoría Jurídica, donde está el Secretario Xeral, donde emite un informe de legalidad de este proyecto que hoy traemos a aprobación, donde emite un informe que es favorable. A mayores de ese informe, también la señora interventora, en este caso, emite un informe favorable de fiscalización. ¿Qué quiero decir con esto? Que traemos un documento completo, negociado y consensado con todas las partes de esta Institución.

Entrando en materia de este documento, estamos hablando de una Relación de Puestos de Trabajo, como bien saben ustedes, anteriormente las Relaciones de Puestos de Trabajo se aprobaban siempre con los presupuestos; en el pasado año, en el año 2017, se tomó la decisión de separar lo que es la aprobación de la Relación de Puesto de Trabajo del Presupuesto del presupuesto. Lo que estamos aprobando hoy aquí inicialmente es un acuerdo marco de una Relación de Puestos de Trabajo que va a quedar indefinidamente, que luego solo traeremos al Pleno aprobaciones puntuales que hagan falta de organización sistemática de diferentes unidades administrativas de esta Administración.

Es un documento de carácter organizativo donde no hay muchas variaciones, donde simplemente se habla de crear unos puestos donde pasamos de unas unidades administrativas a otras y donde actualizamos todas las fichas de todos los puestos, las fichas de la RPT de los puestos individualizados de cada trabajador. Por mi parte, esta es mi primera intervención y quedo a cualquier interpretación que consideren ustedes.

D. Gonzalo Pérez Jácome, portavoz do Grupo de Democracia Ourensana: sí, pensé que iba a hablar Plácido, habló Pumar. Ya que estás en el Concello de Ourense quería hacerte una pregunta. Parece que hay rumores estos días, hay rumores de que hay fiestas de

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xuño de 2018
--

Orense esta semana; ¿si me lo podías confirmar? porque solo se notan, al parecer, por los atascos.

Bueno mira, el tema que me dices, es que los sindicatos han votado a favor ¿pero tú te crees que somos tontos? Pero si en las Administraciones locales se gana muchísimo más dinero que en la Administración central y que en la autonómica; si los funcionarios de las administraciones locales son unos privilegiados. Pero, ¿cómo no van a votar a favor? Tú imagínate la diferencia de ser funcionario del Estado en Madrid a funcionario local aquí, en Orense, ganan más, cuando el nivel de vida en Orense es muy inferior. O sea, ¡claro que votaron a favor! Porque están todos repartiendo la tarta. Tú que crees ¿Qué los sindicatos están mirando por la ciudadanía? ¿Tú crees que a los sindicatos les importa cómo llegan los autónomos a fin de mes? Los sindicatos solo miran por sus privilegios, de ellos, y de alguno de sus afiliados, nada más. Desde cuando que los sindicatos votan a favor, es un argumento para decir: mira esto se está haciendo bien. Lo que pasa es que están en la tarta, igual que en el Concello de Ourense, que estáis a favor de un convenio especial de prebendas, todos, que es ilegal, de un millón de euros y que nosotros estamos intentando tirar. ¡Pues vaya argumento! Votaron a favor los que se comen también la tarta, ¡Hombre, por favor!

D. Jorge Pumar Tesouro, do Grupo do Partido Popular: señor Jácome, no le voy a entrar en eso, simplemente dos palabras, respecto institucional y respecto sindical. Nada más.

O contido íntegro das intervencións transcritas anteriormente recóllese no punto 2º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 2º](#).

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (14), o voto en contra do Grupo Socialista (8) e do BNG (1), e a abstención de Democracia Ourenana (2), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Aprobar inicialmente a Relación de Postos de Traballo do persoal da Deputación Provincial de Ourense, conforme co documento aprobado no seo da Mesa Xeral de Negociación do 6 de xuño de 2018, modificado apra adaptalo ao sinalado no parágrafo último da consideración xurídica terceira do informe de Secretaría Xeral.

De conformidade co establecido no artigo 38.3 da Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia, a aprobación definitiva da RPT determinará no seu momento a obrigaçión de incorporar as súas previsións nos orzamentos doa Deputación incorporación

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xuño de 2018
--

que se realizará nos orzamentos para o exercicio 2019. No obstante, e por excepción, aplicaranse no presente exercicio e con efectos do 1 de xaneiro de 2018, as determinacións da RPT que se indican, ao existir nesa data os supostos de feito necesarios para a eficacia de tales determinacións:

- a) O incremento do 1,5% na contía do complemento específico en todos os postos, e demais, con efectos do 1 de xullo de 2018, un incremento adicional do 0,25%.
- b) A revisión o complemento específico dos postos de xefatura da Secretaría Particular da Presidencia e Protocolo, encargado do Parque de Maquinaria e xefatura do equipo de maquinaria e cooperación.
- c) O incremento do complemento de destino dos axudantes de maquinaria.
- d) Os efectos económicos da unificación dos postos de operario báscula portátil e aforos, laborantes, operario de báscula e acopios, e os de operario de sinais e laborante.

2º.- Someter a información pública, durante o prazo de 20 días hábiles, o documento inicialmente aprobado, mediante anuncio no BOP, para a formulación de alegacións ou reclamacións. Se transcorrido o prazo de información pública non se formulan alegacións ou reclamacións, entenderase automaticamente aprobada de forma definitiva. Se se formulan alegacións ou reclamacións estar serán resoltas polo Pleno.

3º.- APROBACIÓN INICIAL DO PLAN DE ORDENACIÓN DE RECURSOS HUMANOS 2018.

A deliberación deste punto tivo lugar conxuntamente coa do punto anterior.

Non se formulan intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (14), o voto en contra do Grupo Socialista (8) e do BNG (1), e a abstención de Democracia Ourenana (2), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Aprobar inicialmente o Plan de Ordenación de Recursos Humanos, complementario á RPT da Deputación Provincial de Ourense, co seguinte contido:

I) Memoria xustificativa.

II) Determinacións do Plan:

1) Medidas de reestruturación do cadro de persoal:

- a) **Determinación de escalas e subescalas de funcionarios de carreira.**
- b) **Determinación das categorías profesionais para persoal laboral fixo.**

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xuño de 2018
--

- c) **Normas sobre titulacións de acceso ás categorías profesionais do cadro laboral e funcional de persoal.**

2) Procedementos para a provisión dos postos de traballo establecidos na R.P.T. ó persoal provincial.

- a) **Procedementos de acceso a postos de 2ª actividade.**
 b) **Normas relativas aos postos obtidos por libre designación.**

3) Criterios xerais para o deseño da oferta de emprego público de 2018.

4) Normas sobre prórroga do persoal funcionario maior de sesenta e cinco anos

5) Normas sobre entrada en vigor e vixencia do Plan de Ordenación de Recursos Humanos 2018.

I. Memoria xustificativa:

A proposta de RPT 2018, introduce unicamente modificacións puntuais na estrutura de postos de traballo da administración provincial, así como a creación de novos postos e supresión de postos vacantes.

De todas estas modificacións, ningunha esixe a adopción de medidas de reordenación de persoal.

Este plan contempla medidas de carácter xeral que concretan diferentes aspectos da política de persoal da Deputación, referidas ás seguintes cuestións:

- No cadro de persoal funcionario, mantense a declaración a extinguir dos subalternos de administración xeral, xa acordada no Plan de ordenación do exercicio 2015.

-Actualízase o cadro de categorías profesionais do persoal funcionario, creándose a categoría de enxeñeiro/a técnico/a forestal na escala de administración especial, subescala técnica, clase técnico medio.

-Suprímese a categoría de auxiliar técnico/a de recadación e xestión tributaria (C2), e os postos que tiñan a dita categoría pasan a ter a de auxiliar de administración xeral.

- Mantéñense as normas específicas de desenvolvemento do disposto no artigo 69.4 da Lei de emprego público de Galicia, en materia de prórroga da situación de servizo activo do persoal funcionario trala idade de xubilación ordinaria, co fin de cumprir o obxectivo xeral de contención do gasto de persoal.

- Por último, establécense os criterios xerais para a elaboración da oferta de emprego público para o exercicio 2018, remitíndose ás futuras previsións da Lei de

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xuño de 2018
--

orxamentos xerais do Estado para o dito exercicio (pendente a súa aprobación). Introdúcese ademais a previsión establecida no artigo 80 da Lei de emprego público de Galicia, en canto a que o 25 % das prazas de funcionarios ofertadas se reserven para a promoción interna, estendendo ese mínimo, igualmente, ás prazas do persoal laboral.

Polo que respecta á documentación que integra este Plan – composta pola presente memoria xustificativa e as determinacións, estímase que recollen as previsións establecidas no artigo 47.4 da Lei de emprego público de Galicia, ao definir suficientemente o ámbito de aplicación e vixencia do Plan, os seus obxectivos e as medidas de ordenación previstas.

No que respecta ao cronograma detallado da súa implantación e aplicación, o Plan detalla os prazos nos que se deben adoptar as diferentes medidas previstas, sendo de aplicación inmediata coa súa entrada en vigor aquelas medidas para as que non se establecen prazos específicos. Estímase innecesario o informe económico – financeiro, dado que as determinacións do Plan non implican gastos para a Administración provincial.

II. Determinacións do Plan.

1) Medidas para a reestruturación do cadro de persoal:

a) Determinación das escalas e subescalas do persoal funcionario de carreira da Deputación Provincial de Ourense:

O cadro de persoal da Deputación Provincial de Ourense intégrase polas seguintes escalas, subescalas, clases e categorías:

1) Escala de administración xeral

- Subescala técnica:

Grupo de titulación: A1

Titulación de acceso: estar en posesión do título universitario de Grao ou equivalente.

- Subescala de xestión:

Grupo de titulación: A2

Titulación de acceso: estar en posesión do título universitario de Grao ou equivalente.

- Subescala administrativa:

Grupo de titulación: C1

Titulación de acceso: Bacharelato ou técnico ou equivalente.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xuño de 2018
--

- **Subescala auxiliar:**

Grupo de titulación: C2

Titulación de acceso: Graduado en Educación Secundaria Obrigatoria ou equivalente.

- **Subescala subalterna:**

Grupo de titulación: agrupación profesional sen requisito de titulación.

Observacións: categoría para extinguir.

2) Escala de administración especial:

2.1) Subescala técnica, estruturada nas seguintes clases e categorías:

a) Clase técnico superior (A1)

- Técnico/a superior en administración financeira e tributaria
- Letrado/a da Deputación Provincial
- Enxeñeiro de obras e servizos provinciais
- Enxeñeiro/a superior industrial
- Arquitecto/a
- Veterinario/a
- Técnico/a superior de laboratorio
- Tradutor/a de lingua galega

b) Clase técnico medio (A2)

- Asistente social
- Técnico/a especialista en laboratorio
- Enxeñeiro/a técnico de obras públicas
- Enxeñeiro/a técnico agrícola
- Enxeñeiro/a técnico industrial
- Enxeñeiro/a técnico forestal
- Arquitecto/a técnico

c) Clase técnico auxiliar (C1)

- Oficial de obras e servizos
- Oficial técnico de obras
- Delineante
- Técnico/a auxiliar agrícola

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xuño de 2018
--

2.2) Subescala de servizos especiais, estruturada nas seguintes clases e categorías:

2.2.1) Clase prazas de cometidos especiais

- Técnico/a superior en desenvolvemento local e recursos europeos (A1)
- Técnico/a superior en administración cultural (A1)
- Técnico/a superior en prevención de riscos laborais (A1)
- Técnico/a superior en xestión de instalacións deportivas municipais (A1)
- Técnico/a superior de sistemas e tecnoloxías da información (A1)
- Xestor/a de administración cultural (A2)
- Técnico/a especialista de sistemas e tecnoloxías da información (A2)
- Técnico/a especialista en recursos humanos e formación profesional (A2)
- Técnico/a especialista en desenvolvemento local e recursos europeos (A2)
- Técnico/a especialista en xestión tributaria e recadación (A2)
- Técnico/a especialista en xestión orzamentaria e contable (A2)
- Técnico/a especialista en prevención de riscos laborais (A2)
- Técnico/a especialista en medio ambiente (A2)
- Oficial técnico/a en seguridade e saúde (C1)
- Técnico/a superior informático (B)
- Técnico/a auxiliar informático (C1)
- Técnico/a auxiliar en medio ambiente (C1)
- Auxiliar informático (C2)
- Programador/a informático/a (C1). Categoría para extinguir

2.2.2) Clase persoal de oficios

- Rexente de edificios e instalacións (C1). Categoría para extinguir
- Axudante de obras e servizos (C2). Categoría para extinguir
- Chofer de presidencia
- Conductor/a de maquinaria de obras públicas e vehículos especiais (C2) Categoría para extinguir.
- Chofer especialista (C2). Categoría para extinguir
- Oficial taller (C2). Categoría para extinguir

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xuño de 2018
--

- Legoeiro/a (agrupación profesional sen requisito de titulación) Categoría para extinguir

b) Determinación de categorías profesionais para o persoal laboral fixo

O cadro de persoal laboral da Deputación Provincial de Ourense queda estruturado nas seguintes categorías profesionais:

- Técnico/a medio de asistencia ós grupos políticos (A2)
- Profesor/a superior de gaita (A2)
- Profesor/a axudante de gaita (C1)
- Profesor/a de percusión (C2)
- Profesor/a superior de danzas, pandeireta e canto (A2)
- Profesor/a axudante de danzas, pandeireta e canto (C1)
- Oficial técnico de escenario, luces e son (C1)
- Oficial de explotacións agropecuarias (C1)
- Oficial de obras e servizos (C1)
- Oficial de edificios e instalacións (C1)
- Axudante do Centro de Cultura Popular Xaquín Lorenzo Fernández (C2)
- Axudante de imprenta (C2)
- Axudante de escenario, luces e son (C2)
- Maquinista (C2)
- Axudante de obras e servizos (C2)
- Auxiliar de servizos (C2)
- Auxiliar de servizos de recollida de animais abandonados (C2)
- Auxiliar técnico/a de obras (C2)
- Auxiliar técnico/a de laboratorio (C2)
- Conductor/a de maquinaria de obras públicas e vehículos especiais (C2)
- Chofer especialista (C2)
- Albanel (C2)
- Mecánico/a – electricista- soldador/a (C2)
- Chapista (C2)
- Pintor/a (C2)
- Capataz de explotacións agropecuarias (C2)

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xuño de 2018
--

- Capataz de zonas verdes e limpeza viaria (C2)
- Tractorista (C2).
- Cociñeiro/a (C2). Categoría para extinguir
- Conductor/a especialista de explotacións agropecuarias (C2)
- Construtor/a de gaitas e instrumentos musicais tradicionais de Galicia (C2)
- Operario/a do Centro de Cultura Popular Xaquín Lorenzo Fernández (agrupación profesional sen requisito de titulación)
- Operario/a de mantemento (agrupación profesional sen requisito de titulación)
- Telefonista (agrupación profesional sen requisito de titulación)
- Axudante de soldador (agrupación profesional sen requisito de titulación)
- Legoeiro/a (agrupación profesional sen requisito de titulación)
- Peón agrícola (agrupación profesional sen requisito de titulación)
- Operario/a sen cualificar (agrupación profesional sen requisito de titulación)
- Operario/a limpador (agrupación profesional sen requisito de titulación)
- Porteiro/a (agrupación profesional sen requisito de titulación)
- Legoeiro/a especialista (agrupación profesional sen requisito de titulación). Categoría para extinguir
- Operario/a de báscula (agrupación profesional sen requisito de titulación). Categoría para extinguir
- Auxiliar de biblioteca (A2). Categoría para extinguir
- Bombeiro/a – condutor/a (C2)
- Monitor/a deportivo de sala fitness (C2)
- Monitor/a de lecer no rural (C2)

c) Normas sobre titulacións de acceso ás categorías profesionais do cadro laboral e funcional de persoal:

As titulacións de acceso ás categorías profesionais do persoal laboral e ás escalas, subescalas, clases e categorías de persoal funcionario estableceranse nas bases reguladoras

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xuño de 2018
--

das correspondentes convocatorias, atendendo ao disposto na lexislación educativa vixente e procurando, na medida do posible, a apertura ao maior número de titulacións existentes, sempre que as ditas titulacións permitan presumir, en atención ao contido dos respectivos ciclos formativos, un grao de coñecemento suficiente para as funcións xenéricas da categoría.

2) Procedementos para a provisión dos postos de traballo establecidos na RPT:

a). Procedementos de acceso a postos de 2ª actividade:

Os procedementos de acceso a postos de 2ª actividade vacantes a partir do 1 de xaneiro de 2018 estableceranse por resolución da Presidencia no primeiro cuadrimestre do exercicio, trala negociación previa do seu deseño e contido na Mesa Xeral de Negociación.

b). Normas relativas aos postos obtidos por libre designación: os funcionarios que accedan a postos obtidos mediante procedementos de libre designación, terán, en caso de cesamento, dereito á asignación dun posto co mesmo nivel retributivo e funcións similares ao que anteriormente obtiveran por concurso.

3) Criterios xerais para o deseño da oferta de emprego público de 2018:

Os criterios xerais para o deseño da oferta de emprego público de 2018 serán os seguintes:

1º) A oferta pública de prazas de acceso libre elaborárase consonte cos criterios que determine a Lei xeral de orzamentos do Estado vixente e, en todo caso, restrinxida a aqueles supostos que se consideren absolutamente prioritarios para o funcionamento da administración provincial.

2º) En todo caso, a oferta de emprego público reservará, como mínimo, o 50 % das prazas vacantes ofertadas para a promoción interna, tanto se se trata de prazas de persoal funcionario como de persoal laboral.

3º) En ningún caso poderán incluírse na oferta de emprego público prazas declaradas para extinguir no presente Plan.

4) Normas sobre concesión de prórroga do servizo activo a persoal funcionario que exceda dos sesenta e cinco anos de idade.

1. A xubilación forzosa do persoal funcionario declararase de oficio ao cumprir a persoa a idade legalmente establecida.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xuño de 2018
--

Non obstante o anterior, o persoal funcionario poderá solicitar, cunha antelación mínima de tres meses e máxima de catro meses á data na que cumpra a idade de xubilación forzosa, a prolongación da permanencia na situación de servizo activo, ata o cumprimento da idade máxima legalmente establecida, que se concederá, no seu caso, por períodos dun ano renovables anualmente a solicitude da persoa interesada, presentada cun prazo de antelación mínima de tres meses á data de finalización da prolongación concedida. Se non presentara solicitude en prazo, declararase de oficio a xubilación forzosa.

2. A aceptación ou denegación destas solicitudes resolverase de forma motivada sobre a base dalgúns dos criterios seguintes:

a) Resultados da avaliación do desempeño da persoa solicitante, conforme co establecido no artigo 68.4 da Lei de emprego público de Galicia.

b) Capacidade psicofísica da persoa solicitante, acreditada conforme co establecido no artigo 68.4.c) da Lei de emprego público de Galicia.

c) A existencia de razóns organizativas que determinen a denegación da prórroga do servizo activo.

Para estes efectos, decláranse como razóns organizativas determinantes da denegación da prórroga do servizo activo as seguintes:

- A non necesidade do posto para a normal realización das funcións correspondentes á unidade administrativa na que se encadre. A dita circunstancia deberá acreditarse mediante informe detallado emitido polo director da área correspondente, ou, no seu defecto, polo director do centro, servizo ou unidade de que se trate, sen prexuízo da incorporación ao expediente de cantos informes adicionais se consideren convenientes.

No suposto en que a solicitude de prórroga sexa denegada por esta razón, o posto deberá ser suprimido na primeira modificación da RPT que se tramite, e ata tanto non se leve a efecto a supresión, non poderá ser obxecto de provisión temporal ou definitiva por ningún medio.

- A existencia, no cadro de persoal da Deputación, de persoal capacitado para o desempeño do dito posto ou para a asunción efectiva das súas funcións, sen necesidade de incorporar a persoal de novo ingreso, temporal ou interino. Esta circunstancia acreditarase mediante informe do xefe do Servizo de Recursos Humanos.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xuño de 2018
--

- A previsión da supresión do posto, ou da unidade administrativa na que se integre, na Relación de Postos de Traballo vixente.

3. Procederá tamén a xubilación dos funcionarios en situación de prórroga do servizo activo, trala instrución previa de expediente que poderá iniciarse de oficio ou a instancia da persoa funcionaria interesada, cando se declare a incapacidade permanente para o exercicio das súas funcións, ben por inutilidade física ou psíquica ou por diminución apreciable das súas facultades.

4. En calquera caso, será preceptiva a audiencia no expediente do interesado.

5) Normas sobre entrada en vigor e vixencia do Plan de Ordenación de Recursos Humanos 2018.

As disposicións do presente Plan de Ordenación de Recursos Humanos entrarán en vigor ao día seguinte da súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia de Ourense, sen prexuízo da súa retroactividade, con efectos do 1 de xaneiro de 2018, nos casos expresamente contemplados nas ditas disposicións normativas, para o suposto de que a publicación se produza con posterioridade ao 1 de xaneiro de 2018. En todo caso, non terán efecto retroactivo as disposicións restritivas de dereitos dos empregados públicos.

O Plan terá vixencia indefinida ata a súa substitución ou modificación por un Plan posterior ou norma de superior rango xerárquico.

2º.- Someter a información pública, durante o prazo de 30 días hábiles, a documentación inicialmente aprobada, mediante anuncio no BOP, para a formulación de alegacións ou reclamacións. Se transcorrido o prazo de información pública non se formulan alegacións ou reclamacións, entenderase automaticamente aprobado de forma definitiva. Se se formulan alegacións ou reclamacións estas serán resoltas polo Pleno.

4º.- EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA POR CRÉDITO EXTRAORDINARIO N.º 2/2018.-

A Sra. interventora expón o contido do ditame favorable da comisión informativa Especial de Contas e de Facenda e Economía.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do BNG: moitas grazas señor presidente. Como xa dixo, explicou brevemente, a interventora esta modificación, á marxe do cambio

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xuño de 2018
--

de finalidade dalgunhas partidas, recolle un crédito extraordinario para gastos de investimento consistente nese préstamo participativo a longo prazo á Estación de Inverno Manzaneda por un importe de douscentos noventa e seis mil e pico euros a fin de destinalo a cubrir o financiamento do seu patrimonio neto.

A historia de MEISA xa vén de vello, xa temos falado máis veces aquí sobre o asunto. Esta Deputación, eu teño que recordar, fixo parte do accionariado ata que o bipartito chegou á Xunta. Posteriormente e xa co PP novamente no goberno voltou, e na actualidade Xunta e Deputación aumentaron notablemente a participación despois de asumir en solitario a ampliación de capital anunciada a principios do verán de 2016.

A inxección de fondos foi precisa entón para facer fronte ao custe do proxecto de innivación artificial -en realidade, a unha primeira fase-. Os concellos, daquela, pasaron do 7,2% ao 0,14%, ao non poder asumir os 235 mil euros que lles correspondían nesa ampliación. Tampouco exerceu ese dereito Oca Hotels, que debería pagar 826.000 para manter o 23% das accións que tiña e quedou co 0,62%. Pola contra, Xunta e Deputación aumentan, como dixeran, a súa participación e control ate máis do 99% ao inxectar algo máis de 3 millóns de euros.

De todo isto despréndense dúas conclusións que nos parecen obvias. Unha é que a Deputación non actúa en función dos intereses dos concellos e das comarcas. Igual que, no seu día, non fixo co Festival de Cine, que actuou de xeito partidario, en función de quen goberna na Xunta; e que MEISA é de facto unha empresa pública xestionada por unha empresa privada, o que non deixa de resultar unha anomalía.

Ninguén discute, a estas alturas, a importancia socio-económica da estación de montaña para unha comarca, como é aquela, deprimida e abandonada, pero outra cousa ben distinta é a viabilidade económica deste proxecto, que non acaba de arrancar e que presenta numerosas eivas. As queixas dos usuarios durante este inverno foron moitas e variadas. Para que a xente acuda á estación de Manzaneda ten que atopar unhas infraestruturas e unha atención de calidade, que coloquen á estación ao nivel das súas competidoras. Nós vamos a votar en contra. De momento nada máis. moitas grazas.

D. Gonzalo Pérez Jácome, portavoz do Grupo de Democracia Ourensana: hola otra vez. Hoy os tengo que decir hola constantemente, como dentro de poco ya me voy que me llaman para el juicio.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xuño de 2018
--

Vamos a ver, esta moción es fascinante; realmente es una moción que me encanta. Democracia Orensana considera que el dinero que se está entregando a La Región, en torno a un millón de euros -casi dos, si juntamos al Concello de Orense y a la Diputación-, casi dos millones de euros al año, es dinero tirado. Es un cáncer Expourense, nos venden unas ferias que, realmente, son todas deficitarias, es un desastre y Expourense está saqueando a todos los orensanos. Es un cáncer el Festival de Cine, del que hablaban hace poco aquí, es un auténtico cáncer; no sirve para nada. Es un cáncer la promoción que hacen del termalismo; no el termalismo en sí, pero sí la cantidad de dinero que se gasta en el termalismo, un auténtico cáncer. Y, la Estación de Montaña de Manzaneda, la única estación de montaña que hay en Galicia, Manzaneda, es un cáncer económico, pero en Democracia Orensana estamos a favor de este cáncer. Esto me recuerda a Ronald Reagan cuando decía (¿de quién decía Ronald Reagan eso? sí, de uno de Centroamérica, de Noriega Varela): *oye, porque ese de ahí es un hijo de puta, ese general que defiende Centroamérica*. Y dice Ronald Reagan: *sí, pero es nuestro hijo de puta*. Bueno, pues esto de aquí, la Estación de Manzaneda es un saco sin fondo, sí, pero es nuestro saco sin fondo. Es decir, es la única Estación de Montaña que hay en Galicia y realmente hay que potenciarla.

¿Cuál es el problema aquí? Que básicamente esto se financia a medias. Fijaos que desastre que, en su día, se la delegó a unos gestores que tuvieron que echarlos porque eran un desastre y, sin embargo, siguen en el accionariado; es decir, ahora mismo el accionariado principal es de la Xunta y de la Diputación, pero siguen gobernando eso las personas que la llevaron al desastre, el último desastre. Entonces, mi pregunta es ¿por qué no lo echan de Cabeza de Manzaneda? Es que no tiene sentido que sigan ahí, si realmente es un desastre. Han pasado de tener un accionariado considerable al 1% simbólico; pero los dejaron de presidentes, es decir, dominando. No tiene sentido.

Bien, la Estación de Manzaneda es una ruina como está. Es una Estación que tendría que ser una maravilla en invierno y en verano y, realmente, no lo es. Aquí tendría que hacer una gran apuesta la Xunta de Galicia; es decir, la Diputación no teiene sentido, con la precariedad que tenemos en la provincia de Orense, tengamos que poner dinero para la estación que es de todo Galicia, incluso del norte de Portugal. Pues aquí es donde demuestra José Manuel Baltar que tiene influencia cero en el PP de Galicia porque lo normal es que hubiera positiva y que la Xunta de Galicia hiciera una apuesta bestial, una

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xuño de 2018
--

apuesta de inversión bestial, en la Estación de nieve de Manzaneda y no la está haciendo, simplemente es casi simbólica porque manda un dinero muy pequeño y donde la Diputación, para nosotros, es un gran esfuerzo tener que hacer este dinero. Entonces, estamos en contra de cómo se maneja esto. Estamos totalmente a favor de revitalizar la Estación, pero no, desde luego, cómo se está llevando y gestionando.

Ahora, desde luego, lo que es una tomadura de pelo es que se utilice una modificación de crédito para meter dinero en Manzaneda (que lo vemos bien, repetimos, porque hay que potenciar esa estación, la única de Galicia y es algo que está en Orense, por lo cual tenemos un factor diferenciador. Estamos haciendo lo que en marketing llaman *buscar el hueco*, es decir nadie puede competir con Orense porque tiene en Galicia una Estación de Montaña, de nieve) y lo que sí se le hace es que se le quita dinero a la maquinaria, que es algo básico para la provincia de Orense. Yo recuerdo, aquí, al diputado Pablo una vez diciendo: *fijaos que demanda tienen las motoniveladoras*, decía, *fijaos que demanda tienen que hay lista de espera* y sacaba pecho. ¡Pero vamos a ver! ¿Cómo se puede tener algo en demanda y lista de espera y, después, lo que nadie quiere, como el Festival de Cine, ahí hay el dinero que se quiera? ¡Esto es una tomadura de pelo! O sea, en vez de dar al pueblo lo que necesita, le decimos lo que necesita. Es como el termalismo, en vez de gastar dinero para poner bien el termalismo, nos gastamos dinero para decir que el termalismo está bien, en falsa publicidad.

A mí lo que me parece una tomadura de pelo es que se le quite dinero a la maquinaria que hace falta en la provincia para meter en Manzaneda. Oye, porque no se lo quitas a la exposición de los Suevos que nadie pidió, nadie pidió una exposición de los suevos y costó medio millón de euros. Y resulta que una motoniveladora, que es algo básico que están pidiendo, y Pablo dice: *no, ahí hay lista de espera*; pues ¡*manda carallo!* Es como los recursos públicos, si mañana mismo tienes que hacer una radiografía tardan tres meses en darte lista de espera; sin embargo, vas a un concierto del Teatro Principal y ahí, sí, por 10€ puedes ver un concierto que vale mucho más porque está subvencionado, pero ¡en qué mundo vivimos que financiamos al revés! Pues es lo que es una aberración.

Después, en esta modificación de crédito ¿Qué más cosas se hacen? Me llama aquí la atención, miren, 9.000€ para adquisición de equipamiento musical para Agrupación Musical da Limia y yo no lo puedo vender porque, en principio, soy diputado; entonces

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xuño de 2018
--

esto también demuestra que, en política, pierdo dinero, vale, porque yo no puedo vender esto. Desde que soy diputado no volví a ser proveedor ni del Concello ni de la Diputación.

Me hace gracia porque se le dan aquí 20.000€ para una Asociación privada para que ponga *estufas de pellets para calefactar o centro social*. *Oye, non sei, unha cousa privada, eu non sei... unha cousa sería un Centro Cívico, pero a unha cousa privada darlle 20.000€ a alguén que, en principio, sempre está da man de José Manuel Baltar co tema cultural pois parece una tomadura de pelo.*

Me hace también gracia esto de aquí, varios proyectos que rondan todos la zona de los 20.000€ que es aquello que se puede dar sin adjudicación, así, realmente a dedo. Es increíble como proliferan las partidas en la zona de los 18.000€ más IVA que es lo que se puede dar a dedo, que es realmente donde estafas a la gente. Recuerdo aquí algo que tengo que repetir siempre hasta las elecciones, este señor quería formar parte de la agrupación de termalismo europeo -ya estaba el Concello de Ourense, no hacía falta que fuera la Diputación, pero quería formar parte-; cuesta 3.000€ al año ser socio de esa Asociación, bueno pues de gastó 18.000€ en un informe para que dijera si era bueno asociarse o no. Se gasta 18.000€ en un informe de algo que cuesta 3.000. ¡Vamos!

D. Francisco José Fraga Civeira, portavoz do Grupo do PSOE: moitas grazas señor presidente. Nós votaremos en contra desta modificación, en coherencia co que votamos no seu momento con respecto aos orzamentos que agora son modificados. E, tamén, en coherencia co que votamos con respecto á primeira modificación que agora se ve mudada, esa primeira modificación, en canto aos beneficiarios e en canto ás finalidades, por mor de varios erros que ven a reflectir, o que xa dixemos no seu momento cando foi da primeira e o que criticamos que era a improvisación e as présas con que fora presentada e con que fora feita.

Señor Baltar, visto o que saíu na prensa estes días é hora de que se aplique aquí o que vostede demanda de Bruxelas, un reparto equitativo para as provincias; pois que menos que mude provincias por concellos, que se aplique o conto e que vexamos modificacións de créditos con reparto equitativo e os orzamentos tamén.

Nesta proposición, a parte destas pequenas modificacións en canto a beneficiarios e finalidades, hai un préstamo participativo a MEISA, algo ao que nós gustaríanos votarlle a favor pola importancia que ten esta Estación de Montaña para o seu entorno e, a maiores e

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xuño de 2018
--

por extensión, para toda a provincia; pero o certo é que descoñecemos, en concreto, a que vai ser destinado, máis alá do texto que pon na memoria: *cubrir o financiamento do seu patrimonio neto*. Mentres non vexamos as cifras en detalle non poderemos votar a favor. Queremos transparencia neste asunto e queremos acceder á documentación que pedimos no seu momento a esta Institución sobre MEISA e que esta Institución remitiunos á propia MEISA. É dicir, ¡home!, se somos uns dos accionistas maioritarios, case maioritarios por mor dunhas décimas, eu ceo que non sería tan complicado que nos facilitasen, dende aquí, dende aquí, esa documentación. Mentres non teñamos estes datos, xa digo, non poderemos emitir unha valoración ao respecto e, polo tanto, o noso voto vai a ser en contra. Moitas grazas.

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular: grazas presidente. Bos días señoras deputadas, deputados; persoas que nos acompañan no salón de Plenos e outras a través de internet.

Vou a ser moi breve porque os argumentos, cando tratamos expedientes de modificación de crédito, son os mesmos; case o señor secretario podería recuperar os audíos e non teríamos nin que falar, sempre son os mesmos. Pois ben, trátase, este expediente, como dixo a señora interventora do expediente número 2 de modificación de créditos do presente exercicio e, como ben se di na memoria da presidencia, este expediente ten dous apartados claramente definidos que, polo que vexo, alguén non se decatou moi ben de que vai.

O primeiro deles refírese á aprobación dun crédito extraordinario, co detalle que aparece na proposta da presidencia, financiado con baixas de créditos de gastos -e digo baixas de créditos de gastos- doutras aplicacións do orzamento vixente non comprometidos. En concreto, este crédito extraordinario de aprobarse, que supoño que si, e feitos os trámites oportunos, irá destinado integramente á concesión dun préstamo participativo, a longo prazo, á entidade Estación de Inverno Manzaneda, S.A. por un importe de algo máis de 296.000€ a fin de destinalo a cubrir, como dixo o señor Fraga Civeira, o financiamento do seu patrimonio neto. O préstamo participativo do que falamos vencerá o 31 de decembro de 2027 e, a ese vencemento, MEISA queda obrigada ao retorno do capital máis os intereses devengados e non satisfeitos. Se ben, debo dicir tamén, que os prestamistas poderán requirir ao órgano de administración de MEISA para que acorde convocar a celebración dunha

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xuño de 2018
--

xunta xeral de socios cuxa orde do día conteña unha proposta de ampliación de capital mediante compensación, total ou parcial, dos créditos derivados deste contrato.

No segundo apartado ao que me refería deste expediente, refírese a simples, señor Pérez Jácome, a simples modificacións nos capítulos 4 e 7 de gastos ao tratarse de corrección -enténdame ben, señor Pérez Jácome- corrección de beneficiarios de subvencións, erros de denominación de núcleos de poboación, ou cambio de finalidade nas subvencións outorgadas; pero que en ningún caso, en ningún caso, supón modificación dos importes aprobados no seu día por este Pleno.

E, como non podería ser doutro xeito, este expediente conta co informe favorable da señora interventora e tamén o ditame, igualmente favorable, da comisión informativa de Facenda e Economía. Polo tanto, o noso voto, como resulta obvio, tamén será favorable á súa aprobación nos termos que se nos propoñen na memoria da presidencia. De momento, nada máis. Moitas grazas.

D. Gonzalo Pérez Jácome, portavoz do Grupo de Democracia Ourensana: gracias Plácido, no esperaba menos de ti. Nada, simplemente decir que siempre saludas a los de internet que nos están viendo y a los de Auria TV, que es donde más audiencia hay, nunca los saludas; entonces, *mándalle un saúdo á xentiña de Auria que tamén son cidadanos de Dios*. Es en diferido y editado.

Bueno, total, nosotros no es que critiquemos el tema técnico, de si los interventores están a favor o no; nosotros criticamos, obviamente, el tema político. Antes, nosotros, en el tema de que a una asociación privada se le dé calefacción, no queremos llegar al extremo de Gila que decía: *los niños que vayan calientes de casa*; tampoco queremos llegar a eso. Pero se trata de que el dinero público, hombre, es muy cuestionable que se utilice para dar calefacción a una Asociación privada en concreto.

Respecto a esto tengo que decir, y tú lo sabes porque eres alcalde, no de Muíños, sino de Lobios, al revés, no de Lobios, sino de Muíños, eres alcalde y estás muy cerca de Portugal y, sinceramente, los portugueses tienen un 30%, creo que es, menos de renta per cápita que los españoles, España es un país que tiene mayor potencial y PIB. Si los portugueses, que están ahí al lado, *collen a Estación de Manzaneda, se a Estación de Manzaneda en lugar de estar aí chega a estar no Gerês*, ¡tú imagínate lo que sería eso todo el año, si la llegan a coger los portugueses! Porque no hay nada más que ver lo que hacen

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xuño de 2018
--

ellos con el termalismo y lo que hacemos nosotros. Tú imagínate eso. Lo que ellos hacen con el termalismo es lo que debemos hacer nosotros con Manzaneda, si alguna vez gobernamos, tenemos influencia en la Xunta de Galicia, que esperemos que sea en la elecciones autonómicas del 2020.

Manzaneda tendría que estar abierto todo el año con un hotel, mínimo, de 4 estrellas; con un hotel, no self-service para dar comidas, sino realmente que comer fuera allí un placer y donde ir a Manzaneda de escapada fuera un auténtico placer, independientemente que haya nieve o no. Cuando nosotros tengamos fuerza de mando, ya miraremos como arreglaremos lo del cambio climático; pero algo se podrá hacer, sobre todo con el tema de las máquinas artificiales. Decir que es un desastre como tenéis abandonado Manzaneda y, realmente, como tenéis todo.

Fíjate que no hay nada que se pueda decir de la Diputación de Orense -el otro día lo pensé- del Partido Popular en Orense donde realmente te quites el sombrero. Mira, la sanidad española, se puede criticar de si es buena o mala y de si realmente la sanidad española qué puntos a favor y en contra tiene, por ejemplo, con la sanidad norteamericana, que es mucho más cara, pero está más avanzada, menos en cobertura, a lo mejor, universal, pero mucho más avanzada a nivel científico. Sin embargo, donde España es la mejor del mundo, con diferencia, que todo el mundo se quita el sombrero, es en el tema de los trasplantes, somos número 1. Por ejemplo, la persona que en España decidió importar una idea, creo que francesa, del carnet por puntos solo puede tener alabanzas; desde el momento en que hay carnet por puntos se reducen los accidentes, además de otros factores como las carreteras. Pero si nosotros vemos la gestión que ha hecho tanto su padre, como el heredero ahora, o como el PP en el Concello de Orense, no hay nada en esta provincia que digas: *Hombre, pues mira, esto lo han hecho bien*. Todo lo que tocasteis fue un desastre. Es más, la provincia, salían los datos esta semana de que ya están los 300.000 habitantes y bajando; teníamos 400 y pico mil. Entonces, realmente, todo lo que tocáis, sois como el rey Midas, al revés, todo lo que tocáis lo convertís en mierda en vez de en oro. No hay nada que se pueda decir, *¡coño, me quito el sombrero!* Porque el termalismo mismo sigue siendo un desastre, solo hay que ver cómo está el restaurante, sin sacar a licitación, de las pozas de Outariz y lo único que gastáis es publicidad, publicidad. Repito las palabras de antes, en vez de poner las cosas bien, os gastáis dinero diciendo que están bien.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xuño de 2018
--

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular: si, grazas presidente. Simplemente dicir, deixar clara a nosa posición ao marxe de ocorrencias, que, como ben se di no Plan de mandato Ourense 15-19, a nosa provincia -e deben recoñecelo- xa é un referente por proxectos consolidados que necesitamos -e digo necesitamos- que actúen de locomotora non só de Ourense; senón tamén de Galicia e algo se dixo aquí.

O Parque Tecnolóxico de Galicia en San Cibrao, a Estación de Viticultura e Etnolóxica de Galicia en Leiro, o Parque Náutico de Galicia en Castrelo de Miño, a Estación de Esquí en Manzaneda, que hoxe nos ocupa, e, como non o Parque Natural Baixa Limia na Serra do Xurés son potencialidades únicas en Galicia, e digo únicas, e, polo tanto, co esforzo conxunto de todos van converternos (eu estou seguro deso) nunha provincia referente para atraer e xerar novos negocios.

Pilotemos, pois, e pilotemos ben e con orgullo ourensán estas locomotoras ás que acabo de referirme. Máis actitude positiva e menos atrancos. Moitas grazas.

O contido íntegro das intervencións transcritas anteriormente recóllese no punto 4º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 4º](#)

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (14), e o voto en contra do Grupo Socialista (8), de Democracia Ourensana (2) e do BNG (1), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Aprobar inicialmente a modificación de créditos do expediente, co seguinte detalle:

CRÉDITOS EXTRAORDINARIOS. GASTOS DE INVESTIMENTOS

APLICACIÓN	EXPRESIÓN	IMPORTE €
433.00/831.00	Préstamo a longo prazo. Desenvolvemento empresarial	296.235,29

RECURSOS UTILIZADOS

APLICACIÓN	EXPRESIÓN	IMPORTE €
453.12/622.00	Edificios y Outras construcións. Parque de Maquinaria	19.000,00

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xuño de 2018
--

453.12/623.00	Maquinaria, instalacións técnicas e ferramentas. Parque de Maquinaria	136.000,00
453.12/624.00	Elementos de transporte. Parque de Maquinaria	50.000,00
162.35/624.00	Elementos de transporte. Unidade Provincial xestión lixo	91.235,29

2º.- Aprobar a modificación, no que se refire á especificación do capítulo IV e VII de gastos, experimentando as seguintes variacións:

Con cargo á aplicación orzamentaria 450.12/462.16 “A Concellos. Transferencias correntes”, prevíase unha subvención ao Concello de Paderne de Allariz para a redacción proxecto Escola Infantil por importe de 17.678,00 euros. En base á solicitude verbal do Alcalde do Concello de data 24 de abril de 2018 ante o requirimento de documentación, proponse o **cambio de beneficiario** de dita subvención a favor de “ Mancomunidade Concello de Ourense” debido á existencia dun erro na modificación 1/2018 do orzamento, quedando da seguinte maneira.

- **450.12/463.01** “ Transferencias correntes mancomunidades. Cooperación provincial.” :

Beneficiario	Finalidade	Importe
Mancomunidade Concello de Ourense	Redacción Proxecto Escola Infantil	17.678,00 €

Con cargo á aplicación orzamentaria 450.12/762.01 “A Concellos subvención convenios. Cooperación Provincial”, prevíase unha subvención ao Consello de Esgos para a obra “Mellora de abastecemento o núcleo de Xaravedra” por importe de 25.000,00 €. En base á solicitude recibida do Alcalde do Concello de data 29 de maio de 2018 , proponse o cambio de finalidade de dita subvención debido á existencia dun **erro na denominación do núcleo** no que se van a realizar as obras, quedando da seguinte maneira,

- 450.12/762.01 “A Concellos subvención convenios. Cooperación Provincial”

Beneficiario	Finalidade	Importe
Concello de Esgos	Melloras de abastecemento ao núcleo de Esgos	25.000,00 €

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xuño de 2018
--

Con cargo á aplicación orzamentaria 334.20/489.30 “Actividades culturais e recreativas. Outras subvencións”, previase unha subvención a Agrupación Folclórica Queixumes dos Pinos para actividades 2018 por importe de 20.000,00 euros. En base á solicitude da Presidenta da Agrupación Folclórica Queixumes dos Pinos de data 05 de xuño de 2018, proponse o **cambio de finalidade** de dita subvención debido á existencia dun erro na modificación 1/2018 do orzamento, quedando da seguinte maneira:

- 334.20/489.30 “Outras subvencións . Actividades culturais e recreativas”

Beneficiario	Finalidade	Importe
Queixumes dos Pinos	Gastos de funcionamento 2017 e adquisición estufas de pellets para calefactar o centro social.	20.000,00 €

Con cargo á aplicación orzamentaria 450.12/762.01 “ A Concellos subvencións. Cooperación provincial”, previase unha subvención ao Concello de Carballeda de Valdeorras por importe de 18.000,00 euros para a colocación de vidreiras na igrexa de Sobradelo . Proponse a **corrección do beneficiario** de dita subvención debido á existencia dun erro na modificación 1/2018 do orzamento quedando da seguinte maneira:

- **336.11/ 789.04** “ Outras transferencias Bispado de Astorga. Patrimonio histórico artístico”:

Beneficiario	Finalidade	Importe
Bispado de Astorga	Colocación de vidreiras na igrexa de Sobradelo	18.000,00 €

Con cargo á aplicación orzamentaria 450.12/762.01 “ A Concellos subvencións. Cooperación provincial”, previase unha subvención ao Concello de Xinzo de Limia por importe de 8.000,00 euros para “Campás San Pedro de Laroá”. Proponse a **corrección do beneficiario** de dita subvención debido á existencia dun erro na modificación 1/2018 do orzamento, quedando así da seguinte maneira:

- **336.11/ 789.03** “ Outras transferencias. Bispado de Ourense. Patrimonio histórico Artístico”:

Beneficiario	Finalidade	Importe
Bispado de Ourense	Campás San Pedro de Laroá	8.000,00 €

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xuño de 2018
--

Con cargo á aplicación orzamentaria 450.12/762.01 “ A Concellos subvencións. Cooperación provincial”, prevíase unha subvención ao Concello de Xinzo de Limia por importe de 9.150,00 euros para a finalidade de “ Adquisición equipamento musical para Agrupación Musical da Limia”. Proponse a **corrección do beneficiario** de dita subvención debido á existencia dun erro na modificación 1/2018 do orzamento, quedando así da seguinte maneira:

- **334.20/789.03** “ Outras transferencias asociacións. Actividades culturais e recreativas”:

Beneficiario	Finalidade	Importe
Agrupación Musical da Limia	Adquisición equipamento musical para Agrupación Musical da Limia	9.150,00 €

Con cargo á aplicación orzamentaria 334.20/489.30 “Actividades culturais e recreativas. Outras subvencións”, prevíase unha subvención a Fundación Sotelo Blanco para Museo Arqueolóxico Ribeira Sacra por importe de 25.000,00 euros. Proponse o **cambio de finalidade** de dita subvención debido á existencia dun erro na modificación 1/2018 do orzamento, quedando da seguinte maneira:

- 334.20/489.30 “Outras subvencións . Actividades culturais e recreativas.”

Beneficiario	Finalidade	Importe
Fundación Sotelo Blanco	Museo Antropolóxico Ribeira Sacra Olegario Sotelo Blanco	25.000,00 €

Con cargo á aplicación orzamentaria 450.12/463.01 “ Cooperación provincial. Transferencias correntes mancomunidades”, prevíase unha subvención a Mancomunidade Ríos – Gudiña por importe de 20.000,00 euros para “ Aforro enerxético”. Proponse a **corrección do beneficiario** de dita subvención debido á existencia dun erro na modificación 1/2018 do orzamento, quedando así da seguinte maneira,

- 450.12/463.01 “ Transferencias correntes mancomunidades. Cooperación provincial.”:

Beneficiario	Finalidade	Importe
---------------------	-------------------	----------------

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xuño de 2018
--

Mancomunidad Intermunicipal Conso – Frieiras	Aforro Enerxético	20.000,00 €
--	-------------------	-------------

3º.- De acordo co artigo 169 da Lei reguladora das facendas locais, por remisión do artigo 177.2 do mesmo texto legal, o expediente será exposto ao público, tras o anuncio no Boletín Oficial da Provincia, por 15 días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerárase definitivamente probado se durante o citado prazo non se presentasen reclamacións. Por todo o anteriormente exposto, propónse aprobar a presente modificación pola Corporación en Pleno.

5º.- MODIFICACIÓN DO CONTRATO DO SERVIZO DE ESTACIONAMENTO DE VEHÍCULOS NOS TERREOS ANEXOS AO HOSPITAL SANTA MARÍA NAI, NO RELATIVO AO CADRO DE TARIFAS E AO CANON CONCESIONAL

O Sr. secretario dá lectura ao ditame favorable da comisión informativa de Cooperación, Infraestruturas e Medio Rural.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do BNG: moitas grazas señor presidente. Ben, este tema tamén no é a primeira vez do que falamos, polo tanto, convén facer algo de memoria.

O expediente de construción do parking ten como antecedente unha moción do Partido Socialista, coa previsión de que fora o SERGAS quen o explotase e o puxese en funcionamento. A Deputación optou por unha xestión privada, algo ao que nós, en concreto, nos opuxemos rotundamente.

Denunciamos publicamente, e tamén aí están as hemerotecas, que a adxudicación da construción do aparcamento á empresa COPASA se fixera aínda non sendo a oferta máis vantaxosa para a Institución, senón todo o contrario, a máis cara. Tamén sinalamos daquela que ían xurdir problemas por falta de aparcamento para os traballadores, dicíndosenos que non habería tal, algo que o paso do tempo demostrou ser falso. Pedimos que non desapareceran as prazas de aparcamento público por entender que a lei obrigaba a manter un número de prazas proporcional ao número de camas. O que se fixo foi axardinar o espazo por detrás, hoxe, por certo, nun lamentable estado de abandono, eliminando as prazas públicas para obrigar aos usuarios a aparcar dentro do parking.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xuño de 2018
--

En decembro do 99 solicitamos que, por parte dos técnicos da Deputación, se presentara un informe detallado que acreditara o cumprimento e adecuación da obra ás condicións nas que fora adxudicada no seu día, por entender que non se estaban axustando ao prego. En febreiro do 2000, presentamos unha moción diante do conflito que se estaba a producir entre os traballadores do SERGAS pola construción do parking. Xa no seu momento o BNG puxera de manifesto, segundo se desprende das actas dos Plenos do 29 de maio e 24 de xullo do ano 98, que este asunto podía ter, como así aconteceu, unha grave incidencia na cidadanía e nos traballadores e traballadoras, cos que non se contou para nada.

Por outra banda, e tendo en conta que o proxecto contemplaba obras que non aparecían recollidas nas bases, entendiamos que poderíamos estar diante dunha extralimitación por parte de COPASA sen amparo legal. Por iso pedímoslle ao Pleno da Deputación que non se efectivizara por parte da empresa adxudicataria a obra complementar de mellora descrita na base 5ª consistente na ordenación dos terreos do entorno do Hospital e que estes foran preservados para a súa utilización como aparcamento libre, público e gratuito, tanto para traballadores como para os usuarios e as usuarias. A súa resposta foi non votar a urxencia da moción para que non puidera ser debatida, defendendo así os intereses da empresa e non os da cidadanía.

Consumado o atraco, o BNG expuxo, novamente, unha fórmula para abaratar o parking do CHUOU aos acompañantes dos pacientes e usuarios do mesmo, por entender que as tarifas que se están a aplicar son moi gravosas para as súas economías. Unha vez máis, a resposta foi favorecer os intereses da adxudicataria.

Agora volven á carga cunha proposta na que nos pretenden facer crer que a súa xestión é positiva para os intereses da provincia. O que deberían explicar é como reducimos en case 23 mil euros o canon que lle cobramos anualmente á empresa, pasando dos xa ridículos 49 mil euros/ano actuais a 22.800. O que ata agora era un saldo, agora xa é un agasallo. De seguir así, tememos que algún día acabaremos nós pagando o canon. É unha auténtica tomadura de pelo. Con esta fantástica operación, volve gañar unha vez máis a concesionaria e quen perde son os veciños e as veciñas da provincia.

Dende logo, o BNG non vai lexitimar isto que entendemos como un latrocinio e, dende logo, vamos a votar, como xa fixemos na propia comisión e como xa anunciamos, en contra. Nada máis. Moitas grazas.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xuño de 2018
--

D. Gonzalo Pérez Jácome, portavoz do Grupo de Democracia Ourensana: hola. BNG, BNG, como se suele decir, no tan rápido. No vayáis tan rápido con este tema porque me acabo de quedar alucinado con las últimas palabras que dijo el BNG. Dijo: *como esto siga así, vamos ter que nós acabar pagando o canon*; es decir *o canon que nos pagan polo Hospital, que pagan unha trapallada, dice, como esto siga así ao revés aínda vamos ter que nós pagar o canon*. Oye, perdona, BNG, es que vosotros ya hicisteis algo así; o ya no sabes cómo está el tema de la instalación de pádel de la piscina de Oira que la privatizasteis y el tema de Eiroás. El tema de Eiroás, que era un terreno público, exactamente igual al parking, vino una empresa, cogió ese terreno público y resulta que el BNG (de aquellas en el Concello de Ourense) estableció con ellos que el Concello les pagaría un canon de 4.000€ anuales, que todavía le está pagando. Es decir, no sólo le dan el terreno gratis, sino que el Concello le paga un canon. Hombre, si vosotros no hicisteis como aquello que fue realmente algo para alucinar, que la gente alucina. Las piscinas de Oira eran públicas, de repente ahora son privadas, la parte de arriba, y además le pagamos un canon, además de dejar el terreno gratis. ¿Y vosotros criticáis? Hombre, podremos criticar nosotros, Democracia Ourensana, pero el BNG que hizo lo mismo, no con el parking, sino con otros temas, me parece realmente alucinante. Por eso, ahora, cuando estaba escuchando quedé aluciano; dice: *no, vamos a tener que pagar el canon*, pero si vosotros ya hicisteis eso en Ourense, en el Concello de Ourense.

Este tema de aquí, una vez yo pensé que lo habíamos debatido en el Concello de Ourense; pero, claro, con este hombre yo ya estuve, con Rosendo yo ya estuve de concejal en el Concello de Ourense, me hice un lío y pensé que lo habíamos debatido aquí en la Diputación porque para mí eres muy cercano, Rosendo, entonces al final había sido en el Concello. Habíamos llevado en el Pleno del Ayuntamiento de Ourense una moción para bajar las tasas, las tarifas, del Hospital. Allí, Rosendo, hizo de comercial de esta empresa, del parking, y defendió a uñas y dientes que el canon era perfecto y venía anunciando unos bonos. Por eso, hoy, debe de ser el día más feliz de tu vida porque van a poner aquí unos bonos que es lo que tú ya anticipabas en el 2014 o 2015. El caso es que el Partido Popular votó en contra de bajar el precio porque decía que estaba bien.

Pero, es que aquí, el PSOE también trajo otra moción, en abril del 2014, y estos señores votaron también que no, que no había que bajar las tarifas. Claro, en el momento que

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xuño de 2018
--

ahora se va a montar otro parking va a haber competencia y dicen; hombre, vamos a aprovechar aquí y me voy a colgar una medalla. Y, lo que siempre negaron, ahora van a bajar las tarifas. Como bien se dijo aquí, las tarifas tienen truco porque, no es que se bajen las tarifas, es que además se baja el canon que ya era ridículo.

Fijaos que el canon que se va a pagar, va a estar en la zona de los 25.000€ creo que son ahora anual, oye, es que 25.000€ que pague de canon lo cojo yo por el triple; dádme lo a mí que lo cojo yo y bajo también las tarifas. Ellos, ¿cuánto os dan, 25.000 al año? Yo os doy 75.000, subo la oferta, haz ahí una contra oferta Pumar. Resulta que este canon que van a pagar, que está en torno a los 25.000€ al año, es casi lo mismo que está pagando la cafetería del jardín del Posío, que paga 17.000. ¡Pero qué broma es esta! O sea, una cafetería paga el mismo canon al Concello que un parking con trecentas plazas, ¡esto es una broma! Pero si la cafetería que tenía la mujer de este señor por 4€, ahora va a salir a concesión, como Dios manda, y van a ser treinta y pico mil al año. La cafetería ahora mismo de La Central, al lado de la Torre de Orense, del Hotel San Martín, va a estar en torno a los treinta y pico mil al año de concesión y el parking del Hospital va a pagar menos. Es que es realmente una estafa.

Pero, no podemos olvidar que todo esto viene de un robo que hizo el padre de ese señor y ahora el perpetrador, el heredero continúa con esto. ¿Cuál fue el robo? Que, como bien dijo, siempre denunció Democracia Orensana, fuimos los únicos que lo denunciábamos, pues ahora el Tribunal de Cuentas viene de emitir un informe en el que dice que ese contrato fue a dedo y que es irregular. O sea que, realmente, nos robasteis porque era un terreno público, en ese terreno público se montan un parking, sablean a todos los Orensanos en algo tan sagrado como es ir a visitar a unos familiares enfermos al Hospital y tienes que dejar allí el coche y te sablean, en un terreno que era público y, encima, lo hacen de forma ilegal porque fue un contrato totalmente a dedo e irregular que vamos a intentar tirar en la justicia. O sea que realmente vosotros, no me extraña que hace poco condenaran al Partido Popular por corrupción, porque en Orense es lo que sois, igual de corruptos que el PP de Madrid.

D. Francisco José Fraga Civeira, portavoz do Grupo do PSOE: moitas grazas señor presidente. Como xa se dixo aquí, este tema non é novo neste Plenario e tampouco é novo no debate que hai na sociedade.

Nós, en condicións normais, votariamos a favor desta proposta e desta rebaixa porque, que mellor hai que baixarlle os prezos que paga a cidadanía por aparcar nun parking que é tan

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xuño de 2018
--

necesario e tan imprescindible. Pero digo en condicións normais porque, nesta cuestión que nos trae aquí hoxe, pouco hai de normal e hai que irnos á situación precedente. É dicir, unha situación que xa se ten formulado aquí, pedindo rebaixas, que ata o de agora nunca foran posibles; pese a que os dous (vou calar un momentíño a ver se para o resto da xente, porque senón éme difícil falar e escoitar ao mesmo tempo. Moitas grazas. E, a parte, perde un o fío), retomo dicindo que, en condicións normais, nós votariamos a favor. Pero dicía tamén que nisto pouco hai de normal porque as condicións que constan no informe de Secretaría; fala por un lado da xustificación desta modificación por razón de interese público e, en segundo lugar, polo mantemento do equilibrio económico básico e esencial do contrato. Estas dúas condicións nós entendemos que se dan agora, pero que se daban tamén hai anos; é dicir, ¿que mudou para que cambiase o interese público? ¿acaso non era o mesmo? Pois o que mudou, como moi ben dixo o señor Pérez Jácome antes ca min, que se vai a abrir un novo parking nas inmediacións, é dicir, a competencia. Nós iso de que un bo día, tal e como consta tamén no informe xurídico, ou que entendemos nós que se desprende, un bo día a empresa concesionaria vén aquí cunha proposta de rebaixa verbal, porque segundo vemos non consta escrita en ningún lado, así como dun *de ti para min*, propoñendo que rebaixaban as tarifas. Iso si, tamén, coa rebaixa do canon.

Hai polo medio que a opinión pública mudou, é dicir, hai unha demanda por parte da opinión pública, hai recollida de sinaturas, hai todo un traballo feito para poñer no debate público e no debate político esta cuestión.

Para nós, isto que se trae agora xa ben puido ser traído antes; é dicir, non entendemos por que se sangrou aos *bolsillos* da cidadanía ata o de agora. E, xa postos, señor Baltar, xa postos, ¡home! polo que nos pagan de canon case recupere esa concesión e rebaixemos aínda moito máis as tarifas. Digo, para 26.000€ que recibimos que imos recibir ao ano, case mellor que non recibamos nada e rebaixemos máis as tarifas; ou incluso máis, recuperemos esa concesión. Como primeira intervención, pouco máis. Moitas grazas.

D. Rosendo Luís Fernández Fernández, do Grupo Popular: moitas grazas señor presidente. Moi bo día distinguidas señoras deputadas, deputados, medios de comunicación, público que nos está presenciando directa ou indirectamente.

A verdade que non estamos aquí para distraer a atención con ocorrencias, por unha banda, e exabruptos por outra. Non. Señor Rodríguez Suárez, *consellos vendo pero para min*

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xuño de 2018
--

nin teño. Todo gratis. Pero mire, xa lle puxo un exemplo o señor Pérez, nas piscinas de Oira o Concello págalle á concesionaria; foi o BNG quen a xestionaba. A vostede falloulle o inconsciente, ¿verdade señor Rodríguez Suárez?. Vostedes xa o fixeron, non é que o poidan chegar a facer este goberno; é que vostede, como goberno, xa o fixeron no Concello de Ourense. Falloulle o inconsciente totalmente.

Señor Pérez, pero non é comparar a infraestrutura do aparcadoiro cunha cafetería. Houbo unha empresa que tivo que pagar, concretamente, 6.264.056,86€ para a construción, que non puxo nada Deputación, nin ningunha Institución pública. Foi unha empresa privada que despois de construílo tiña que xestionalo. ¿Estamos de acordo? Polo tanto, iso non se dixo aquí e convén que se saiba: 6.264.056.

Señor Rodríguez Suárez, todo gratis, pero esquecese de algo tamén. Vostede gobernaron no Concello de Ourense do 2007 ao 2012 -aquele bipartito famoso-; ¿saben vostedes que no 2008 un concelleiro, non vou dicir o nome porque xa non está en política, un concelleiro do BNG negociou coa concesionaria (vostede aquí criticou á concesionaria) para facer infraestruturas a maiores, como a *plazoleta* que hai diante do CHUO, a cambio de aumentar a concesión e viñeron aquí, a Deputación, para aumentar o tempo de concesión? Ou sexa, a vostede non lle gusta nada o que se fixo, pero negociaban, ampliaban e aumentaban. Terá que explicarse. Fállalle o subconsciente. Polo tanto, hai que retrotraerse cando tiveron responsabilidades de goberno e verá que *non é o mesmo falar que repartir trigo*.

En todo caso, estamos diante dunha óptima xestión que fixo o señor presidente da Deputación de Ourense que acadou un esforzo, por unha banda, por parte da concesionaria reducindo as tarifas moi significativamente -o 55%- e, por outro, un esforzo da Deputación que dá como resultado o que queríamos, que temos os ourensáns o parking hospitalario máis barato de Galicia. Isto é o obxectivo final, os ourensáns e as ourensás, como dicía vostede señor Rodríguez Suárez, dispoñen do parking hospitalario máis barato de Galicia e dos máis baratos de España, se é que non é o máis barato de España que non me deu tempo a miralos todos que son moitos.

Polo tanto, felicitar a xestión do señor presidente e vostede siga falando ao escarnio e todo iso; pero o escarnio e o exemplo que puxo de pagar á concesionaria xa o fixeron vostedes. nada máis e moitas grazas.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xuño de 2018
--

D. Gonzalo Pérez Jácome, portavoz do Grupo de Democracia Ourensana: sí, yo sí hago uso de la palabra. Dicen que hay que felicitar al presidente de la Diputación; *pero se xa estás tardando en traer aquí a unha banda de música. Felicítao con música.*

Mira, me hace gracia porque dices: *temos o parking máis barato de Galicia.* Oye, mira, eso es como si una persona *che rouba os cereais, che rouba a maquinaria, che rouba todo e despois dices: si, pero vaimos vender o pan moi barato. Pois isto é o mesmo, macho. Ou sexa, o terreo é noso, fan alí o hospital....que iso tamén o faría eu,* fíjate hasta qué punto era un negocio el hospital, que aquí lo omitisteis, que la empresa que lo hizo, que dio el pelotazo con el padre de Baltar, la empresa que lo hizo ¿Qué hizo al poco tiempo de hacerlo? Lo vendió a un fondo de inversión, te das cuenta cómo juegan con la necesidad de los ourensanos; porque se trata de ir al Hospital cuando tienes un problema grave de salud, o bien visitar a un enfermo, o bien porque una persona va allí a hacerse algo. Entonces, en algo tan grave como la salud, resulta que acaba en fondos de inversión que son los que lo tienen ahora, que se lo compraron a los originalmente de COPASA. ¿Pero de qué me estás hablando aquí si estáis robando a todos los Orensanos, hombre?

Dices: *es que hubo que hacer una infraestructura,* pero también la hubiera hecho yo; se pide un crédito, se amortiza en seguida y luego beneficios. Eso lo hace cualquiera. Ese negocio que le disteis a COPASA lo hubiera hecho yo. Pero te voy a decir otra cosa, ahí estás diciendo es que hubo que hacer una gran inversión; utiliza ese argumento con lo del BNG. El BNG hizo mal en la gestión que hizo con Eiroás, con el centro deportivo de Eiroás y con lo de Oira, lo hizo mal; pero ahí también omitiste que esa empresa tuvo que hacer una inversión porque el pabellón todo lo hizo esa empresa. Entonces, hombre, si acusas al BNG, acúsalo en todo, no solo en lo que tú quieres.

A parte de eso, es verdad que después, al cabo de cierto tiempo, eso revierte en la ciudadanía porque eso pasa a ser propiedad, entiendo yo, que el parking al cabo de unas decenas de años, creo que son 50, pasa a ser de los ourensanos y también el complejo deportivo pasa a ser de los ourensanos; pero claro, cómo están las instalaciones dentro de dos, tres décadas. Serán instalaciones que posiblemente haya que volver a reformar.

Me hace gracia porque habéis dicho esto es una óptima gestión del señor Baltar. Claro, es una óptima gestión para la empresa; fíjate si es óptima que, la empresa que lo hizo, lo

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xuño de 2018
--

vendió en seguida porque tuvo muchos beneficios, se lo vendió a un fondo de inversión. Gestiones así óptimas para los empresarios, no para los ourensanos.

D. Francisco José Fraga Civeira, portavoz do Grupo do PSOE: moitas grazas señor presidente. Señor Fernández, permítame que dubide desa boa xestión da que vostede fala. En primeiro lugar porque, tal e como consta no informe xurídica da Secretaría di que non consta, na documentación facilitada, ningunha proposta escrita asinada pola concesionaria GEORSA; deducíndose do informe de intervención que proposta de redución de tarifas foi trasladada polos representantes da dita concesionaria á Presidencia. E tamén, permítame que dubide de esa boa xestión porque mire, é irrisorio o canon que recibimos xa era o que percibiamos antes, os 49.000€.

Trátase dun servizo, xa se dixo antes aquí, que é moi necesario para a cidadanía desta provincia, non hai aparcamento de superficie nas *cercanías*. Non sabemos aínda cando vai abrir a Xunta de Galicia o parking do Hospital novo, pese a que hai xa uns nove meses que abriu o edificio novo. Pero sobre todo, señor Rosendo, eu sígolle insistindo na dúbida que teño e que me gustaría que aclarase ¿que impediu, ata agora, que os ourensáns *disfrutásemos* do aparcamento hospitalario máis barato de toda Galicia? ¿Que o fai posible agora e que o fixo imposible antes? Moitas grazas.

D. Rosendo Luís Fernández Fernández, do Grupo Popular: señor Rodríguez Suárez que quedara en branco cando foi vostede moi crítico coa xestión, pois non é que me chame a atención, preocúpame. Por iso dixen, e vexo agora moi acertadamente, que lle fallou o inconsciente. Notou que fallou o inconsciente e dixo non vou seguir máis, xa está falado todo.

Señor Pérez, mire vostede, eu non veño a falar aquí de fondos de inversión; senón de dar un servizo aos ourensáns e o certo é que o servizo, a prestación como parking, que se lle dá aos ourensáns nestes momento é o máis óptimo posible. O máis barato de Galicia como parking hospitalario. Non lle sabería dicir se houbo fondos de inversión que nunca me dediquei á empresa privada, como sabe nunca me dediquei a ese tipo de temas. Vostede parece que o sabe tanto, pois denunciarao no seu momento. Puido denunciálo como partido político, se existía ou non que non o sei, nese momento; ou como persoa particular. Non o fixo e vén aquí a dicir de fondos de inversión. Non o sei nin lle vou rebater.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xuño de 2018
--

Señor Fraga Civeira, como din na Biblia, Eclesiastés, *cada cosa tiene su hora*. Chegou o momento, fíxose a xestión e temos o resultado que temos: un 55% de diminución das tarifas para todos os ourensáns. Iso é o que nos vale e o que queremos. Se a Biblia di que *toda cosa tiene su hora*, pois chegou o momento. Polo tanto, só me resta dicir aquí que é o mellor prezo. *La ciencia lo dijo y yo no miento*.

O contido íntegro das intervencións transcricas anteriormente recóllese no punto 5º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 5º](#).

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (14) e o voto en contra do Grupo Socialista (8), de Democracia Ourensana (2) e do BNG (1), o Pleno adopta o seguinte acordo:

Aprobar a modificación do contrato de concesión para a explotación do estacionamento para vehículos en terreos anexos ao Hospital Santa María Nai, con efectos do 1 de xullo de 2018, no relativo ás tarifas do servizo e ao canon concesional, quedando nos seguintes termos:

Tarifas xerais:
- Primeiros 30 minutos: 0,00 €/minuto.
- Seguintes 30 minutos: 0,025 €/minuto.
- Resto do tempo: 0,020 €/minuto.

Tarifas especiais	Importe	OBSERVACIÓNS
Bono 4 días	30,00 €	<i>*Pódese saír as veces que se queira con distintos vehículos.</i>
Bono 7 días	42,00 €	<i>*Pódese saír as veces que se queira con distintos vehículos.</i>
Bono 15 días	59,00 €	<i>*Pódese saír as veces que se queira con distintos vehículos.</i>
Bono 1 mes	90,00 €	<i>*Pódese saír as veces que se queira con distintos vehículos.</i>
Bono empregados CHUOU (200 horas)	40,50 €	<i>*Pódese saír as veces que se queira, con caducidade 1 ano.</i>
Bono 30 horas	29,00 €	<i>*Ata esgotar o saldo, caducidade de 1 mes.</i>
Bono residentes	39,00 €	<i>*De luns a venres de 19.00 a 09.00 horas e sábados, domingos e festivos as 24 horas.</i>

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xuño de 2018
--

Tícket disuasorio	7,50 €	<i>*Paga por adiantado, unha única saída e caducidade 24 horas.</i>
-------------------	--------	---

Canon que deberá aboar a concesionaria:

- Ano 2018: 37.819,13 euros.
- Ano 2019 e seguintes ata a extinción da concesión: 26.375,50 euros.
- co voto favorable do Grupo Popular (14), do Grupo Socialista (8) e do BNG (1), e a abstención de Democracia Ourensana (1), o seguinte acordo:

6º.- MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA SOBRE OS DEREITOS DA CIDADANÍA ESPAÑOLA NO EXTERIOR.-

O Sr. presidente anuncia que a esta moción presentou unha emenda de substitución o Grupo Popular e cédelle a palabra ao Grupo Socialista para que expoña o contido da moción.

D. Francisco José Fraga Civeira, portavoz do Grupo Socialista: moitas grazas señor presidente. Teño que relatar algo, como algo previo antes de entrar na moción, que é que, hai uns días, no Diario de sesións do Senado saíu publicada a admisión a trámite desta proposición de lei con resultado de práctica unanimidade, 245 votos a favor e creo que unha única abstención; non sei se son 245 ou 254, pero, en todo caso, saímos de dúbidas agora, 254 votos a favor.

É certo que esta moción nós presentámola xa no mes pasado, en maio, pero como tiñamos varias mocións quedou aparcada ata este Pleno. É certo que esta proposición de lei, esta tramitación, arranca cun acordo considerable, case unánime, e onte falando co señor (non sei se vai levar el o tema ou non) vicepresidente falabamos da posibilidade de retirar esta moción en vista dese acordo acadado en sede parlamentaria. Pero certo é que esta tramitación ten que continuar, ten que ser agora tomada en consideración polo Congreso, volver ao Senado para que, en comisión, sexa elaborado o texto definitivo; texto que se se aparta, dun xeito sensible, da proposta inicial de admisión a trámite, terá que ser aprobada definitivamente polo Congreso.

En todo caso, nós o que queremos, pese a isto, é manter esta moción porque queremos que esta Deputación, entendemos que debe de pronunciarse sobre este tema;

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xuño de 2018
--

tendo en conta que haberá moitos beneficiarios desta modificación normativa orixinarios desta provincia ou con antepasados nesta provincia que se van ver beneficiados dela. Por iso, máis alá do trámite parlamentario que xa estea avanzado, nós manteos a moción, entendemos, xa digo, por ese motivo que se pronuncie esta Deputación.

A moción o que pretende é algo moi sinxelo que se modifiquen determinados aspectos da Lei de nacionalidade e que se inclúan determinados supostos que quedaron fóra; é dicir, aquelas españolas que emigraron para fóra, antes do 78, e que se casaron antes do 78, os seus fillos -como a muller perdía a nacionalidade- teñen dificultades, ou véñse imposibilitados, para adquirir a nacionalidade de orixe. Tamén aqueles descendentes de exiliados políticos que se acolleron á disposición adicional da Lei de memoria histórica que eran maiores de idade e tamén tiveron dificultades para poder acceder e tamén de aqueles que marcharon por cuestión económicas, e tamén aqueles que emigraron non renovaron no seu tempo, ou perderon, ou renunciaron á nacionalidade española e aqueles que non a recuperaron no seu momento.

Son catro supostos os que recolle esta proposta e os que recolle esta modificación que nós entendemos que vanlle facilitar moito a posibilidade de recuperar esa nacionalidade en orixe dos descendentes de tantos e tantas migrados desta provincia. Moitas grazas.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións.

D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do BNG: grazas señor presidente. Houbo dúas modificacións relevantes en materia de nacionalidade, no 2000 e no 2007, que estenderon o dereito a acceso á nacionalidade a fillos e netos de españois por razón de orixe, aínda que xa nacesen na emigración. Nós defendemos que esa era unha opción válida, de xeito similar ás normas que promulgaron países con grande tradición migratoria, como Irlanda ou Italia; tamén porque eses debates que se deron en momentos de graves crises nos países de acollida e permitía que descendentes de emigrantes galegos e galegas retornasen na procurar mellores condicións de vida.

Outra cousa diferente é que, con independencia de outorgar a nacionalidade para ter unha expectativa de retorno, os dereitos políticos e algúns sociais se estendan cando residen fóra e non teñen relación con Galiza. Niso sempre defendemos o acceso amplo á nacionalidade, pero a recuperación de todos os dereitos tiña que ser outorgada cando

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xuño de 2018
--

manifestaran a vontade de regresar ou cando menos ter vínculos máis directos: ter residencia temporal, regresar cada certo tempo; pero, desde logo, manter como latentes os dereitos de nacionalidade se non había ningunha proba ou evidencia de contacto co país, aínda que fora esporádico.

Tampouco ten sentido o argumento da emigración recente, porque a diferenza doutra emigración económica de hai décadas que consolidaron o exilio exterior, neste caso haberá que avogar por crear condicións económicas e sociais para que retornen canto antes e non prolonguen a estadía no estranxeiro, e dentro de 1 ou 2 décadas teñamos de novo outra *tanda* de galegos e galegas no exterior que consolidaron a súa residencia fóra por non ter condicións para o regreso. En resumo, debe haber unha resposta para xeracións anteriores, e para as actuais a resposta ha de ser que volvan ao país para vivir e traballar nel e poder contribuír a crear riqueza aquí e non no exterior.

Por iso, e dado que a moción é xenérica e só unha declaración de intencións, nós imos votar a favor pero insistindo no feito de que ha de ser para solucionar situacións máis do pasado que da emigración actual e tamén para dar unha ferramenta a descendentes de orixe, máis, insisto, que a plena adquisición de dereitos políticos e sociais ten que estar condicionada a manter certo vencello co país e non exercer de galegos de pleno dereito os fillos de 3ª ou 4ª xeración que nunca pisaron Galiza; si de ter o recoñecemento para que poidan exercer cando haxa ese vencello por residir permanentemente ou sequera periodicamente. De momento nada máis. Moitas grazas.

D. Gonzalo Pérez Jácome, portavoz do Grupo de Democracia Ourensana: hola. Me hace gracia porque en la anterior moción votamos en contra porque estamos a favor de que se bajen las tarifas, pero no del modo en que se hace, bajando el canon porque sigue siendo un robo. Me hace gracia porque, a lo mejor, la prensa mañana titula: la oposición en contra de que se bajen las tarifas en el Hospital. A lo mejor titulan eso, que sería cachondo.

Antes también dijo Rosendo, no vengo a hablar aquí de los fondos de inversión. Eso es como si a una persona le acusan de que un político ha robado, ha comparado un chalé y dice: no, yo vengo a hablar aquí de chalés. ¡Vaya razonamiento!

Pues de este tema, de esta moción que trae el PSOE creemos que puede ser una moción bastante importante; lo que pasa es que no procede porque es una moción que no es de nuestra competencia, es una competencia nacional, y además no es particular de Orense.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xuño de 2018
--

Entonces, nosotros creemos que estas mociones nunca se deben debatir ni votar a nivel local; por eso nos vamos a abstener.

D. Rosendo Luís Fernández Fernández, do Grupo Popular: grazas señor presidente. Vamos a ver, efectivamente xa explicou o señor portavoz do Partido Socialista, esta moción do Partido Socialista está asinada o 11 de maio. Hai uns días démonos conta que o 18 de xuño foi admitida a trámite no Senado, ten que ter o seu recorrido e estivemos falando onte por se se retiraba ou non se retiraba; mantense, todos os respectos.

Dito isto, como foi admitida a trámite e nós xa tiñamos a emenda, no só para agora, senón para o 11 de maio; porque ía a entrar o 11 de maio, despois non entrou e, vistos os novos acontecementos sobrevidos, o que imos a facer é retirar a emenda, porque xa hai outra cuestión polo medio, e vamos a seguir o trámite feito xa no Senado con 255 votos emitidos e só houbo unha abstención. Polo tanto, non vamos aquí, dende a Deputación de Ourense, emendar a admisión a trámite do Senado. Parecía iso irrelevante.

Pero si que quero dicir unha cousas, señor Fraga Civeira. Teñen vostedes que cambiar de chip, porque cando puxeron esta iniciativa, esta moción, era o 11 de maio, vostedes era oposición, pedían, pedían; pero agora teñen que legislar vostedes, non sei se cos secesionistas, ou sen eles -ao mellor eles están máis por desenterrar cadáveres-, pero teñen que legislar, polo tanto agora iso de vir aquí a instar ao goberno, pensen que instar ao propio goberno non está moi ben. É un consello, ás veces hai que demandar, si; pero instar ao propio goberno, *bueno*, teñen que ser un pouco selectivos.

Tamén lles quero recordar que a Lei 52/2007, que vostedes nomean repetidamente no texto, que non dea vergoña dicilo, é a Lei da memoria histórica, a lei de Zapatero, aquela lei que venderon vostedes como a panacea da reconciliación. Pero vostedes querían facer unha reconciliación política, pero non daban a contía económica para axudar á xente, aos españois do exterior e agora veñen coas rebaixas. Dicir, efectivamente, que a Lei 52/2007 de memoria histórica, non tiveron en conta os casos en que se produciu unha emigración de tipo económico. Pero o Partido Popular, que estaba na oposición no Congreso cando isto, xa dixo que era unha lei eminentemente política e vostedes non lle fixeron caso ao tema económico. No 2007, finais do 2007 que é a Lei, de decembro de 2007, 26 de decembro, se non recordo mal era cando vostedes falaban, perdón, Zapatero falaba da Champions League da economía. *Oiga*, se estaba na Champions League da economía, ¿como non se acordaron dos españois do

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xuño de 2018
--

exterior para esas axudas? No, deixaron pasar o tempo, o 11 de maio vostedes non crían, para nada, que poderían ser goberno en xuño e mantiveron a cuestión.

Polo tanto, o que estamos a debater aquí é un déficit daquela Lei de memoria histórica do señor Zapatero que ía ser a panacea e ía reconciliar a todos os españois. Nin unha cousa nin a outra, polo tanto, hai que ter determinada coherencia e unha vez dito isto, porque me apetecía dicilo, porque era unha lei do Partido Socialista, que foi incompleta e deficitaria e querían corríxila agora pensando que seguían na oposición; nós vamos a seguir e a proseguir dándoa por boa porque a admisión a trámite feita no Senado or unha maioría *aplastante*, non imos ser nós, dende a Deputación, quen a emendemos. Nada máis e moitas grazas.

D. Francisco José Fraga Civeira, portavoz do Grupo Socialista: moitas grazas señor presidente. Vou a ir por partes como fan nas carnicerías. Vamos a ver, permítaseme a broma.

Señor Rodríguez Suárez, mire, trátase dunha cuestión de corríxir uns erros que existían e facilitarlle á xente, aos descendentes da xente que emigrou por moi diversas razóns; pero ningunha delas por pracer. Eu creo que se trata de corríxir unha serie de erros e darlle entrada a algo que outros países, máis protectores coa súa nacionalidade de orixe e cos descendentes nacionais de orixe, fan; como vostede relatou xa dous casos, Irlanda e Italia que damos por bos.

Señor Jácome, eu creo que no de instar, cando se trata de cousas xustas, eu creo que non debe de haber impedimento ningún e isto si nos afecta a moita xente e a moitos descendente desta provincia. Raro é familia na que non haxa algún emigrado, sobre todo en países de Latinoamérica, sobre todo máis antigo, en Europa tamén; pero, neste caso, aféctalle máis a emigrados en países de Latinoamérica.

E señor Fernández, a ver, poderíalle contestar, moi sinxelo, coa cita que vostede me dixo antes porque os tempos son chegados. O Eclesiastés vale para todo, incluso vale para min, fíxese vostede. Pero mire, eu agradézolle o seu apoio, como non é doutra maneira, a esta proposta; pero fálame vostede de coherencia, fíxese ata que punto somos coherentes que, pese a cambiar de goberno, mantemos a mesma moción. ¿Por que? Porque eu creo que isto vai máis aló de goberno. Pero tamén lle digo outra cousa, cambiou o goberno, pero é que esta Lei e todas as leis apróbanse no Parlamento. Sigue sendo o mesmo, non mudou,

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xuño de 2018
--

sigue tendo os mesmos representantes. Polo tanto eu creo que coherencia, neste caso, a nosa; seguimos reivindicando o mesmo que reivindicabamos.

Despois, fálame vostede que a Lei da memoria histórica que eu non teño inconveniente en falar dela, non lle vou entrar no resto todo porque iso de traer todo a colación é máis propio do señor Jácome e non de vostede; pero eu non lle vou a entrar nesa cuestión, voulle ir ao gran. Mire, fálame vostede de que a Lei de memoria histórica que é unha lei política e eu preguntolle ¿que lei non é política? Todas as leis son políticas, todas as leis teñen un posicionamento e obedecen a un posicionamento político. Neste caso, pois si, a Lei de memoria histórica corrixiu determinados supostos, pero non todos. Fíxese o que lle vou dicir, mire, vostedes, por dicir algo, sacaron adiante en 2015, gobernando vostedes, a Lei 12/2015 do 24 de xuño en materia de concesión de nacionalidade española aos sefardís orixinarios en España. Que mellor ocasión que esta lei para aproveitar e meter estas situacións que se queren corrixir agora con esta reforma, ou ¿por que non, sefardís, por que non os moriscos tamén que foron expulsados de España no seu momento, aos descendentes dos moriscos, ou dos ecuato-guineanos, ou dos saharauis? É dicir, é que xa postos así... Isto obedece a unha situación moi concreta, a uns supostos moi concretos que eu agradézolles, moi seriamente, o seu voto a favor e o seu posicionamento en algo que, xa digo, que nos afecta moito a esta provincia e é algo que eu entendo que é tamén de xustiza. Moitas grazas.

D. Gonzalo Pérez Jácome, portavoz do Grupo de Democracia Ourensana: sí, dos cosas. Primeiro, antes dijo el portavoz del PSOE que *como dicen en las carnicerías, vamos por partes*; a mí me gusta más la versión de *como decía Jack el Destripador*, más bonito ¿no? Por cierto, Baltar, a ti que te gusta el inglés ¿sabes cómo se dice Jack el Destripador en inglés? Jack the Ripper, el desgarrador.

Un tema que nos ha dicho sobre el tema este de que Democracia Ourensana va abstenerse en esta moción que es muy importante, que nos afecta a todos; es cierto, pero también las cosas que haga la NASA nos afectan a todos y no creo que debamos instar aquí a la NASA ciertos temas. Mantenemos nuestra política de que en temas que no son locales y no son particulares de Orense, nosotros nos abstenemos y creemos que estas mociones no proceden. De hecho, lo vemos en la gente, en la calle, que nos dice *¿pero cómo habláis allí de esos temas?*

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xuño de 2018
--

D. Rosendo Luís Fernández Fernández, do Grupo Popular: si, grazas señor presidente. Señor Fraga Civeira, a coherencia a nosa; o 11 de maio, cando vostedes rexistraron e xa se debateu en comisión, deuse a coñecer en comisión, xa nós tiñamos a emenda e a emenda que tiñamos trouxémola, só se cambiou ao ver agora a admisión a trámite do Senado. Polo tanto, a coherencia tena o Partido Popular; ten a mesma emenda cando estaba gobernando que agora que está na oposición.

Segundo, lei política, por suposto que as leis todas teñen a súa parte política. Pero mire vostede, no 2007, finais do 2007, estando na Champions League da economía que menos que, a parte da variable política, darlle axuda aos españois do exterior, que abundabamos en euros por todas as partes, ¿non era así? Pero non nos acordamos, nin de eses nin dos outros colectivos que vostede acaba de dicir e foi cando se lexislou. É o que quería dicir.

Polo tanto, home, sempre hai eivas e nunca nos acordamos de todo cando lexislamos, ou cando queremos apoiar; pero só dicir iso porque da mesma maneira que abundabamos en euros e a economía estaba, estaba, bueno.... É máis, no 2008 foi cando se dixo aquilo *y esta va a a ser la legislatura del pleno empleo*, case foi a do pleno desemprego, pero se dixo que era a do pleno emprego. Pleno emprego, máis abundancia de economía, ¡que menos que axudas aos españois do exterior! Caía moi ben, non había que *estrujarse* as meninxes para dicir non me acordei; non, era así. As cousas foron como foron e son como son. Polo tanto, repito, nós vamos a aprobala porque nos parece de xustiza e, sobre todo, sendo galegos.

D. Francisco José Fraga Civeira, portavoz do Grupo Socialista: moi breve para agradecer de novo o sentido de voto. Dicirlle a Democracia, o señor Jácome non está, pero dicirlle ao representante de Democracia Ourensana que, con esa xente coa que se crucen na rúa, que lles pregunten se teñen algún familiar, por exemplo, sen ir máis lonxe, en Arxentina e, se os descendentes dese familiar, dan accedido ou non ou que problemas teñen para acceder á nacionalidade española. Entón verán que si, que si que nos afecta a esta provincia e que si lles afecta a eses cidadáns.

Señor Rosendo, ¡home!, eu congratúlome da coherencia, alégame que compartamos coherencia. De todas as maneiras, home, vostede insísteme por segunda vez a ver se eu lle vou a entrar nesa cuestión económica da crise económica. Mire, tratase disto, é certo que se todo é política, todo ten a súa parte económica e o seu trasfondo económico; pero aquí trátase, neste caso, de recoñecer uns dereitos e de reparar unhas situacións de

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xuño de 2018
--

inxustiza que, por certo, xa llo dixen, vostedes tamén o puideron facer no ano 2015 á par que lle concederon a nacionalidade aos sefardís. Moitas grazas.

O contido íntegro das intervencións transcritas anteriormente recóllese no punto 6º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 6º](#).

Non se producen máis intervencións e unha vez que o Grupo Popular retirou a emenda de substitución, sométese a votación a moción e, co voto favorable do Grupo Popular (14), do Grupo Socialista (8) e do BNG (1), e a abstención de Democracia Ourenzana (1), o Pleno adopta o seguinte acordo:

- Instar ao Goberno de España e ás Cortes Xerais para que aproben e poñan en marcha, de forma inmediata, unha Lei de Nacionalidade, procurando o máximo consenso entre todas as forzas políticas, que recolla os dereitos de cidadanía dos españois e das españolas no exterior. Baseándose nos supostos anteriormente mencionados e os que recollen os acordos do Consello Xeral da Cidadanía no Exterior, a Lei dará resposta ás situacións dos descendentes de españois/las que non puideron acceder á nacionalidade por motivo de xénero ou idade na última modificación nesta materia.

7º.- MOCIÓN DO GRUPO POPULAR PARA MODIFICACIÓN DOS CRITERIOS DE CONCESIÓN DE NOVAS AUTORIZACIÓNS PARA A PLANTACIÓN E AMPLIACIÓN DE VIÑEDOS.-

O Sr. presidente anuncia que o BNG presentou unha emenda de adición a esta moción, e cédelle a palabra ao Grupo Popular para que expoña o contido da moción.

D.^a Ana María Villarino Pardo, do Grupo Popular: grazas presidente. Moi bo día a todos. Ultimamente parece que traballar e, consecuentemente, vivir no rural estase a converter nunha tarefa difícil. Ás distintas inclemencias meteorolóxicas, das que xa falamos en Plenos anteriores -xeada, seca, pedra-, súmanse agora atrancos normativos que impiden, neste caso, o crecemento dun sector tan importante na provincia de Ourense como é o vitivinícola.

A aplicación normativa europea, o Regulamento da Unión Europea 1308/2013, que establece un sistema de xestión de plantación de viñedos baseado en autorizacións e que di

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xuño de 2018
--

o artigo 64.1 do Regulamento da Unión Europea: *os Estados membros poderán aplicar un, ou varios, dos seguintes criterios obxectivos e non discriminatorios de admisibilidade:*

- a) *O solicitante disporá dunha superficie agrícola non menor que a superficie para a que se necesita autorización (cousa que parece coherente)*
- b) *O solicitante terá capacidade e competencia profesionais adecuadas.*
- c) *A solicitude non suporá un risco significativo de apropiación indebida de reputación de Denominacións de Orixe protexidas específicas, o que se presumirá ao menos que a esixencia de tal risco quede demostrada polos poderes públicos.*

Pois ben, a normativa europea aplícase en España mediante o Real decreto 772/2017 do 28 de xullo e é, precisamente, no artigo 8 do dito Real decreto onde xurdiu a alarma entre os viticultores e bodegueiros da nosa provincia, por ser este cun carácter moi restritivo. Onde o Regulamento da Unión Europea dicía *un ou varios criterios*, o artigo 8 do Real decreto di: *o solicitante deberá cumprir os seguintes requisitos:*

- a) *Ter á súa disposición, para poder realizar unha plantación de viñedo, en propiedade, ou en réxime de arrendamento ou aparcería ou calquera outra forma conforme a dereito que se poida demostrar mediante documento liquidado dos correspondentes tributos, a superficie agraria para a que solicita a autorización na comunidade autónoma que se vai a plantar (aquí como dixemos, non hai ningún tipo de problema)*

Pero no apartado b), onde di: *ter a capacidade e competencia profesionais adecuadas, que se considerará cumprida se o solicitante cumpre, á data da presentación da solicitude, algunha das seguintes condicións*. Aquí é onde atopamos a problemática cos nosos viticultores e adegueiros:

O primeiro di: *ter cinco anos de experiencia profesional acreditada na alta no Réxime da Seguridade Social, ou no seu caso, 30 horas lectivas por cada ano non acreditado*. Se non ten ningún ano acreditado, 5x3, 150 horas de cursos de formación.

2.º *Superar as probas de capataz agrícola ou estar en posesión de títulos académicos de formación profesional.*

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xuño de 2018
--

3.º *Posuír certificado de asistencia e aproveitamento aos cursos de instalación á empresa agraria e outros cursos complementarios cunha duración mínima de 150 horas, recoñecidos por calquera comunidade autónoma.*

4.º *Solicitante ao que se lle concedera algunha axuda á instalación de novo agricultor.*

Este criterio choca, dende logo, abertamente coa realidade do noso sector na provincia de Ourense e tamén en Galicia; xa que Ourense conta con catro das cinco Denominacións vitivinícolas da Comunidade Autónoma, pois os nosos adegueiros non son agricultores, xa que son empresarios autónomos cunha industria de transformación agroalimentaria e os nosos viticultores teñen outras actividades profesionais.

Como dixen, o sector vitivinícola é moi importante na nosa provincia, xa que contamos con catro das cinco Denominacións vitivinícolas da Comunidade Autónoma. Os últimos datos, referidos ao exercicio 2017 que, por certo, foi un mal ano para o sector vitivinícola, contamos con 259 bodegas, 7.801 viticultores, máis 4.211 hectáreas e máis de 20 millóns de quilos producidos.

Os Consellos Reguladores, cos que estivemos falando non poñen en dúbida que, efectivamente, hai que limitar o intrusismo no sector; pois non adquirir viñedo unha empresa, por exemplo, que se dedique ao cemento. Pero, dende logo, non se pode entender que non se considere viticultor a unha bodega que conta cun código de rexistro vitivinícola e fai declaración anual da colleita; cousa que, de acordo coa aplicación deste Real Decreto, así sucede.

Por todo isto solicitamos a este Plenario que se adopten os seguintes acordos:

1.º.- Instar ao Ministerio de Agricultura, como administración responsable da concesión de autorizacións, a modificar de xeito urxente o Real decreto 772/2017, do 28 de xullo, recollendo nos criterios de admisión de solicitudes a especificidade do sector na provincia de Ourense, que tamén concorre en Galicia.

2.º.- Instar á Xunta de Galicia, como administración responsable da tramitación e supervisión das solicitudes, a estudar de xeito urxente as medidas necesarias que permitan adaptar os criterios de concesión de novas plantacións á realidade do sector na provincia de Ourense, que tamén é de Galicia.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xuño de 2018
--

3º.- Instar á Xunta de Galicia, en colaboración coa Deputación Provincial de Ourense e os Consellos Reguladores de denominación de orixe do viño, a poñer en marcha un plan de formación que permita acreditar a viticultores e adegueiros a capacidade e competencia profesionais recollidas no artigo 8 do Real decreto 772/2017.

É evidente que as Denominacións de Orixe non se poden deslocalizar, máis ben este é o seu principal valor e, polo tanto, consideramos que este Real decreto choca frontalmente coa política de atraer xente para vivir no rural.

Dende o Grupo Popular e dende a Deputación consideramos que se debe de favorecer o crecemento das bodegas e dos nosos viticultores para que se poida seguir traballando e, consecuentemente, vivindo no rural. Nada máis e moitas grazas.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do BNG: moitas grazas señor presidente. Ben, primeiro vou a entrar a explicar cal é o noso posicionamento sobre o fondo da cuestión e despois direi tamén algunha cousa sobre a propia moción.

Temos que recordar que o 12 de decembro, distintos sindicatos agrarios reclamaron, na xuntanza do grupo de traballo sectorial no Ministerio de Agricultura en Madrid, uns criterios máis xustos nas autorizacións para plantar viñado. Paréceme oportuno, para este debate, analizar o que alí se expuxo.

Falaron de defender a necesidade de mudar os criterios de adxudicación de viñedos nos repartos vindeiros, xa que nos actuais estanse a primar persoas alleas ao sector agrario, o cal supón unha clara discriminación para a mocidade galega labrega e para os profesionais da viticultura. En concreto, as súas críticas cara ao actual réxime de concesión de autorizacións de plantación de viñado, que son válidas tanto para Galicia como para o resto do Estado, foron as estas:

Cos criterios actuais, nalgúñas comunidades autónomas hai solicitantes que recibiron máis hectáreas cás dunha explotación media, o que supón comezar gratis a actividade superando a media de superficie que posúen os viticultores e viticultoras profesionais. Ademais, estes mesmos solicitantes, se non plantan até 2019, poderán seguir pedindo máis plantacións nos dous vindeiros anos.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xuño de 2018
--

Moitas das persoas beneficiadas nin son nin serán nunca viticultoras, xa que os criterios para ser considerado Xefa de explotación permiten case a calquera poder solicitar plantacións. O que sucedeu foi que moitas solicitudes foron feitas por mozos e mozas que non teñen relación coa viticultura, que foron utilizados como *testaferros* coa intención de pasar, ao cabo duns anos, as viñas aos seus verdadeiros cultivadores. Aquí tamén aclarar que, aínda que estes casos existen, tamén dicir que non é xeneralizada e tampouco debemos transmitir unha idea de que existe unha fraude nesta cuestión. En todo caso, si que é unha problemática que deberíamos ter en conta.

Por outra banda, ficaron sen plantacións os mozos e mozas viticultores que se deron de alta nos últimos anos, co agravante de que se para estas adxudicacións é requisito indispensable non contar con viñado ao seu nome, para poder acceder á axuda de primeira instalación moitos tiveron que mercar dereitos de plantación. Esta é, para o BNG, a clave da cuestión. Os mozos que queren acceder a novas plantacións teñen que ser xefes de explotación; é dicir, teñen que ter explotación agraria activa e, polo tanto, ter ingresos agrarios e acreditar experiencia profesional, pero nunha orientación produtiva distinta do viñado. É dicir, un mozo que se instalou hai un ano, dous ou tres, nunha explotación de horta, carne ou leite, e polo tanto estar inscrito no REAGA pode solicitar novos dereitos; mentres que si ten viñado, ou sexa, que se está inscrito no RVG, non poderá acceder a novos dereitos.

Parécenos absurdo, e aquí é onde cremos que o Ministerio debería cambiar, xa que nos prexudica clara e amplamente porque seguramente case todas as denegacións para mozos foron por esta razón. O normal é que un mozo ou moza se instale como novo agricultor na instalación familiar, polo tanto, de viñado; ou incluso nunha explotación nova ou preexistente aínda que non sexa familiar. Pero nas nosas Denominación de Orixe o máis normal e que teñan como orientación produtiva principal ou secundaria, a vitícola.

Por outra banda, e ao non existir limitación na cantidade de superficie concedida, beneficiáronse máis os que maior superficie solicitaron e tamén quedaron fóra do reparto as pequenas explotacións vitícolas que precisan aumentar viñado para a súa propia supervivencia.

Na valoración dos criterios de prioridade outorgábaselle 1 punto por *mozo novo viticultor* -insisto no que explique antes, na penalización que significa para nós ser novo

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xuño de 2018
--

viticultor -, 4 puntos por *bo comportamento previo do solicitante*, 4 puntos polo tamaño da explotación, en función do tamaño: 1 hectárea, 4 puntos; ente 1 e 2 hectáreas, 3 puntos, etc...

Contra esta inxusta situación, os sindicatos xa propuxeron mudar os criterios de adjudicación. En primeiro lugar, todos os solicitantes deberían ter demostrar a capacidade e competencia profesionais como agricultores, para isto debería definirse máis claramente a figura de *xefe de explotación* para mozos e mozas sen viñado. E para ser beneficiarios, neste ano 2018, os requisitos foron os que xa se explicaron: dispoñibilidade de basicamente e cinco anos de experiencia profesional acreditada

No que se refire á súa moción, en primeiro lugar temos que dicirlles que nos parece, creo que xa llo dixeron tamén na propia comisión informativa, oportunista. Preguntámonos ¿por que traen agora a aprobación esta iniciativa e non a presentaron cando tiveron responsabilidades de goberno? porque vostedes, señores e señoras do Partido Popular, eran perfectamente coñecedores desta problemática e das demandas do sector. Un deputado seu, ademais de membro da Comisión de Medio Rural, foi presidente do Consello Regulador do Ribeiro. Insistimos, ¿po que hoxe son reivindicativos e hai escasas semanas non?

Por outra banda, na exposición de motivos di que *para acceder ás autorizacións de nova plantación será imprescindible acreditar que a actividade agrícola é a principal actividade do solicitante*. Isto non é de todo certo. Precisamente, para acreditar que se é xefe de explotación ou que se ten experiencia profesional hai que demostrar que a explotación existe e, polo tanto, que hai ingresos agrarios; pero en ningún caso esixe que sexan superiores ao 50% da renda total, para acreditar que se trata da actividade principal.

Esta moción parece que está máis enfocada ao problema que están tendo as persoas xurídicas -basicamente adegas en forma de sociedades, cooperativas, etc- que hoxe son bastantes; porque no caso de persoas físicas, os solicitantes teñen que acreditar os requisitos que expliquei antes. E as persoas xurídicas son os titulares de máis do 50% das participacións os teñen que acreditar que cumpren eses requisitos. Aí reside, en gran parte, a dificultades das nosas adegas. Por exemplo, nunha adega con catro socios ao 25%, tres socios polo menos teñen que acreditar cinco anos de experiencia profesional acreditada e ter ingresos agrarios. Outro exemplo tamén frecuente, nunha adega con tres socios -pai,

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xuño de 2018
--

nai, fillo;o 33% cada un-, os pais xubilados, non poden acreditar ingresos agrarios; máis do 50% dos socios, por estar xubilados, pois, consecuentemente, quedan fóra.

Remato, en base ao exposto, estamos de acordo no esencial coa súa proposta, pensamos que é acaída; en todo caso, nós si tamén lle solicitaríamos que tiveran en conta a nosa emenda, que é unha emenda de engádegas e que, literalmente, aínda que todos vostedes xa dispoñen dela, di o seguinte, sería, como digo unha emenda de adición aos tres puntos que xa nos formulou:

Instar ao Goberno do Estado para que garanta que os/as mozos/as instalados/as en explotacións agrarias de orientación produtiva vitícola ou vitivinícola poidan acceder ás novas plantacións para poder ampliar a base territorial da explotación.

De momento nada máis, moitas grazas.

D. Armando Ojea Bouzo, do Grupo de Democracia Ourensana: ola bos días a todos. Antes de nada, escusar a ausencia do meu compañeiro; deume o recado de que, como non se puido despedir en persoa que, como xa dixó, tivo que acudir como *testigo* a un xuízo, desculpar a súa ausencia.

Realmente, escoitando falar a quen me antecedeu na palabra, poderíamos pensar aquilo que se di: *a can fraco, todo son pulgas*; porque nunha provincia na que temos falado tantas veces, tan falta de recursos económicos, tan envellecida, na que o rural está sistematicamente castigado, etc... que as leis se fagan, como xa se ten falado aquí, dende despachos afastados, nos que non se baixa a coñecer a realidade, neste caso a realidade concreta da provincia de Ourense, nos que se legisla e se normativiza dende a abstracción. Despois, claro, veñen as cuestións como estas como moi ben expuxo a portavoz da moción, a señora Villarino.

Nós, xa adianto que imos a votar a favor da moción e a favor da emenda do BNG porque si, parece ser que a intencionalidade, ao mellor, é favorecer, máis que nada, a esas grandes adegas e non tanto aos pequenos colleiteiros. Tamén facemos nosa a reflexión que fixo a cerca do oportunismo da moción, porque o señor Viso, noutro momento, non a sacou a colación, etc...

Xa digo, escoitándoos falar véuseme á cabeza aquela frase daquel famoso rei que dixó: *non mandei á miña flota a loitar contra os elementos*. Aquí é, despois de que todos os viñedos loiten contra os elementos, eu non mandei aos meus viñedos loitar contra a

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xuño de 2018
--

burocracia. Porque, realmente, como digo, un dos poucos recursos que lle quedan á provincia de Ourense, que é o viño, xa se dixeron as Denominacións de Orixe que están asentadas aquí, aínda en cima cunhas normas como estas, e como tamén dixo a señora Villarino, lonxe da realidade e lonxe do coñecemento práctico pois pode terminar por darlle a puntilla, a menos que se teñan en conta instancias e solicitudes como as que se falan na moción.

De momento nada máis, sinxelamente adiantar que votaremos a favor por estes momentos e porque as cuestións obxectivas que se poderían tratar dalgunha maneira xa foron tratadas por quen me precedeu na palabra. Grazas.

D. Vicente Gómez García, do Grupo do PSOE: ola, bos días a todos. Nós vamos votar tamén a favor da moción. Home, por recordar un pouquiño o Regulamento do ano 2013, que entraba en vigor no ano 2016, o Goberno xa non fixo ben os deberes porque xa daquela, en vez do 1%, o que fixo foi aplicar o 0,5% de ampliación. Paréceme que é así.

Despois fíxose o Decreto lei de xullo do ano 2017 e a verdade que expoñer todas as dificultades que teñen aquí os agricultores eu creo que a autora da moción expuxo bastante claro; pode haber máis dificultades, depende, porque cada cal terá as súas dificultades, pero si que hai unhas que son básicas que son as que están aí.

Se ben, eu incluso, ao mellor, na moción intentaría instar ao Ministerio a que esas competencias foran da Xunta de Galicia porque a verdade é quen ten as competencias, paréceme, nesa materia.

Tamén, como dicía o señor Ojea, o tema este de oportunismo non vou a entrar nel; pero si que nós deberíamos levar igual posiblemente todos un pequeno tirón de orellas, algúns con máis motivos que outros, porque outros estaban no partido do grupo de goberno e fíxose ese decreto e tampouco ninguén dixo nada diso. Pero, claro, despois hai outros que si teñen que levar dous tiróns de orellas, como o señor Viso que, aínda en cima, é vicepresidente da Comisión de Agricultura e non interesarse nada por iso; polo menos pór en aviso á cidadanía de Ourense para poder protestar e poder facer algo para mellorar iso.

De todas formas creo que a moción está perfectamente, vámolos apoiar e o único que diría é que, ao mellor, non sei se sería posible a posibilidade de instar ao Ministerio a que esas competencias sexan da Xunta de Galicia porque sería un reparto moito máis fácil e moito mellor de facer. Nada máis e moitas grazas.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xuño de 2018
--

D.^a Ana María Villarino Pardo, do Grupo Popular: moitas grazas presidente. Dicirille ao señor Rodríguez Suárez que non sei a que se refire cando fala, ou insinúa algo de fraude. Esta é unha problemática que nós constatamos cos distintos adegueiros e bodegueiros das catro Denominacións de Orixe. Falaba de que, nun principio, só lle afectaba ás adegas e non aos viticultores. Eu teño aquí unha carta, precisamente, dunha DO que non é a de Monterrei, que neste caso é do Ribeiro, na que se lle contesta a unha comunidade de bens de dous agricultores na que se lle di que *non acreditan que a persoa física, ou persoa xurídica, dispoña de capacidade e competencia profesional adecuada*. Isto é ao que nos referimos e afecta por igual tanto a viticultores como a adegueiros.

Con respecto á adenda que vostedes presentan a esta moción, nós estamos de acordo en aceptala; aínda que entendemos que é máis doado que un mozo poida ter as 150 horas de formación ás que se fai referencia, ou, unha vez que o novo mozo incorporado ao sector agrario, tamén xa poden acceder. De todos os xeitos, a nós parécenos ben reforzar esta adición que vostedes presentan e estaremos a favor de incluíla.

Con respecto aos tres grupos que falan de que si é unha moción oportunista. Pois miren, esta moción foi xestada cando o inquilino da Moncloa se apelidaba Rajoy. Nós daquela, a verdade, é que non sabiamos que, cando íamos debater, cambiaría o inquilino e sería o señor Sánchez; pero dígolles máis, nós non o sabiamos, pero dende logo vostedes nin o soñaban. Nada máis e moitas grazas.

D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do BNG: si, simplemente para aclarar, porque ao mellor non se me entendeu ben na miña primeira intervención ao respecto do que dixó agora. Eu dicía que na reunión esta que tiveron os sindicatos e alí expuxeron varias eivas do que consideraban, ou críticas ao funcionamento actual. Unha das eivas que detectaban era que moitas persoas beneficiadas non ían a ser nunca viticultores, porque os criterios para ser considerado xefe da explotación permitían que case calquera puidera solicitar plantacións e que isto podería ser aproveitado para que moitas solicitudes foran feitas por persoas que non tiñan relación coa viticultura e que poderían ser utilizados como *testaferros* coa intención de pasar, ao cabo duns anos, as viñas aos seu verdadeiros cultivadores.

Eu dicía que isto era unha das eivas que eles detectaban e que poñían en riba da mesa; pero precisamente eu intentaba aclarar que non é nin unha situación ni xeneralizada,

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xuño de 2018
--

nin que temos que transmitir a idea de que se estaba utilizando para facer unha fraude, porque realmente non eras así; é dicir, todo o contrario. Non sei se agora se me entendeu ben.

En todo caso, agradecer tamén que teñan en conta a nosa emenda. Nada máis. Moitas grazas

D. Armando Ojea Bouzo, do Grupo de Democracia Ourensana: ola de novo. Eu particularmente creo que si, que entendín ben o que quixo dicir o señor Ramiro. A fraude aparece sempre aproveitando os *resquicios* que deixa a burocracia, iso é un fenómeno humano. Pode non haber intencionalidade de fraude en quen redacta as normas, pero no momento en que están no papel, quen ve algún xeito de se poder aproveitar de xeito fraudulento, ou seudofraudulento, é quen legisla quen ten que prever e evitar un pouco iso.

O señor portavoz do PSOE dicía que todos debiamos recibir un tirón de orellas. Pois si, efectivamente, porque non soamente eu facía referencia ás persoas que legislan desde lonxe; tamén nós, moitas veces, estamos falando de cuestións moi concretas nese caso de viñedos, noutro caso doutros similares; pero quen fai saltar as alarmas son os afectados últimos, ou directos, como moi ben fixo referencia a señora portavoz do Partido Popular. Son os viticultores, ou as persoas directamente afectadas, as que se van ver afectadas na súa vida real polas normas, ás que entregan o *feedback* despois aos políticos e lle din: *oye, mira que se isto se leva a cabo aféctanos desta maneira*. O non ter previsto isto, claro, pode ter certa explicación porque non todos os que estamos en política nos dedicamos aos viñedos, a cousas concretas; pero no caso concreto que se dixo do Partido Popular, un representante nas Cortes que, ademais, era presidente dun Consello Regulador, ao mellor si que tiña que ter tido algo máis de atención a isto. Sinxelamente engado estas reflexións e reitero o noso voto a favor. Grazas.

D. Vicente Gómez García, do Grupo do PSOE: *bueno*, eu dixen o do tirón de orellas por falar dalgunha maneira. Eu creo, o tema do oportunismo político, que xa estaba cando estaba Rajoy; home, pois xa puido facer o deputado Viso, que estaba na Comisión de Agricultura, xa puido facer unha alegación a iso.

Pero, *bueno*, dende a Deputación non sei se estaban traballando; pero con data 2/6/2018 nunha entrevista, ou nunhas preguntas da Voz de Galicia, onde puña, a parte de outros: *la alcaldesa Ana Villarino indicó que respaldará las peticiones de los bodegueros y*

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xuño de 2018
--

del Consello Regulador. Aínda que é a primeira nova que teño sobre esta problemática, é evidente que estaremos respaldando a xusta reivindicacións do sector onde faga falta. 2/6/2018. Nada máis, moitas grazas.

D.^a Ana María Villarino Pardo, do Grupo Popular: señor Gómez, efectivamente o 2 do 6 saíu na prensa escrita, co cal estas declaracións tiveron que ser feitas antes. Eu creo recordar que o señor Sánchez tomou posesión o día 1; evidentemente, para facer esas declaracións, algo do tema tiñamos que saber.

Despois dicir que a Deputación está para defender os intereses de todos os ourensáns e, neste caso, dun sector tan importante como é o vitivinícola que, como xa dixen cos datos, afecta a moitas bodegas da nosa provincia.

Nada máis, agradecer o voto favorable de todos os grupos e que, entre todos, traballemos por mellorar a situación dos nosos viticultores e, polo tanto, do noso rural. Nada máis e moitas grazas.

O contido íntegro das intervencións transcritas anteriormente recóllese no punto 7º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 7º](#).

Non se producen máis intervencións e unha vez que o Grupo Popular acepta a emenda do BNG, sométese a votación a moción xunto coa emenda e por unanimidade dos deputados/as presentes da Corporación (24), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Instarlle ao Ministerio de Agricultura, como administración responsable da concesión de autorizacións, a modificar de xeito urxente o Real decreto 772/2017, do 28 de xullo, recollendo nos criterios de admisión de solicitudes a especificidade do sector na provincia de Ourense, que tamén concorre en Galicia.

2º.- Instarlle á Xunta de Galicia, como administración responsable da tramitación e supervisión das solicitudes, a estudar de xeito urxente as medidas necesarias que permitan adaptar os criterios de concesión de novas plantacións á realidade do sector na provincia de Ourense, que tamén é de Galicia.

3º.- Instarlle á Xunta de Galicia, en colaboración coa Deputación Provincial de Ourense e os consellos reguladores de denominación de orixe do viño, a poñer en marcha un plan de formación que permita acreditar a viticultores e adegueiros a capacidade e competencia profesionais recollidas no artigo 8 do Real decreto 772/2017, do 28 de xullo.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xuño de 2018
--

4º.- Instarlle ao Goberno do Estado para que garanta que os/as mozos/as instalados/as en explotacións agrarias de orientación produtiva vitícola ou vitivinícola poidan acceder ás novas plantacións para poder ampliar a base territorial da explotación.

8º.- MOCIÓN DO BNG RELATIVA AO MANTEMENTO EN CONDICIÓN ADECUADAS DAS ADMINISTRACIÓN EN GALICIA DA AEAT ASÍ COMO DOS POSTOS DE TRABALLO PRECISOS PARA TAL EFECTO.-

O Sr. presidente anuncia que a esta moción presentou unha emenda de substitución o Grupo Popular e cédelle a palabra ao BNG para que expoña o contido da moción.

D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do BNG: moitas grazas señor presidente. Vou a explicar un pouco detalladamente cal é a problemática que nós temos atopado, ou detectado, ao respecto desta cuestión e vou a dar máis datos dos que realmente se recollen na propia exposición de motivos.

Como digo, temos detectado que se está a levar un desmantelamento encuberto das Administracións que a Axencia Estatal da Administración Tributaria ten ao longo do territorio galego, algo que nos preocupa polas súas repercusións tanto laborais -ao perderse emprego de calidade-, como de deterioro progresivo dun servizo público básico para a cidadanía e as súas obrigas fiscais; polo que cada vez máis usuarios e usuarias se ven obrigados a ir a unha axencia particular, co custo que iso implica, cando deberían ter un servizo de atención presencial e directo próximo ás súas casas.

Nisto que hoxe denunciemos hai un problema de fondo: a falta de soberanía económica e fiscal de Galicia. De termos unha Facenda galega propia e autónoma non teríamos este problema enriba da mesa. ¿Que acontece? Ao ser Galiza unha comunidade de réxime común do Estado non está dotada da facenda propia que nós reivindicamos, autónoma e con capacidade de xestión sobre todos os impostos e actividades relativas á facenda pública. Polo tanto, dependemos en moitos aspectos do Estado, que non cumpre, e que nos últimos anos, coincidindo, basicamente, co goberno do Partido Popular, acentuou un proceso de recentralización e perda de emprego público.

Hai que recordar que existe xa a Axencia Tributaria Galega, é certo, máis está infradesenvolvida. Como digo, malia a existencia da ATRIGA e dos servizos que fornece, hai moitas tarefas referidas á recadación de boa parte dos impostos que se continúan a facer a través da Axencia Estatal.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xuño de 2018
--

Sen entrar en detalles que non nos competen, a ninguén se lle escapa que a Axencia Estatal da Administración Tributaria é unha estrutura xa consolidada e de referencia para calquera cidadán á hora de cumprir coas súas obrigas fiscais, pois centraliza, contrariamente ao que nos gustaría, a meirande parte das tarefas e servizos de inspección, xestión e recadación. Trátase dun servizo público que debe dar cobertura ás necesidades de información e xestión dos e das galegas no cumprimento das súas obrigas tributarias, que implican unha grande responsabilidade e, por veces, unha complexidade para quen non sexa experto na materia.

Polo tanto, no BNG pensamos que desde o Goberno central se debe garantir a existencia das súas unidades de forma suficiente e descentralizada ao longo de todo o territorio en canto non teñamos unha facenda propia e, tamén, se debe garantir a atención presencial a todos os usuarios.

O que levamos detectado é que estamos a ver como se camiña na dirección contraria, cunha axenda oculta de desmantelamento que busca recentralizar o traballo desta Axencia en detrimento das unidades que tiña espalladas ao longo do territorio.

Ata o momento, sobre a teoría, temos un total de dezaoito puntos para o noso país, un mapa que estaría hoxe a día de hoxe vixente, dos cales 4 están na nosa provincia: no Barco, Carballiño, Celanova e Verín, a parte da propia delegación de Ourense. ¿Existen estes puntos a día de hoxe? Si, pero desde o BNG estamos a observar indicios que fan evidente a intención de reducir progresivamente o seu papel, fundamentalmente a través da redución práctica do seu persoal.

Nos concursos ou procedementos de mobilidade que se convocan dentro da AEAT non se convocan prazas nas Administracións que van perdendo persoal a pasos axigantados. Este é un proceso encuberto de eliminación de postos de traballo con mecanismos que resultan pouco visibles no momento pero que a medio prazo estase vendo como ten repercusións nunha maior centralización dos servizos na Coruña e na xestión telefónica e telemática. Por exemplo: o persoal que se xubila ou leva praza por concurso noutro sitio, non se repón.

As Administracións denominadas *PIAS* (Puntos de Información e Asistencia) son as que corren máis perigo. Moitos dos servizos que se prestaban no pasado, xa non se prestan; por exemplo, en Betanzos xa non hai unidade de módulos, nin de Recadación polo que os

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xuño de 2018
--

contribuíntes deben desprazarse á Coruña. E isto vén sucedendo tamén noutras Administracións pequenas nas que o contribuínte debe desprazarse á Delegación ou Administración de cabeceira para solucionar temas que antes lles resolvían na Administración. Isto non é xusto, nin para o contribuínte, nin para o persoal que traballa nesas Administración, que están saturadas de traballo.

As administracións da Axencia Tributaria en Galicia teñen unha media dun recorte do 37% de persoal desde o ano 2000 (datos oficiais). No que respecta á provincia de Ourense os datos son alarmantes. O Barco contaba no ano 2000 con 22 traballadores, hoxe ten 15; unha redución do 31%. O Carballiño tiña 40 traballadores no ano 2000, hoxe ten 14; unha redución do 65%. Celanova tiña 19, agora ten 7; un 63%. Verín tiña 15, agora ten 12; un 20%.

Desta forma, téñense amortizado prazas de persoal, vaise reducindo o seu número e a capacidade de atención ao público. A isto súmase a praxe dunha aplicación mal entendida da administración dixital ou teleadministración: a fenda dixital, insuficiencia na atención telefónica, trámites que por seguridade e confidencialidade non se poden facer por teléfono. E a práctica, tamén, que se está impondo de pedir cita previa para absolutamente todo, o cal ocasiona desprazamentos por parte dos usuarios cando van resolver calquera dúbida; por exemplo, algo moi habitual é que vaian con cartas da ATRIGA, na AEAT non lle van solucionar nada pero ata que a o usuario se aclara perde moito tempo.

En resumo, a estratexia é clara: empeórase o servizo cada vez máis, complícase o acceso e vaise forzando a que o usuario acabe indo a unha xestoría particular. Desta forma, sen pechar directamente, o que podería, dende logo, traer unha polémica social importante, vaise limitando a actividade ata que o peche definitivo sexa, practicamente, imperceptible.

Como sempre isto ten unha repercusión negativa nas poboacións do rural, pero non só nelas. Ao longo prazo estamos xogándonos que tipo de atención queremos desde os servizos públicos e vai afectar a todo o territorio. Por exemplo, a xestión da inspección, por poñer un exemplo, en Santiago xa non se está facendo, derívase á Coruña e chegará o momento no que algunha persoa desta cidade teña que desprazarse até á Coruña por ese motivo.

A atención presencial segue a ser unha necesidade e non se pode eliminar, é un dereito e debe ser garantido polos poderes públicos. Polo tanto, é necesario que as

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xuño de 2018
--

Administracións en Galicia velen polo mantemento e boa calidade dos servizos de atención ao público da Axencia Estatal de Administración Tributaria en canto non avancemos nas competencias e funcións da ATRIGA, contribuíndo así a frear a perda de carácter público deste servizo.

Remato, nós o que pedimos é moi claro, é moi sinxelo e o acordo é que o Pleno desta Deputación se dirixa ao Goberno Central para demandar que as Administracións Públicas de Galicia, singularmente, en Ourense da Axencia Estatal de Administración Tributaria e recuperen os índices de traballadores e traballadoras do ano 2000; garantindo, en igualdade de condicións ao longo do territorio, a atención ao público para o asesoramento e servizos que presta.

Con respecto á súa emenda, dicirlle xa que non podemos aceptala porque hai unha diferenza clara entre o que nós propoñemos e o que vostedes traen aquí. Vostedes falan de *dirixirse ao Goberno Central para demandar o mantemento das sedes da Administración da Axencia Estatal Tributaria e que garanta o mellor servizo e atención ao contribuínte*. Ben, eu creo que acabo de deixar ben claro que, de momento, de momento, as sedes están; pero nós o que demandamos claramente é que se recupere o nivel de emprego e se manteña o emprego par dar os servizos que deben dar. Entón, en función disto, pensamos que a nosa proposta vai máis ao que é, agora mesmo, á situación; e dende logo o seu non deixa de ser iso, unha declaracións de intención, pero que non podemos aceptar. De momento nada máis. moitas grazas.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

D. Francisco José Fraga Civeira, portavoz do Grupo Socialista: moitas grazas señor presidente. Para non repetir o mesmo, reiterar o mesmo, que xa dixo o autor da moción a cerca das afeccións que se lle están causando na atención presencial aos contribuíntes; eu vou expor outro punto de vista sobre esta mesma cuestión.

Porque esta moción, ao fin e ao cabo, o que fai é reflectir, unha vez máis, algo do que estamos falando Pleno tras Pleno que é a perda dos servizos públicos nesta provincia; alimentada e, á súa vez, alimentando a unha crise demográfica que leva camiño de cronificarse. Xa non só perden servizos os habitantes dos concellos do rural, oficinas bancarias, transporte, unidades escolares, etc...; tamén o fan as vilas cabeceiras das

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xuño de 2018
--

comarcas e mesmo a capitalidade desta provincia que ve como perde peso específico nas tomas de decisións a nivel autonómico e mesmo estatal, tendo moitas maiores dificultades para acceder ao que outras cidades acadan con moito menos esforzo.

Sen ir máis lonxe nesta cuestión, en Lugo e Ourense apenas se ofertan prazas nas Axencia Estatal da Administración Tributaria. A meirande parte destas prazas ofértanse na Coruña e Pontevedra onde hai poboación. De novo imponse a friaxe e a insensibilidade das cifras. E así, moitos dos funcionarios que son ourensáns, que están fóra, concursan e obteñen prazas nesas Axencias ou nesas Administracións da franxa Atlántica; co cal se asentan alí definitivamente e virán a esta provincia de orixe, como moito, as fins de semana e algunha vez nas vacacións.

Mentres tanto, nas Administracións da Axencia Estatal Tributaria da provincia seguiranse a repoñer prazas que se perderon, co cal no é descartable que acaben pechando como entendemos que alerta, dun xeito indirecto, a emenda do Grupo Popular que xa non pide que se recuperen os índices de persoal do ano 2000, como fai a moción; senón que se conforma con demandar o mantemento, sen máis, desas sedes.

Pero, non convén esquecer unha realidade, que se dá nesas sedes da Administración Tributaria Estatal, que é que funcionan dun xeito rexionalizado e así, nas sedes de Carballiño, Celanova e Verín, desenvolven traballo para toda Galicia e O Barco para toda a provincia; facendo boas as virtudes do traballo telemático. Claro que, se seguen sen repoñerse os efectivos que se foron perdendo, do contrario, en vez de avanzar en que non pechen estas Administracións e que están traballando dun xeito telemático non só para esta provincia (atención presencial), senón para toda a Comunidade Autónoma, seremos testemuñas, dentro dun certo tempo ao non irse repoñendo esas prazas, como se van perdendo esas sede.

Con respecto á emenda, no noso caso aterémonos, ou a nosa postura dependerá do que faga coa mesma, ou da posición a cerca da mesma o autor da moción. Moitas grazas.

D. Rosendo Luís Fernández Fernández, do Grupo Popular: grazas señor presidente. Eu non sei se podo dicilo máis alto, ou máis claro. Está garantida, totalmente, a atención ao público e os asesoramentos que presta a Axencia Estatal de Administración Tributaria. Aquí o de sempre: desmantelamento, infradesenvolvida a TRIGA e limitar a

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xuño de 2018
--

actividade... Bueno, vale tanto para un roto como para un descosido o catastrofismo aquí, debatamos o que debatamos.

Mire, tamén agora teñen a oportunidade porque estamos falando dunha Axencia a nivel estatal; entón xa estou eu vendo ao goberno do señor Sánchez dando resposta a todo isto. É algo que lle preocupa, preocúpanlle provincias que din vostedes que temos un problema demográfico, que é verdade que o teñen; polo tanto serán moi sensibles, sobre todo autodenominándose progresista. Polo tanto, aquí vai vir o progreso enseguida.

Mire, estamos de acordo en que esta Axencia ten que continuar prestando o mellor servizo -por iso a nosa emenda- tanto aos galegos en xeral como aos ourensáns en particular. O que non entendo moi ben, señor Rodríguez Suárez, é ¿por que solicita que se recuperen os índices de traballadores e traballadoras do ano 2000?; ¿será polo comezo do novo século? ¿será porque cambia de milenio? Podería ser, porque, como me chamou a atención, eu entrei, agora que se pode entrar en pouco tempo en Google, e vexo que no ano 2000 a Axencia tiña 27.612 empregados. No ano 96 tiña 27.513. No 2004, 27.415. no 2006, 27.947. Vostede quere ir ao ano 2000, debe ser unha data moi sinalizada.

Voulle responder algo. Aquí o que non se pode ser, o que non se pode ser, é non eficiente. As Administración públicas están para ser, ante todo, entre outras consideracións, eficientes. Mire, na Axencia Tributaria é pioneira na introdución da e-administración, dando posibilidade a prestar, por exemplo, a declaración da Renda por internet. No 2008, oito anos despois do que pide vostede -vostede pide o ano 2000-, no ano 2008, digo, presentáronse 5.630.896 declaración de IRPF por esta vía. Seguramente que no ano 2000 non se facía isto; habería que ter xente, habería que ter traballadores, habería que ter funcionarios. É máis, a páxina web da Axencia tivo 265 millóns -comprobei isto, porque son moitos- 265.827.451 visitas; despois, botando contas, non me parecen moitas. Polo tanto, agora xa se informa polas novas tecnoloxía á moita xente; antes tiña que ir a onde tiña que ir, pois aos puntos de información. Ademais, conforme pasan os anos, os servizos por internet aumentan; tanto por teléfono como por sms, como por tdt ¿quen facía isto que fan agora estas tecnoloxías? Os traballadores maioritariamente. Como en case todas as prestacións que se fan ao público, ou en todas, as novas tecnoloxías fan e substitúen o traballo humano; desgrazadamente ou afortunadamente, cada un terá a súa consideración.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xuño de 2018
--

Pero está claro que os números que lle dou do 2008 e no 2000 non se podía recorrer as novas tecnoloxías como no 2008.

Quérolle dicir algo, porque, mire, vostedes, hai 15 días concretamente, a unha pregunta do BNG no Parlamento de Galicia xa estaban sensibles a isto e agora tráeno aquí. As Comunidades Autónomas, dicíase no Parlamento de Galicia, teñen asumida a xestión dos impostos sobre o patrimonio –enténdame ben-, as Comunidades Autónomas, a través da TRIGA, esa Axencia que vostede dixo que estaba infradesenvolvida (ata lle preguntei ao presidente que *infra* utilizara porque nun momento dado perdín un pouco...), infradesenvolvida. Pois mire, para estar infradesenvolvida, as Comunidades Autónomas, entre elas a de Galicia, teñen a xestión dos impostos sobre o patrimonio, sucesións e doazóns, transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados, así como determinados tributos sobre o xogo; o resto dos tributos son da Axencia Estatal Tributaria.

Pensando que a TRIGA creouse no ano 2013, señor Rodríguez Suárez, no ano 2000, que para vostede é o ano de referencia, todas estas xestións: impostos sobre o xogo, sobre transmisión patrimonial, sobre tributos de xogo, ¿quen o facía? Pois a Axencia Estatal ¿que vamos a ter á mesma xente, aos mesmos funcionarios no 2000 que no 2018, cando en Galicia, ademais, creouse outra Axencia? Ademais, vostedes tiveron moito que dicir niso porque están pedindo sempre a autonomía fiscal, autonomía fiscal, autonomía fiscal. Pois creouse e foi en detrimento da Axencia Estatal; como moitas Institucións, señor Rodríguez Suárez.

Polo tanto, mire, a TRIGA mantén a máxima colaboración, é máis, coa Axencia Estatal Tributaria, de maneira especial no período no que nos atopamos (contestáronllo tamén a vostede na pregunta oral do Parlamento hai 15 días exactamente, exactamente hai 15 días) que, aínda que Galicia non ten atribuída a súa xestión, si que participa. No ano que fan vostedes de referencia non existía a TRIGA, repítollo unha vez máis.

Segundo a información que me trasladan, e puiden constatar, e léolle literalmente, tamén, da resposta do Parlamento de Galicia a unha pregunta oral, repito, do BNG por este tema, *non pechou ningún punto de asistencia na nosa Comunidade Autónoma*. Polo tanto, eu repito tamén o que se dixo no Parlamento, porque a resposta deulla a máxima responsable da TRIGA no Parlamento de Galicia a unha pregunta, repito, de vostedes. Teño que dicilo aquí.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xuño de 2018
--

En relación, quérolle informar, en relación aos servizos de información e asistencia hai habilitadas dúas modalidades señor Rodríguez Suárez, non nos veña a facer trampiña, hai dúas modalidades: hai a presencial e a telemática. No ano 2000 non había a telemática. Pero, ¿vostede quere manter aos mesmos funcionarios? *Oiga*, eu tamén. Se o Estado e Galicia poden manter funcionarios aínda que non sexan eficientes, pois manteñámoslos; non hai problema algún.

Polo tanto, a intención do actual goberno de Galicia é ter maior autonomía fiscal, tal como viñan solicitando vostedes e tal como quere o Partido Popular que é o que goberna neste momento na Xunta. E a min estráñame que, sendo así, vostedes o que queiran potenciar sexa un organismo estatal, estráñame que un partido nacionalista como son vostedes, en vez de vir aquí e dicir que sexa a TRIGA, creo que veu aquí tamén, sexa un organismo estatal o que queiran potenciar. Pois non pode ser.

Mire, a TRIGA di vostede que está infradesenvolvida. Tamén entrei esta mañá e pódolle pasar os datos, non sei se os ten ou non; pois tenlle 341 funcionarios; ¡home! para a Comunidade Autónoma de Galicia non está mal, 341. Se quer dígolle que A Coruña ten 138, Lugo 44, Ourense 53 e Pontevedra 106. Señor Fraga Civeira, non se se é bo ou malo, pero estamos un pouco, bastante por encima de Lugo. Ou sexa, o que quero dicir, estes 341 funcionarios para desenvolver o que vostede piden existen dende o ano 2013; habería que sumarllo ou restarllo ao do ano 2000. Polo tanto en funcionarios, total, sexan da Comunidade Autónoma, sexan do Estado, creo que estamos no número adecuado. Pero digo e repito, iso non quere dicir que non haxa que ter o número, que eu non sei cal é, axeitado para o que pedimos na nosa emenda, que o Pleno da Deputación de Ourense diríxase ao Goberno Central para demandar o mantemento das sedes das administracións da Axencia Estatal de Administración Tributaria en Ourense, que garanta o mellor servizo e atención ao contribuínte.

Isto non é un brinde ao sol, isto é solicitar que se sexa eficiente e que se manteña o mellor servizo; non sei se con 20 ou con 40, cos que sexan. Pero, en todo caso, teña en conta estes 341 funcionarios da TRIGA que no ano 2000 non existían, señor Rodríguez Suárez, e están facendo o traballo que se facía daquela. Polo tanto, sinto moito que vostede non acepte a emenda, pero nós queremos tamén o mellor para os nosos administrados de Galicia e de Ourense. Nada máis e moitas grazas.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xuño de 2018
--

D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do BNG: si, moi brevemente para contestar algunha cuestión. Vostede fala de que está garantida a atención; home, non sei habería que preguntarllo, acabamos de rematar coa campaña da Renda, habería que preguntarlle realmente aos cidadáns e cidadás da provincia se tiveron garantida esa atención.

Nós poñemos de referencia o ano 2000 porque, como xa expliquei anteriormente, os datos de redución, home, non sei se se xustifican, habería que facer ben a conta co que vostede me explicaba das competencias conferidas á TRIGA, pero os datos son bastante chamativos, Carballiño 65% menos de traballadores, de 40 a 14; Celanova 63% menos de traballadores, de 19 a 7. En conxunto, un 37% de recorte de persoal.

Vostede tamén facía referencia á eficiencia que debe presidir todas as actuacións das Administracións públicas. Home, faime graza que vostedes, precisamente, falen de eficiencia desde aquí, desde a Deputación Provincial de Ourense, cando acabamos de aprobar, aínda non fai unha hora e pico, unha RPT con 908 postos de traballo que, dende logo, é todo menos eficiente.

Despois tamén nos fala de que agora, tamén, existen medios, existen tecnoloxías, etc... que non existían no ano 2000, ou que non existían fai uns anos, e que tamén xustifican este recorte que se está facendo na Axencia Tributaria. Volvemos ao mesmo, unha provincia infradesenvolvida dende o punto de vista tecnolóxico, con todas as carencias que ten para acceder a internet, aínda a día de hoxe, desde moitos núcleos da nosa provincia e, sobre todo, cunha poboación envellecida porque non é solo ter a capacidade de poder acceder tecnicamente, ter dispoñibilidade de conexión; é que tamén hai que ter un coñecemento, hai que saber utilizalo, etc... Dende logo, como dicía, nunha poboación basicamente envellecida a posibilidade de que poida facerse a declaración por internet, dende logo, non vai a substituír, de momento a curto prazo, á atención presencial nas Administracións.

A TRIGA foi creada no 2013, vostede fala de que ten 341 funcionarios, anotei aquí o dato porque me vou a quedar con el. Tamén falaba de que nós o que pretendemos é potenciar un organismo estatal. Home, nada máis lonxe da nosa intención. Dende logo, eu xa dixen tamén, na exposición de motivos, que nós o que apostamos é por unha Facenda

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xuño de 2018
--

propia, galega que recolla absolutamente todas as competencias en materia tributaria e en todo o relacionado coa Facenda. Por iso falamos, tamén, de que hai que desenvolver a TRIGA e que, seguramente, se estivera desenvolta a día de hoxe e tivera todas as esas competencias que nós declaramos ou reclamamos, pois ao mellor non teríamos este problema.

Nada máis. Nós, dende logo, mantemos o rexeitamento á súa emenda. Nós pensamos que, de momento e mentres non haxa algún cambio en todas as circunstancias, a atención presencial nas nosas administracións ten que estar garantida. E, dende logo, entendemos que a redución de traballadores que se leva producido nos últimos casos non é así en ningún caso; co cal a súa emenda e os seus desexos de manter estas administracións, simplemente as sedes, non nos vale porque as sedes xa as temos a día de hoxe. Como digo, faríase moi complicado intentar pechalas en calquera destes puntos, ir a Verín, ir a Celanova coa idea de pecharlle a súa administración; dende logo provocaría un rexeitamento social amplo e maioritario. Co cal, entendemos que isto a curto prazo non vai a acontecer; pero o que si que demandamos é que se recupere io nivel de emprego para dar os servizos que teñen que dar estas administracións, e os servizos presenciais e os servizos á cidadanía que poida facer alí e non teña que desprazarse, ou non teña que acudir a outros métodos ou a outra vías. Nada máis. Moitas grazas.

D. Armando Ojea Bouzo, do Grupo de Democracia Ourensana: ola de novo. Nós absterémonos nesta cuestión polo noso criterio habitual de non tratar temas que, entendemos, transcenden as competencias da Deputación e que, por ende, tampouco sexan problemática específica da provincia de Ourense, como neste caso é unha problemática de índole autonómico ou de índole, incluso, nacional.

Así é todo, aproveito esta intervención para facer algunhas reflexións. Nós entendemos que a conservación dos postos de traballo *per se*, sinxelamente por conservalos, pois *bueno*, para nós non é un argumento. Si é un argumento que os cidadáns teñan que ter o servizo e, concretamente, os servizos presenciais, neste caso e nos outros que xa se teñen tratado outros temas.

Efectivamente, nas últimas dúas décadas incrementáronse moitísimo os servizos telemáticos, como dicía o señor Rosendo, houbo un trasvase de competencias cara á

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xuño de 2018
--

Administración Autónoma en materia tributaria e todo iso é lóxico que faga decrecer o número de traballadores necesarios para satisfacer as necesidades cidadás.

Houbo un pequeno dato do que non se falou, é que a provincia de Ourense lévase despoboando de xeito desangrante, xa non vou dicir sangrante, vou dicir desangrante, dende hai anos e ese despoboamento, da que tamén se facían eco ultimamente os medios de comunicación, tamén trae como consecuencia que o número de funcionarios para atender as necesidades sexa menos. Oxalá que fixeran falta máis funcionarios no futuro precisamente porque volvera xente emigrada á provincia.

En todo caso, despois tamén dicía o señor Rosendo se lle sorprendía a actitude do Bloque defendendo unha Administración española. Eu entendo que este é un problema con alto compoñente sindical e dáme a impresión de que o BNG o que está facendo aquí e de correa de transmisión dalgún sindicato. Son reflexións que fago, pero volvo a dicir que nós, sinxelamente, neste tema absterémonos. Grazas

D. Francisco José Fraga Civeira, portavoz do Grupo Socialista: moitas grazas señor presidente. A verdade é que nós compartimos, como non podería ser doutra maneira, o principio de que as Administracións teñen que se eficientes. Pero o certo é que nesta provincia cada vez somo menos, menos habitantes, menos contribuíntes; polo tanto menos persoal necesario nas Administracións Tributarias, menos servizos....e así imos minguando. Somos a provincia minguante, Ourense minguante. Digo eu, algo teremos que facer as Administracións ao respecto para tentar revertir esta insoportable ditadura do devecente.

A Axencia Tributaria en Galicia, non hai que esquecerlo, funciona dun xeito rexionalizado -díxeno antes-, o que pasa que o persoal que non se cubre, que se perde, que se amortiza en Lugo e en Ourense -alégrome de que vaimos por diante de Lugo, polo menos, algo é algo- reponse nas cidades da franxa atlántica; aquí non, en Ourense non. De feito, non só na área de xestión, na que entendo que se refería -porque é a que máis atención ao público ten- o proponente da moción; senón na de inspección estanse desprazando moitos funcionarios da provincia de Lugo e Pontevedra a Ourense para resolver problemas de Ourense. É dicir, funciónase de xeito rexionalizado. ¿Onde está o problema?

É certo, como ben di o señor Fernández, que se avanzou moito, e sobre todo a Axencia Tributaria, na xestión telemática, na xestión a través de internet. Por certo, traballo telemático que se pode facer dende calquera lugar de Galicia, mesmo dende Ourense, o que

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xuño de 2018
--

compre son ter unhas boas conexións a través de internet, ¿boas comunicacións terrestres? Tamén, pero a través de internet. Por outra parte os edificios que teñen as Administracións en Galicia son propios, polo cal as inversión en edificacións, e eu entendo que os medios tamén son axeitados, son menores.

Trátase, por iso dicía eu e puña o acento niso de novo, de non perdermos servizos na nosa provincia e de non perdemos traballadores. Hai que lembrar que moitos dos funcionarios son de orixe ourensá e se saen concursos sen prazas á hora de retornar, vanse para a franxa atlántica, para Pontevedra, para Vigo, para A Coruña e non retornan á terra; co cal estamos perdendo poboación, poboación nova que se asenta aquí. É necesario que, en lugar de comprar en vivenda, comprar nesa franxa atlántica, a que comprasen aquí. Claro, o que pasa é que non teñen o traballo aquí. Virán desprazarse despois aquí para cubrir traballo telemático que non se pode facer nestas Administracións porque non dispoñen de traballadores suficientes. Digo, non só fan traballos para aquí, para os contribuíntes desta provincia, senón están traballando para outras; de feito, persoal de Verín, de Carballiño e Celanova están facendo, telematicamente, traballos para toda Galicia.

Eu creo que sería máis útil isto, defendermos que non se perdan estes traballadores en cuestións demográficas que termos unha comisionada para o reto demográfico desta provincia; por certo, traballo do que nada se soubo. É dicir, vaíamos ao útil. Moitas grazas.

D. Rosendo Luís Fernández Fernández, do Grupo Popular: moitas garzas señor presidente. A catastrofista ao señor Rodríguez Suárez non hai quen lle gane. Na primeira intervención, a TRIGA estaba infradesenvolvida; na segunda intervención é a provincia a que está infradesenvolvida. Mire, a min como a aquel presidente americano, Thomas Jefferson, *gústanme máis os sonhos do futuro que a historia do pasado*.

Eu non lle dixen a vostede que internet ía a substituír, en todo, ao IRPF e á declaración. Díxenlle que no ano 2008 presentáronse 5.630.896 declaracións; cousa que no 2000 non -hoxe seguro que se presentan moitas máis-; pero que a está substituíndo si. Polo tanto, tamén interprete ben as miñas palabras.

En calquera caso, eficiencia das Administracións públicas, en todas; porque o que non é eficiente, é *despilfarro*, iso xa mo ensinaron hai moitos anos e élle así. Non sei por que vostede bota as contas da Relación de Postos de Traballo, que aprobamos antes, esta Institución non é eficiente. Ao mellor non coñece vostede as prestacións que fai, que tamén

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xuño de 2018
--

pode ser. Porque, á hora de valorar se é eficiente ou non, non se valora cun número - neste caso so número de traballadores-; senón para que están ese número de traballadores. Aí calculará vostede, un día se quer explícolle un pouco, o que é ser eficiente; non é só polo número.

En terceiro lugar, mire, consulte vostede o Boletín Oficial do Estado do 29 de setembro do 2004. *Ministerio de Economía y Hacienda* (paréceme que é do 2004, en setembro xa non gobernaba o Partido Popular, porque xa non sería o culpable, seguro que sería o culpable. Eu non lle boto a culpa a ningún; pero, en todo caso, consúlteo vostede) *Resolución del 21 de septiembre del 2004 de la presidencia de la Gerencia Estatal de la Administración Tributaria por la que se establece la estructura y organización territorial de la Agencia Estatal de Administración Tributaria*. Ao mellor con isto dáballe a vostede a resposta do que esta falando. Como di o señor Ojea, non o digo eu, dáballe respostas, un sindicato é o que está detrás do que trae vostede aquí. Díxoo o señor Ojea, repítollo eu porque tamén, sen ser mal pensado, sospéitoo. Nada máis e moitas grazas.

D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do BNG: moitas grazas señor presidente. Simplemente afondar unha cuestión que xa o fixo o portavoz do Partido Socialista e á que se referiu tamén o portavoz de Democracia Ourensana que é para xustificar este tipo de rebaixas que é o feito de que haxa menos poboación. Loxicamente, entre *comillas*, leva a que haxa necesidade de menos servizos, sobre todo pensando no rural. Esta é unha lóxica perversa, dende logo. Desde as Administracións hai que facer algo para invertela, porque, ao mellor, é precisamente ao revés; ao mellor hai menos poboación no rural porque hai menos servizos. Dende logo, pensamos que as Administracións están para atallar esta problemática e, dende logo, é dende as Administración dende onde se debe intervir para darlle a volta a esta ecuación. Precisamente, unha das cousas nas que podemos intervir é en servizos como os que presta ou que nos presta a todos os cidadáns de Ourense a Administración Estatal da Axencia Tributaria, mentres non teñamos unha Axencia propia.

En resumo, nós o que pedimos é que se recupere o nivel de traballo do ano 2000, que é o ano que poñemos como referencia; en todo caso, que se recuperen os servizos ou que non se desmantelen e non se leve a cabo ese peche progresivo que ao final faga que sexa irrelevante cerrar as propias sedes. E o persoal, tamén falouse aquí moito de internet, dos medios telemáticos, pero en todo caso, o persoal ten que tamén existir para atender eses

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xuño de 2018
--

medios telemáticos para dar os servizos, sexa presencial ou sexa telematicamente, e o feito de que desaparezan ou se pechen ou xa non sexan tan necesarios traballadores nuns servizos, pois xa non fai que aparezan novas necesidades que tamén deban ser atendidas. O que en resumo avoga esta moción é porque os servizos que se prestan nesta Axencia estean dotados en persoal e medios suficientemente para que todos os cidadáns da provincia de Ourense, independentemente da súa localización, teñan un servizo cerca para poder acudir presencialmente a poder resolver as súa xestións coa Facenda pública. Nada máis, moitas grazas.

O contido íntegro das intervencións transcritas anteriormente recóllese no punto 8º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 8º](#).

A continuación sométese a votación en primeiro lugar a emenda do Grupo Popular que obtén o voto favorable do Grupo Popular (14), o voto en contra do Grupo Socialista (7) e do BNG (1) e a abstención de Democracia Ourensana (2).

A continuación somete a votación a moción, que é rexeitada a obter o voto favorable do Grupo Socialista (7) e do BNG (1), o voto en contra do Grupo Popular (14) e a abstención de Democracia Ourensana (2).

Como consecuencia da votación anterior o Pleno adopta o seguinte acordo:

- O Pleno da Deputación Provincial de Ourense diríxese ao Goberno Central para demandar o mantemento das sedes das administracións da Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT) en Ourense, que garanta o mellor servizo e atención ao contribuínte.

9º.- MOCIÓN DE DEMOCRACIA OURENSANA RELATIVA A PRESTARLLES APOIO INSTITUCIONAL E ECONÓMICO AOS AFECTADOS POLO TRASTORNO DO ESPECTRO AUTISTA E ÁS SÚAS FAMILIAS.-

O Sr. presidente cédelle a palabra a Democracia Ourensana para que expoña o contido da moción.

D. Armando Ojea Bouzo, de Democracia Ourensana: ola de novo. Como ven o meu compañeiro xa está de volta, xa que antes desculpei a súa ausencia; agora doulle a benvida de novo.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xuño de 2018
--

Indo ao tema da cuestión. Esta moción fala do TEA que son as siglas de Trastorno de Espectro Autista. Vou a empezar facendo unha breve referencia -aínda que estou seguro que xa leron con atención a moción-, unha breve referencia ao que é ese trastorno desde a óptica dun profano, tendo en conta que aquí hai dous ou tres, facultativos médicos, tampouco creo que faga falta; demais, tanto o PP como o PSOE teñen persoas expertas no tema. O Trastorno de Espectro Autista eu penso que os profesionais non o entenden exactamente como unha enfermidade; senón como unha característica de certas persoas, unha condición biolóxica e de desenvolvemento que incorpora diferentes trastornos -a síndrome de Asperger, o autismo clásico, etc...-, ten unha serie de características, máis que de síntomas, poderíamos dicir, características numerosas porque tampouco é que cada unha destas persoas as cumpra todas. É unha cuestión de amplo espectro e cada unha destas persoas pode ter algunha e non ter, dende logo, as outras.

Segundo teño entendido, estas persoas, a característica fundamental é que viven nunha especie de mundo propio e teñen certas dificultades de comunicación cos demais e de socialización. Isto non ten porque ser unha doenza propia, intrínseca á persoa; isto é, sinxelamente, moitas veces consecuencia da propia sociedade. Xa houbo no pasado psicólogos e psiquiatras que dicían que, moitas veces, o que se entende por unha enfermidade ou un trastorno psicolóxico, en realidade, non é máis que unha consecuencia da sociedade na que se vive; é unha cuestión de inadaptación.

Por poñer un exemplo concreto, así, índonos a casos concretos. Todos sabemos que hoxe en día, un mozo, unha persoa nova, onde soe socializar, moitas veces, sobre todo nos ambientes urbanos, é no botellón, por exemplo. O botellón é unha forma de socialización e de comunicación entre os mozos, no pasado eran as discotecas; ou en determinados entornos socialización e a comunicación cos demais faise a partir de compartir un *cigarrillo*, ou mesmo de iniciarse en substancias. Imaxinemos a unha persoa nova que non acepte ese xeito de comunicación cos demais, que non entre por esas dinámicas que lle presente a sociedade para socializarse e comunicarse; entón encérrase no seu propio mundo e ninguén podería dicir que iso é un fallo patolóxico da persoa, sinxelamente, é, ao mellor, que non se integra na sociedade do momento e da circunstancia en que vive.

Estas persoas, cando se di que é de espectro, significa que hai moitas cousas diferentes a tratar, as persoas que *adolecen* deste trastorno poden ser intelixentes, menos

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xuño de 2018
--

intelixentes, hainos superdotados e hainos menos dotados, porque non ten unha relación directa coa intelixencia nin con outras habilidades; fundamentalmente, como dicía, é unha cuestión de *empatizar* cos demais e é unha cuestión de socialización e comunicación cos demais. Pero como dicía, iso é unha consecuencia das canles que lle presenta a sociedade en cada momento para socializarse cos demais.

Tamén, temos que ter en conta que, moitas veces, as canles -sobre todo á xente máis nova e aos rapaces- que a sociedade lle presenta quedan no ámbito do comercial (antes puña o exemplo das discotecas, ou puña o exemplo de determinados clubs deportivos para os que hai que ter unha certa cantidade de diñeiro para acceder ou para entrar); entón, como moitos deste xeitos de comunicación entran dentro do ámbito do comercial, o Estado ou as Administracións digamos -quitando ao mellor o ámbito escolar- non proporcionan a esas persoas unha forma de comunicación. Pero, o que si que teñen que facer as Administracións, tal e como di xa a moción, é garantir os dereitos desas persoas a integrarse na sociedade, a integrarse no futuro laboral e que poidan desenvolver unha vida digna como os demais e que non teñan que entrar, necesariamente, nas interfaces de comunicación que lle dá, moitas veces, a sociedade de consumo, ou a sociedade na que viven, que poden non gustarlle.

Son persoas, segundo din os expertos, que soen centrarse nun ou dous, moi pouquiños temas. Etas persoas soen centrarse, ao mellor, nun *hobby*, nun tema concreto no que tratan de aprendelo todo e de sabelo todo. Precisamente, o feito de ter un único tema de conversación, ás veces tamén os illa porque ao mellor non son os temas que se falan en sociedade; por exemplo, hoxe é moi fácil falar en sociedade de fútbol, pero, ao mellor, un rapaz que se interese pola paleontoloxía, ao mellor non encontra xeito fácil de socializarse.

Bueno, total, como dicía, o Estado non proporciona gran solución para estas persoas e o que fan as autoridades sanitarias, no caso concreto da provincia de Ourense, é derivalos a unha asociación que se chama *Autismo Ourense*, que foi constituída no ano 1999 e foi declarada de utilidade pública no ano 2003; e unha nova asociación de recente constitución que se chama *Por Eles TEA*. Posiblemente viran onte nos medios de comunicación que mesmo hai empresas privadas e financeiras que están axudando economicamente. No caso concreto de *Autismo Ourense*, onte vin a noticia que creo que era Caixa Bank, non sei se unha empresa concesionaria de coches que tamén estaba intentando axudar. Cando as

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xuño de 2018
--

empresas privadas, ou as entidades financeiras, están tendo certa sensibilidade para axudar economicamente a estas asociacións -*Autismo Ourense* e esta de recente creación *Por Eles TEA Ourense*- con maior motivo os poderes públicos, ao mellor, terían que arrimar o ombro.

Concretamente, xa indo ao concreto da moción, as propostas que traemos teñen que ver, fundamentalmente, coa axuda a esta asociación de recente constitución e vouna ler:

Que por parte da Deputación de Ourense se redacte unha proposta de convenio coa Asociación Por Eles TEA Ourense tendo en conta as súas necesidades e problemáticas, comprometendo unha partida orzamentaria a tal efecto que garanta que podan iniciar e continuar co seu proxecto educativo e evolutivo integral. Esa sería a primeira proposta.

A segunda: que a Deputación proceda a iniciar, a maior brevidade posible, os trámites oportunos para a creación e posta en funcionamento na provincia de Ourense de, polo menos, seis prazas de persoal fixo e especializado nun centro de día específico para os adultos afectados por TEA (Trastorno do Espectro Autista); establecendo os concertos necesarios coa Xunta de Galicia e asociacións sen ánimo de lucro afectadas, no marco das súas competencias.

Como dicía, entendemos que estas persoas teñen que ter en vigor os seus dereitos de comunicación e de integración na sociedade e mentres as Administracións non tomen outra clase de medidas, terán que axudar a estas asociacións para as que estamos pedindo axuda da Deputación. De momento nada máis. Grazas.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do BNG: moitas grazas señor presidente. Xa adianto que estamos absolutamente de acordo con esta moción que nos trae hoxe Democracia Ourensana.

Teño que dicir que, actualmente, non hai datos concretos sobre o número de persoas afectadas no noso País, xa que se trata dun diagnóstico que é complexo e, nalgúns casos, ata inexistente. Pero o que si que se sabe con certeza é que cada día as entidades reciben máis solicitudes de persoas cun familiar con autismo ou que sospeitan que poida telo e

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xuño de 2018
--

demandan servizos e apoios para el. Desde a Federación Autismo de Galicia aseguran que se está detectando un incremento importante nos diagnósticos.

O TEA -xa se explicou un pouco- require unha abordaxe integral das necesidades da persoa, orientado a facilitar apoios especializados e individualizados; e tamén das familias, polo gran impacto que ten sobre a unidade familiar. Destacar tamén que o tecido asociativo vencellado a este trastorno está maioritariamente impulsado polos propios familiares. Por iso é fundamental que desde as Institucións Públicas se recoñeza e se apoie o esforzo que fan para a inclusión real e a defensa deste colectivo, favorecendo e impulsando iniciativas que supoñan a integración social e a inclusión das persoas con TEA.

A respecto do autismo, na cidade de Ourense traballaba, entre outras, a Asociación Autismo Ourense, xa se explicou que foi constituída xa no 99, que foi declarada de utilidade pública ano 2003... Ao longo deste tempo ten atendido a numerosas persoas de Ourense e dos seus arredores e recibido tanto doazóns como achegas de institucións a través de subvencións, tanto da Xunta de Galiza, Deputación, o Concello de Ourense e o propio goberno central así como varios programas europeos. Nós estivemos *recopilando* datos e, por poñer o noso caso, nos últimos 10 anos esta Deputación lévalle dada a Autismo Ourense un total de catrocentos oitenta e pico mil euros para diferentes programas e actividades.

Agora, no ano 2018 puidemos coñecer, tamén a través de novas dos xornais e través de pais e nais de crianzas que acudían aos servizos desenvolvidos pola asociación, a previsión tanto de incremento de prezos como de perda de servizos. Unha situación grave diante da cal a Xunta de Galicia non emprendeu unha actitude proactiva na busca dunha solución.

Pasados os meses, un amplo colectivo de pais e nais decidiron auto organizarse novamente e constituírse en asociación sen ánimo de lucro co nome de *Por Eles TEA Ourense*. O seu obxectivo é brindar un servizo integral tanto para a veciñanza de Ourense, como concellos próximos, que se desenvolverá nunhas instalacións no barrio da Ponte.

Neste momento, o papel da Xunta á hora de axudar a manter o papel que cumpren determinadas asociacións e colectivos, especialmente alá onde os servizos públicos non chegan, é moi importante e a implicación debería ser total para que ningunha persoa fique

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xuño de 2018
--

sen atender. Polo tanto, no inmediato, é preciso que a Xunta brinde apoio, tanto de orientación como económico, para este colectivo ourensán.

Dende o BNG estamos sensibilizados coa problemática e xa acordamos apoiar a este colectivo de nais e país no concello de Barbadás e levamos ao Parlamento Galego unha iniciativa na que se pedía abrir unha mesa de diálogo coa Asociación *Por eles TEA Ourense* de cara a establecer un convenio de colaboración.

Entendemos, tamén, que a Deputación ten que dar un paso adiante e aprobar e apoiar a este colectivo a través, neste caso, do apoio e do voto a favor desta moción que agora mesmo nos traen aquí. De momento nada máis. Moitas grazas.

D.^a Isabel Gil Álvarez, do Grupo Socialista: moitas grazas señor presidente. Bos días señores e señoras deputados e demais persoas que están connosco na sala.

Ourense está a piques de se , de novo, a última das provincias galegas desta volta no que respecta á atención das persoas con TEA. O Concello de Lugo, despois dun longo camiño liderado por unha entidade sen ánimo de lucro que atende a estas persoas, concluíu os trámites urbanísticos para poder outorgar a licenza da que estaba pendente esta asociación, *Raiolas*, para poñer a funcionar o primeiro Centro de Día para persoas con espectro autista da provincia veciña. Unhas instalacións que estarán ubicadas na antiga gardería do Campus Universitario, en deplorable estado ata o de agora, vítima do abandono e do vandalismo, que nunca chegou a abrir as súas portas. Sendo unha opción razoable darlle un novo uso a unha instalación que nunca chegou a funcionar co uso para a que foi concebida, é insuficiente. Desde logo, é moito máis do o que temos na nosa provincia, como xa é costume; onde a falta de compromiso da Xunta, por exemplo, trouxo consecuencias nefastas para a atención das persoas con TEA e das súas familias.

Queremos reclamar a implicación das Administracións públicas, comezando por esta Deputación, para que se comprenda que estas persoas e as súas familias precisan de atención personalizada; non só porque a TEA adquire mellor prognóstico se é atendida dende idades temperás, senón porque son persoas con necesidades específicas que non poden ser atendidas en Centros de Día nin residencias de carácter xeral cando alcanzan a idade adulta e a vellez.

Dicía que a solución proposta en Lugo, como tamén na Coruña e Pontevedra, non é a ideal; posto que o Centro de Día ofrece atención en horario diúrno para que, precisamente, as familias poidan conciliar, proporcionar respiro e ofrecer terapias e atencións especializadas.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xuño de 2018
--

Sen embargo, a ninguén se nos escapa que estas persoas medran ao tempo que os seus familiares e cuidadores, e chega un momento no que poden quedar sos, vítimas do desamparo; posto que -exceptuando determinados casos e en distintas evolucións- son persoas que precisan acompañamento e axuda para desenvolverse na vida adulta con autonomía. Por iso, precísanse, tamén, solucións habitacionais específicas, tanto na modalidade de residencias, como, por suposto, no fomento desa autonomía da que falabamos antes e que pode dar lugar a solucións como as vivendas tuteladas.

As Administracións públicas -tanto os gobernos autonómicos, como as Deputacións- veñen delegando nas familias o ensino e, nas entidades do terceiro sector, a intervención e o apoio socio-educativo tanto dos menores afectados pola TEA, como dos adultos con estes trastornos; xerando, máis se cabe, unha grande indefensión e exclusión destas persoas a partir dos 18 anos e, tamén, ao remate do ensino escolar obrigatorio.

É certo que se veñen subscribindo, como así pasou e pasa con *Autismo Ourense*, convenios con estas entidades ou se da o financiamento destas asociacións a través de subvencións; sobre todo a partires da entrada en vigor da Lei de dependencia, deficitariamente orzada e desenvolvida. Tal é o caso desta Deputación e a súa relación con *Autismo Ourense* que non evitou, de todos os xeitos, o penoso desenlace para esas familias incapaces de acceder a uns servizos imprescindibles para os seus nenos e nenas con TEA; sen ignorar a petición de que subscriba un convenio ou se desenvolvan as ferramentas que sexan necesarias para financiar a nova asociación de familiares afectados polo TEA. Propoñemos que esta Deputación vai máis alá na súa implicación e se comprometa a procurar unha solución para a atención na idade adulta dos afectados e afectadas por TEA.

Non imos a solucionarlle a papeleta, posto que, como teñen explicado, gobernan vostedes en maioría e aínda van seguir a facelo; pero xa que a cesión da chamada Casa da Maxia por parte do Concello á Deputación -aí no caco vello, ao lado do Centro Social de Colón-, provocou que se cuestionase a viabilidade do proxecto e ata se falou de supostas irregularidades, ao tempo que se aprecia unha clara intención de dismantelar os servizos públicos que se prestaban nese espazo, propoñemos que deixen a idea do Museo dos Bolechas para outro espazo e momento e dediquen ese lugar a atender esta necesidade prioritaria para toda a provincia. Non dubidamos que o ocio de nenos e nenas sexa unha necesidade

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xuño de 2018
--

importante, pero entendemos que hai que atender primeiro ás familias destas persoas dependentes que se ven afogadas economicamente en situación de vulnerabilidade.

Se ese espazo que lles propoñemos non lles vale, poden subscribir, como se está levando a cabo en Lugo, algún convenio con algunha institución e crear este Centro de Día; no canto de regalar cartos públicos a mans cheas a institucións privadas, como Fundación San Rosendo, Valdegodos etc..., para que puideran lucrarse de servizos de dependencia como nalgunha ocasión saú nos periódicos. Por agora nada máis.

D. Rosendo Luís Fernández Fernández, do Grupo Popular: moitas grazas señor presidente. Creo que vamos por colateralidades nun tema tan importante e tan sensible, díggollo aos tres portavoces que falaron.

Miren vostedes, a colaboración, a cooperación da Deputación de Ourense cos afectados polos trastornos de espectro autista, coñecido como TEA, é máxima, máxima, e coas súas familias, por suposto; pero non lle é de agora, señora Gil, señor Rodríguez Suárez, señor Ojea, non lle é de agora, é de sempre. Ademais, sempre foi desinteresada esa colaboración e sempre se presumiu dela, ademais. Outra cousa, xa me adianto a dicir, é que no ano 2018, por causas nas que podemos estar ou non estar de acordo, pero en todo caso, causas da propia Asociación, houbo unha escisión. Se non houbera una escisión da Asociación -que non ten por que entrar a Deputación, porque esa Asociación é autónoma- estamos falando disto; senón non falaríamos en absoluto.

Mire, nestes momentos, efectivamente, hai dúas Asociacións, pero a realidade e o importante son os pacientes. Aos pacientes, é igual que sexan dunha asociación que sexan doutra, temos que atendelos igual; porque aquí agora parece que hai que atender aos dunha parte. Hai que atender só aos dunha parte porque quedáronse sen unha subvención que tiñan cando estaban en común. Pero vamos a ver, porque non estamos aquí nós para dirimir responsabilidades de por que se foron, como dicía vostede señora Gil, non; fóronse, é unha asociación autónoma, ten autonomía propia, non chegaron a un acordo e fóronse.

Mire, unha cousa élle a parola e outra cousa sonlle os feitos. *Convenio para o uso en precario das instalacións -leo textualmente- da Escola de Capacitación Agraria, propiedade da Excelentísima Deputación Provincial de Ourense pola Asociación Autismo Ourense. En Ourense a 1 de marzo de 2007* (tiña que ser o 1 de marzo, claro, san Rosendo) *reunidos, dunha parte, don José Luís Baltar Pumar en representación da Excelentísima Deputación*

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xuño de 2018
--

Provincial de Ourense e da outra parte, don Virgilio Montes Fernández, en representación da Asociación sen ánimo de lucro Autismo Ourense, ambos recoñécense con capacidade, etc, etc... asinan un convenio que está en vigor, vén vostede dicindo que non hai convenio, ¡xa hai un en vigor señora Gil! ¿Sabía disto? Ai, sabíao; entón hai que firmar dous convenios, un que está en vigor e outro que hai que firmar. Ben, vale.

Cláusulas. A Deputación Provincial de Ourense cede á Asociación de pais de persoas con autismo, Autismo Ourense, o uso en precario das instalacións da antiga Escola de Capataces, etc, etc.. Autismo Ourense asume o compromiso de abandonar as instalacións no momento oportuno. Seguen con estas instalacións, ¿vale?

Subvencións concedidas a *Autismo Ourense*, e non se alarmen porque ao mellor alguén se alarma, pero isto é algo público. 2006, Convenio da *Asociación Autismo Ourense*, 112.553,70€. 2006, ese mesmo ano, achega a *Autismo Ourense* para obras de residencia para autistas, 150.000€. 2007, obras complexo psicopedagóxico persoas autismo, 81.501,49€ (non lle vou ler todas, porque senón...) 2008, achega a *Autismo* segundo convenio, 99.999,70€. A señora Gil quere outro convenio, *bueno*, pois firmemos convenios; parece que aquí non custa nada. En total de subvencións, do ano 2006 ao ano 2011, 928.793,45€ para os autistas de Ourense e aquí oio que nós non facemos nada polo autistas de Ourense. ¡Oiga, xa hai que ter *agallas!* Que despois que do ano 2006 ao 2011 esta Institución achegara 928.793,45€, e que non facemos nada polo autismo; ¿non sei o que podemos facer?

Dende logo, o que piden vostedes aquí (aínda falaba agora coa señora interventora por se eu estaba errado), piden vostedes - non se lle deu importancia, ou pasou desapercibido- que esta Institución, a Deputación, *la creación y puesta en funcionamiento en la provincia de Ourense de, al menos, 6 plazas con personal fijo y especializado.* Pero, ¿dende cando a Deputación pode crear prazas sanitarias? Primeiro, que non se poden crear e segundo, vaia melón que abriríamos. Non recordo agora cantas asociacións sociosanitarias hai, se todos nos piden persoal a nós, ¡manda leite!. Pero si que temos a obriga, a parte de subvencionar, si de estar con eles.

Mire, sabemos que, efectivamente, houbo unha escisión e aquí houbo unha deputada que atendeu, nese primeiro momento, a esa escisión de autismo chamada *Por Eles TEA Ourense*. Despois, eu mesmo falei con eles e xa lle dixen que, polo de pronto, podían concorrer ás subvencións que hai por concorrencia competitiva; cando faláron comigo aínda

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xuño de 2018
--

non estaban legalmente constituídos, dixen que, cando estiveran legalmente constituídos, falabamos máis, pero marcharon, ben. En terceiro lugar, que foi a definitiva, o señor presidente recibíunos e xa asumiu un compromiso serio dunha nominativa para o ano que vén, para que empecen a funcionar. ¿Estamos de acordo?

Polo tanto, mire, a moción que traen, benvida, eu sei que é de boa intención, pero é sobrevida ao que xa fixemos. E non só iso, que o señor presidente xa lles comprometeu e, polo tanto, no nas temos que comprometer en nada porque xa o saben eles, que esta fin de semana, concretamente o domingo, hai unha andaina en Xunqueira de Ambía e xa a Deputación colaborou, con esa andaina, coas familias destes pacientes ou afectados. Polo tanto, ¿que nos veñen a dicir que nós non colaboramos e que somos os últimos? Señora Gil é que vostede nin sabía do convenio, nin dos 900.000€ que esta Institución deu.

Pero, aínda máis, porque me preocupa e eu sei que a vostede lle preocupa tamén, pola súa profesión, púxenme en contacto hai unha semana -tan pronto souben desta moción- cos máximos responsables do CHUO e escribenme -dixéronme que podía facer uso do papel-, derívanme esta información: *desde la EOXI de Orense, Verín y O Barco de Valdeorras hemos mantenido ya dos reuniones con padres de la nueva asociación Por Eles, centrándonos, sobre todo, en los aspectos ligados al diagnóstico inicial que, hasta la fecha, se venía haciendo en Autismo Orense en base a un convenio de colaboración que había con tal entidad. Así mismo, estos padres nos solicitaban locales para el desarrollo de su actividad; petición a la que respondimos que no en la primera reunión (que non tiñan locais). Respecto al diagnóstico les hemos informado que estamos trabajando para que esa fase, la del diagnóstico, se pueda hacer en nuestro centro; habiendo iniciado las gestiones para avanzar en esta línea. En todo caso, como te decía, es nuestra intención dar los pasos para, en medio plazo, abordar estos diagnósticos dentro del Hospital. También, en los próximos días, tendremos una reunión con la Asociación Autismo Ourense.*

¿Como que non fixemos nada? Señora Gil, retire iso. Firmamos convenio, démoslle subvencións, o que oíron, xa nos puxemos en contacto cos máximos responsables do CHUO para que lle dean alí a atención. ¿Que máis quer? ¿Todo é pouco?, efectivamente; pero creo que fixemos algo máis que traer unha moción aquí, que repito, sei que trouxeron esta moción aquí con boa intención, non vou a dicir que non.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xuño de 2018
--

Polo tanto, o punto 1 da proposta xa está comprometido co señor presidente e non hai nada que aprobar. E como lle dixen, ¿como vamos a crear seis prazas fixas especializadas, a Deputación, se aínda que quixéramos non podemos? Señora Gil, vostede sábeo ben ademais; o que pasa que o pedir, por pedir que non sexa ¿verdade? E quedamos ben (non me faga así que eu iso non o entendo)

Polo tanto, creo que estamos no camiño correcto e voulle dicir algo máis. Mire, todo o problema venlle, porque tamén tiveron a reunión, como lle dixen, con *Autismo Ourense*, que as subvencións solicitadas á Xunta de Galicia por concorrencia competitiva do ano 2017 ¿sabe canto levaron? 353.956,23€ ¿Que pasa? Que para o ano 2018, polas causas que foran, porque é concorrencia competitiva, minorou 92.229 €. Claro, aquí foi cando houbo a escisión porque lles pediron unhas cotas para chegar a cantidade que recibiran no ano 2017. Pero isto é algo que sucede. En todo caso, como, á nova asociación, o señor presidente xa lle dixo que lle ía dar unha nominativa para empezar a andar, tanto na sede que poidan ter, como para as funcións que están a realizar, pois non pasa absolutamente nada.

Recibín un argumentario da Xunta, porque lle pedimos tamén que pasara, e din: *a subvencións para entidades sen ánimo de lucro que contraten traballadores e empregados para a realización de servizos de interese social convocase anualmente en concorrencia competitiva con criterios claros e obxectivos de valoración*. Tanto unha asociación, a que existía, como a nova *Por Eles* poden concorrer a esta subvención da Xunta, que non son escasas. Porque, mire, independentemente do traballo por concorrencia competitiva, no ano 2017 recibiron 353.956€; súmelle o que recibiron en cinco anos os 900.000, o convenio que temos e tal.

Todo é pouco, pero retire, por favor, señora Gil que esta Deputación mantén tirados ou desatendidos aos familiares e paciente. Non. Máxima colaboración, máxima cooperación e foron atendidos, ata en tres ocasións, por esta Institución: por unha deputada, por min mesmo e polo señor presidente. Nada máis e moitas grazas.

D. Armando Ojea Bouzo, do Grupo de Democracia Ourensana: ola de novo. Primeiro dicirlle ao señor Rosendo que traemos esta moción aquí, pero antes xa a levamos ao Concello. Traémola aquí, un pouco, por facer sinerxía co feito de que xa a levamos ao Concello, xa saíu na prensa, a raíz desas informacións en prensa e o que fixeron en Barbadás, ao que fixo referencia o portavoz do BNG.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xuño de 2018
--

Nós pensamos que as Administracións públicas teñen, por un lado, un labor abstracto e, despois, un labor concreto. Un labor abstracto no sentido de que dá a impresión de que estamos falando como dunha enfermidade; isto non é así, temos que *desestigmatizar* a estas persoas. Estas persoas, en moitísimos casos, son persoas totalmente normais cuxa única deficiencia é unha deficiencia de comunicación e de socialización cos demais. Como dicía ao principio, hai moitos casos distintos, pero esencialmente é iso, un xeito de vivir no seu mundo, ao mellor xa dende pequenos non se socializan. Ao non socializarse non desenvolven o tacto social, non entenden os chistes, non desenvolven a comunicación non verbal. Vostedes saben que a comunicación non verbal é aprendida, hai estudos suficientes para iso; o control da distancia cos demais, os xestos, todo iso hoxe, se non se aprende de neno, despois o que fai esa ausencia de *empatizar* a través da comunicación non verbal é aumentar aínda máis a incomunicación, aínda máis retrotraerse máis no seu propio mundo, a sociedade vaille cerrando portas, eles céntranse nas súas preferencias persoais entón, a sociedade despois ten un problema con esas persoas. Ás veces, moitos dos grandes xenios da historia que fixeron inventos e descubrimentos científicos eran o que hoxe chamaríamos, ou sería dende a perspectiva de hoxe, autistas, así que miren ata que punto.

Por un lado está ese labor que deberían desenvolver as administracións e que teñen que desenvolver esta clase de asociacións e que deben recibir apoios. É que, ademais, dos apoios económicos e de subvencións, aos que facía referencia o señor Rosendo, *en Democracia Ourensana* -voulle a ler textualmente un parágrafo da moción, aínda que din por suposto que a leran- *creemos imprescindible que exista na nosa provincia un Centro de Día con asistencia 24 horas que sirva de lugar de encontro dos afectados que se fan maiores ao finalizar a súa etapa escolar* (aquí estamos falando xa do apoio concreto. Durante a etapa escolar, a escola e as actividades extraescolares sempre teñen un pouquiño de canle para que estas persoas incorporen, ou se manteñan un pouco ligadas á sociedade; pero, ao irse facendo adultas, é onde nos encontramos con estes problemas). *Un Centro de Día onde traballen as habilidades pre-laborais e actividades de vida diaria, onde desenvolver actividades ocupacionais dentro das súas posibilidades e niveis que permitan unha vida máis activa e significativa posible; respectando as características propias da idade adulta, xa que non poden vivir con independencia.*

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xuño de 2018
--

En definitiva, un lugar (seguímonos referindo ao Centro de Día con asistencia 24 horas) onde poidan elixir pasar o tempo libre no seu espazo persoal ou en zonas compartidas coas adaptacións físicas visuais, materiais necesarias que potencien a súa autonomía e organización, actividades, ocio, servizos psicolóxicos, médicos, educación permanente, talleres, etc... Canalizadas, como dicía ao principio, a que estas persoas poidan exercer o seus dereitos como so demais de integrase na sociedade. Porque, volvo a repetir, moitas veces o problema está na sociedade e non está neles. Vostedes saben que houbo un famoso psicólogo, David Cooper, que acuñou aquela famosa antipsiquiatría e dicía máis ou menos que, moitas veces, na sociedade era onde estaba o problema e non nestas persoas.

Sinxelamente, pedirilles unha vez máis o voto á nosas propostas que xa, en termos concretos, pasan por redactar unha proposta de convenio coa *Asociación Por Eles TEA Ourense*. Seguir, no ámbito do posible, co tipo de subvencións ás que facía referencia o señor Rosendo e tamén, a segunda proposta, a creación e posta en funcionamento de seis prazas de persoal no centro específico para eses afectados é, empregando un termo coloquial, darlle caña á Xunta de Galicia para que se molle tamén neste tema. Nada máis. moitas grazas.

D.^a Isabel Gil Álvarez, do Grupo Socialista: moitas grazas señor presidente. Primeiro vou facer algunhas respostas ao señor Rosendo. Encantada que vostede se dirixa a min como se fose eu a que presentara esta moción.

Primeiro, primeiro, de feito retomámola dende o Grupo Socialista porque vamos a votar a favor. Primeiro, non estou falando da *Asociación Autismo Ourense*. Xa sei que teñen unhas instalacións alí ao lado do Hospital que son públicas, son ofertadas, xa o sabemos, todo iso sabémolos; non estou falando da *Asociación Autismo Ourense*, señor Rosendo Fernández. Estou falando de *Por Eles TEA* (Trastornos de Espectro Autista); é dicir, é outra asociación. Entón, gustaríame, sería enormemente do meu gusto e da miña compiacencia, que houbera unha única asociación en todo Ourense que fora eficiente e efectiva para resolver o tema dos nenos e nenas, e dos adultos, con trastorno de espectro autista. Gustaríame que só houbera unha; é máis, pódolle dicir que me gustaría moitísimo máis que, de todo isto, se ocuparan os gobernos autonómicos e se ocuparan as institucións públicas, dando cobertura a todos estes tratamentos condutuais e de todo tipo que hai que facer con estes nenos e nenas.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xuño de 2018
--

Polo tanto, sigo a dicir, non estou falando de Autismo Ourense; estou falando da asociación, recentemente creada, *Por Eles TEA*, estamos a falar desa asociación. Dis ti, di vostede, perdón: *é unha escisión*. Non, mire vostede, non é unha escisión, marcharon forzosamente de aí, de *Autismo Ourense*. ¿Por que marcharon forzosamente de *Autismo Ourense*? porque *Autismo Ourense*, dado que as prestacións que recibía da Xunta de Galicia gobernada polo señor Feijóo, do seu grupo e partido político, diminuíu as subvencións que lle daba, tiveron que facer restricións do persoal autorizado que ten a *Asociación Autismo Ourense* e tiveron que subir as cotas. Pero, resulta que todas as familias que teñen nenos e nenas autistas teñen unha renda *per capita* distinta e un poder adquisitivo distinto. Entón, haberá familias que poden pagar ese incremento de cota; pero hai outras familias que non a poden pagar. Ao non poder pagar esa cotas novamente establecidas, tiveron que marcharse, ¿de acordo?; porque non tiñan recursos económicos para facerlle fronte a esas novas cotas. Polo tanto, estamos a falar de cousas distintas.

Tamén me di que non, que retire iso de que somos a última provincia e non sei que máis. Mire, eu estoulle a falar, como xa é de costume, de que as provincias do interior -tanto Ourense como Lugo- sempre somos as últimas en todo. Pero aquí, resulta que Lugo (estará encantado o señor secretario) pasounos a dianteira. ¿Por que nos pasou a dianteira? Porque resulta que hai unha asociación en Lugo, que se chama *Raiolas*, que estivo pelexando por este tema, por un Centro de Día para as persoas con TEA e conseguíuno recentemente, despois de moitos traballos e moitas pelexas. Entón, é iso ao que me refería, referíame a iso. ¿Aquí hai un Centro de Día para persoas maiores con trastorno de espectro autista, para os maiores e vellos? ¿haina? Que eu saiba, non. É a iso ao que nos estamos referindo e o que dicimos que teñen vostedes un local que ben o podían dedicar a iso; para todas as persoas maiores e de idade avanzada que teñan o trastorno de TEA. Estamos a falar diso.

En fin, eu creo que respondín a case todo o que vostede dicía, creo que si. En fin, resumo. Tiveron que se marchar forzosamente. Segundo, estamos a falar doutra asociación que non puido permanecer en *Autismo Ourense* que si recibe subvencións, moitas subvencións, tanto da Xunta de Galicia como da Deputación, como doutros organismos e entidades públicas ou privadas. Vale, pero estas persoas non puideron facerlle fronte a esas cotas e tiveron que irse, dende logo non poden deixar abandonados aos seus fillos e ás súas fillas.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xuño de 2018
--

Quería dicir, como di vostede que seguro que estas cousas aféctanme, ao igual que a vostedes, quería dicir que o trastornos do espectro autista engloba varias síndromes e que as habilidades intelectuais poden ir dende os niveis máis baixos, medios, altos, inclusive moi altos. Son froito de alteracións do desenvolvemento das funcións do sistema nervioso central, con dificultades específicas en áreas de comunicación e cognitivas; no uso e na comprensión da linguaxe, verbal ou non verbal, e en dificultades para a comprensión e establecemento de relacións sociais. Etioloxía, ¿cal é a causa? Multifactorial: biolóxica, xenética, neurolóxica, inmunolóxica, perinatais, neuroanatómicas, bioquímicas, etc...

E imos aquí a diagnose. A diagnose temperá é moi importante; pero resulta que a diagnose temperá é tan importante, pero é un proceso complexo. Necesita dun equipo pluridisciplinar experimentado formado por profesionais da área de neuroloxía, psiquiatría, psicoloxía, pedagogía e asesoramento familiar. Señor Fernández, vostede tróuxoo aí e entón aclaroume algo unha dúbida que eu tiña e acabámana de confirmar, o SERGAS ten que dispoñer deste equipo, como outras comunidades autónomas. Polo que vexo, vostede trae aí a coalición que aínda están formando e, de feito, teño a confirmación de pais e nais destes nenos e nenas con TEA de que tiñan que ir facer o diagnóstico a *Autismo Ourense*.

Polo tanto, as familias teñen o deito a elixir que o diagnóstico dos seus fillos e fillas se faga no sistema público. Non se trata aquí de orzamentos e diñeiro. Temos os servizos, temos o persoal; só é vontade política de facelo. Non é cuestión de diñeiro, é cuestión de poñerse á labor e facelo. Dispoñemos de todos eses profesionais, e moi bos profesionais, neurólogos, psiquiatras, psicólogos, pedagogos e de asesores familiares, de orientación familiar; témolos, polo tanto poñámolos en marcha xa. Non sei como dicilo finamente, é inaudito que non teñamos este equipo de diagnóstico no CHOU -no CHUOU perdón que agora é universitario-, polo tanto está moi ben ese escrito que trae vostede, pero isto xa tiña que estar funcionando.

Tratamento, importante, por iso necesitan recursos. Un tratamento condutal. Estamos a falar de alteracións biolóxicas, psicolóxicas e sociais; polo tanto necesítase un equipo multidisciplinar: psicólogos, pedagogos, logopedas, profesionais da audición, etc... para, finalidade: rehabilitación psicosocial das persoas con TEA e potenciar os aspectos menos fortes, como os aspectos afectivos de relación, de comunicación, cognitivos e potenciar a súa autonomía persoal e social dos afectados.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xuño de 2018
--

Polo tanto, repito, terapia multidisciplinar, condutual, psicopedagóxica. Programas de intervención integral dirixida a todas as áreas evolutivas das persoas con TEA. Pero, señor Fernández, para iso necesítanse recursos. Imprescindible o financiamento adecuado que garanta a viabilidade e a sustentabilidade dos servizos de apoio; así como a creación e implantación de modelos de calidade orientados á mellora dos sistemas dos programas de metodoloxía e recursos de apoio ás persoas con trastorno de espectro autista.

Esta asociación de nova creación, queda fóra da *Asociación Autismo Ourense* -volvemos a repetir- por non poder costear as cotas de dita asociación. Polo tanto, eles fixeron, como non podería ser menos, unha nova asociación para dar cobertura e tratamento aos seus nenos e nenas. Polo que nós, dende aquí, dende o Grupo Socialista, apoiamos, como non podería ser, esta moción de Democracia Ourensana. Moitas grazas.

D. Rosendo Luís Fernández Fernández, do Grupo Popular: moito máis concretamente, señora Gil, eu téñome que dirixir a vostede por dúas cousas; o señor Ojea é o autor, eu xa o sei, da iniciativa e, con maior acerto ou menor acerto, -acerto na exposición de motivos, dende logo si; non acerto no que solicitaba porque no punto dous, aínda que quixeramos non podemos facelo-, vostede falou nos termos seguintes, que a Deputación non evitara que se fora. ¿Quen é a Deputación para evitar que se vai ou que non se vaia? Vostede falou disto, cando a Asociación ten autonomía propia. E segundo, falou de que a provincia era a última en todo; nisto tamén equivocouse de punta a rabo, equivocouse de punta a rabo. Non me fale disto porque díxenlle a cantidade de diñeiro que levaron. Os autistas de Ourense e as súas familias estaban satisfactoriamente atendidos.

¿Sabe vostede por que non recibían o diagnóstico inicial do Complexo Hospitalario? ¿Sabe vostede por que? Porque xa as institucións lle dabamos o diñeiro, eles eran os máis interesados que se lle fixera alí e nunca o solicitaron. É máis, sabemos agora que é cando viñeron mal dadas porque pasou o que pasou, cando solicitan que se faga entón alí, porque agora os recursos son máis escasos. A nivel da Consellería correspondente, como xa lle dixen, deixouse de dar una cantidade, deixóuselle de dar non é expresamente así, é que, por concorrencia competitiva, non levaron co que contaban e, polo tanto, é cando agora solicitan por un tema de economía de escala que, efectivamente, se lle faga o diagnóstico onde se lle faga. ¡Pero é que ata o de agora non o solicitaron! Ou polo menos, nós non temos a solicitude. Polo tanto eu recorrín a vostede, ou me dirixín a vostede, por iso.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xuño de 2018
--

Nós falamos dos autistas, dos afectados por autismo e dos seus familiares, non estamos falando dunha asociación ou de outra. Falamos de pacientes, de afectados. ¿Que é o que ocorreu? Efectivamente houbo unha escisión do sentido de que o que estaba funcionando correctamente dende hai anos; houbo unha separación e ¿que quere, que lle paguemos nós, todo? Nós imos a colaborar e xa lle digo, e xa lle dixen, que está comprometida unha partida; polo tanto non hai problema ningún. Mire, xa vamos máis alá, teño unha andaina esta fin de semana, pode ir a Xunqueira de Ambía e está perfectamente.

Polo tanto, señora Gil, a min paréceme que falar aquí do historial clínico, patolóxico e da patoxenia dos pacientes iso está ben se estivésemos no Parlamento de Galicia e fora un debate do SERGAS, porque aí hai que falar de pacientes. Aquí estamos falando da axuda que poida aportar a Institución provincial aos afectados e ás súas familias. Polo tanto, tampouco convén estar falando... xa sabemos que é un problema e sobre todo, para eles por suposto, e para as familias.

Polo tanto, esta Institución ten comprometido, vai a colabora e cooperar e, despois, as outras tamén terán que facelo. Vamos a votar que non porque (si, non abra a boca porque si, pero déixeme que llo explique) porque o primeiro punto xa está resolto e no segundo punto non podemos crear seis prazas sanitarias porque non podemos; porque esta Institución está para o que está, ten as actividades que ten e non está para crear prazas sanitarias que non está, outra cousa é que puidera, que xa falaríamos. Polo tanto, creo que quedou claro o sentido do voto e os motivos que nos levan a dicir isto porque nós traballamos con antelación, e non cando poñen vostedes a moción. Nada máis e moitas grazas.

D. Armando Ojea Bouzo, do Grupo de Democracia Ourensana: a pesar de que terminou sendo case un debate en termos médicos entre o doutor Rosendo e a portavoz, e tamén médico, doutora do PSOE, agradecemos a etioloxía e todo o que nos dixo a doutora sobre a enfermidade. Tal e como dicía ao principio é unha enfermidade, a min non sei, bueno tampouco son médico para dicir se é unha enfermidade ou non, pero sabemos que vén da falta de comunicación co entorno. Todos sabemos que, cando se está formando o cerebro, o cerebro é a forma máis plástica que existe e vaise configurando segundo a estimulación sensorial... A doutora falou de que había múltiples causas pois, por exemplo, deficiencia nalgún sentido, na vista, no oído que fai que o cerebro se vai neuralizando de maneira distinta; falou de que podería haber causas bioquímicas, claro, sabemos que entre

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xuño de 2018
--

as neuronas está a sinapsis cos seus transmisores químicos, acetilcolina, etc.. Ben, vaise configurando o cerebro, vaise neuralizando, vanse facendo as redes neuronais, a persoa vai interactuando co entorno; pero, como dicía antes, pódenselle ir cerrando certas ventás de tipo sensorial ou social. Por iso, como dicía tamén ela, a abordaxe do problema ten que ser multidisciplinar, ten que haber expertos de distintos tipos; dende bioquímicos que se chaparan a Lehninger, ata psicólogos e mesmos sociólogos, porque xa dicía que o problema é moi complexo.

Ao final, como xesticulaba a portavoz do PSOE -facía este xesto característico- a cuestión é, ao final, un problema de cartos e de estar dispostos a gastar cartos ou non estar dispostos a gastar cartos. Dicía o señor Rosendo que a Deputación está para o que está. Iso é o que dicimos nós sempre aquí, que a Deputación está para o que está; pero, precisamente, nós pensamos que para isto si que, a o mellor, si que ten que estar e non para exposicións faraónicas...sobran exemplos e estámolos poñendo de cotío do que nós pensamos para o que non está a Deputación.

Vou a ler unha vez máis o segundo punto que é o que rexeita o Partido Popular. penso que se a cidadanía, que tanto aprendeu da dialéctica entre os dous doutores, tamén se lle achegue, unha vez máis, a información do que votan en contra: *que a Deputación proceda a iniciar, á maior brevidade posible, os trámites oportunos, oportunos, no marco das súas competencias para a creación e posta en funcionamento na provincia de Ourense de, polo menos, seis prazas de persoal fixo e especializado* -volvo a repetir a palabra especializado. Antes xustificaba o porqué desas especializacións- *nun Centro de Día específico* -tamén dicía a portavoz do PSOE que podería estar nunha ubicación moi concreta que nós tamén cuestionamos o uso que se lle quere dar e o xeito en que se quere traspasar a titularidade entre Administracións- *para os adultos afectados polo TEA; establecendo os concertos necesarios coa Xunta de Galicia e as asociacións sen ánimo de lucro afectadas, das que estamos falado Por Eles TEA Ourense, Autismo* e lembrado, unha vez máis, que esta cuestión debería ser abordada directamente polos servizos sanitarios públicos e non ter que utilizar estas muletas destas clases de asociacións privadas, por dicilo dalgunha maneira. Nada máis. moitas grazas.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xuño de 2018
--

O contido íntegro das intervencións transcritas anteriormente recóllese no punto 9º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 9º](#).

Non se producen máis intervencións someténdose a votación a moción, que é rexeitada ao obter o voto favorable do Grupo Socialista (8), de Democracia Ourenana (2) e do BNG (1) e o voto en contra do Grupo Popular (14).

10º.- MOCIÓN DO BNG A RESPECTO DO PROXECTO DE MINARÍA NA ZONA DENOMINADA MAN DA MOURA.-

O Sr. presidente cédelle a palabra ao BNG para que expoña o contido da moción.

D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do BNG: moitas grazas señor presidente. Vou a explicar brevemente, aínda que creo que, seguramente, xa é de coñecemento de todos.

Nos últimos tempos, reactivouse un proxecto mineiro que vai afectar aos concellos de Melón, Carballeda de Avia e Ribadavia e que nós entendemos que é un proxecto prexudicial para a Comarca do Ribeiro.

En resposta a unha pregunta formulada polo BNG no Parlamento galego sobre as previsións do goberno para retomar este proxecto, o director xeral de Enerxía e Minas, Xosé Bernardo Tahoces, confirmou que o procedemento de caducidade da concesión está iniciado e que a única declaración de impacto ambiental é do ano 97. A concesión mineira á empresa Marcelino Martínez, S.L. con nome Man da Moura, con número de rexistro 4553, foi outorgada no ano 1997. Entendemos que, pese que a legalidade vixente mantén en vixencia o estudo de impacto ambiental, non é para nós aceptable pois é un estudo obsoleto e que non contempla a actual restrición de límite cos xacementos arqueolóxicos e de interese cultural da zona.

A afectación negativa que pode ocasionar esta canteira é tal que se poden ver afectados os mananciais da Franqueirán, así como a propia captación de auga do termo municipal de Ribadavia; xa non como redución do caudal, senón con posibles enturbiamentos. Asemade, a *cercanía* aos núcleos de poboación, nomeadamente este, Franqueirán, pode afectar á vida normal dos nosos conveciños e conveciñas pois os ruídos da actividade propia dunha canteira, así como as demolicións, causaran molestias á poboación.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xuño de 2018
--

Nós o que pedimos, basicamente, é un apoio da Deputación a estes concellos e a estes veciños nos seu rexeitamento desta iniciativa. Entón, un primeiro punto sería:

1º.- Que o Pleno se declare contrario á implantación deste proxecto mineiro.

2º.- Que lle sexa remitida esta declaración aos concellos afectados.

3º.- Que se lle traslade á consellería competente a nosa preocupación pola implantación deste proxecto mineiro e se lle esixa un estudo actual do impacto que pode provocar e da necesidade dunha nova declaración medio ambiental nunha zona de alto “valor patrimonial”.

De momento nada máis. moitas grazas.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

D. Armando Ojea Bouzo, do Grupo de Democracia Ourensana: ola de novo. É sabido que o noso partido apoia en grande medida as iniciativas empresarias, pero ao mesmo tempo a actividade económica e a actividade das empresas debe desenvolverse de xeito que non afecte gravemente ao patrimonio común de todos e que non afecte ao que puideran ser recursos que tamén se puideran explotar economicamente doutra maneira e, sobre todo, pensando tamén un pouco na sustentabilidade e en deixarlle á seguinte xeración o medio ambiente nas mellores condicións para que tamén para eles poida ser una fonte de riqueza e unha fonte de recursos.

Entón, vamos a votar a favor desta moción porque entendemos, primeiro, que é discutible o seu tirón económico; pero iso non sería a cousa peor. O que si que pensamos é que pode afectar ao patrimonio nos termos que se din na moción: xacementos arqueolóxicos, patrimonio natural... De todos modos, tamén é sabido que o noso partido tamén é moi sensible ao impacto ambiental de determinadas formas de contaminación, incluída á contaminación acústica á que tamén se fai referencia na moción.

Estimamos que é especialmente interesante o punto 3 onde se faga un novo estudo de impacto en base a criterios actuais, que se entren a valorar outro tipo de cousas que, ao mellor, se valoraba noutro momento. En principio, nada, sinxelamente dicir que votaremos a favor desta moción. Grazas.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xuño de 2018
--

D.^a Elvira Lama Fernández, do Grupo do PSOE: grazas presidente. Bos días a todos e a todas.

¿Que escuros intereses se poden agochar debaixo dun proxecto do que ten a concesión para poder explotar un xacemento mineiro nos concellos de Melón, Carballeda de Avia e Ribadavia desta provincia? ¿ Por que o señor feijóo non da resposta sobre a caducidade da declaración que foi feita hai máis de 21 anos? Nos Concellos non constan respostas ás demandas para a defensa dos intereses dos veciños e veciñas que están fondamente preocupados cun proxecto que lles afecta á súa calidade de vida, na súa saúde e na súa tranquilidade. É lexítima a preocupación da veciñanza dos concellos de Ribadavia, de Carballeda e de Melón ante as consecuencias dun proxecto mineiro que, de seguro, lle vai afectar gravemente ás augas subterráneas para o abastecemento de auga de parte desa poboación.

¿A protección do patrimonio arqueolóxico e do medio ambiente tampouco son preocupación para a Xunta de Galicia? Pois é a Xunta de Galicia a que ten competencias, a Xunta do señor Feijóo, sobre esta materia. É de todo punto inaudito que unha declaración de impacto ambiental siga vixente despois de 20 anos e estamos case certos de que as prásas, que agora lle entran á concesionaria, veñen dadas porque a concesión pode rematar.

Na resposta que deu o director xeral de minas, don Xosé Bernardo Tahoces, na Comisión do día 15 de maio confirmou que o procedemento de caducidade da concesión está iniciado e que a única declaración de impacto ambiental é do ano 1997. Sorprendente, ¿non?

Temos que dicir que, con data 22 de novembro de 2017, a empresa concesionaria de explotación desta mina solicita licenza de actividade para una mina de granito a ceo aberto, en base a unha avaliación ambiental do día 1 de outubro de 1996 e a concesión outorgada pola Dirección Xeral de Minas o 28 de abril de 1997.

O Concello de Ribadavia consultou coa Xefatura Territorial de Ourense sobre a vixencia desta concesión e da avaliación de impacto ambiental, sobre esta última tiveron manifestación de que está en vigor en base a unha disposición transitoria da Lei 13 de emprendemento e da competitividade económica de Galicia. Respecto da concesión mineira seguen sen darlle resposta. Sobre a avaliación ambiental de impacto, tamén se lle preguntou á Dirección Xeral Ambiental e de Cambio Climático da Xunta de Galicia, sen resposta despois de dous meses.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xuño de 2018
--

Este mesmo Concello comunicouse con Patrimonio que, no ámbito da concesión mineira, tamén se verán afectados varios elementos patrimoniais e non catalogados na data de avaliación de impacto ambiental. Sen resposta dende fai dous meses.

¿Parécelles isto incompetencia, desidia, ou simplemente silencio administrativo? De momento nada máis. Moitas grazas.

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular: grazas señor presidente. Vamos correndo, como din por aí. Pois ben, aínda discrepando en diversas formulacións, como logo direi, pero para evitar malos entendidos e deixar clara a nosa posición hoxe aquí, que non é outra que estar a favor dos veciños; adiántolles que votaremos a favor das propostas de acordo que se recollen na moción do BNG.

Xa o fixeron os nosos compañeiros de grupo municipal do Partido Popular en Melón e Ribadavia, cónstame que nono fixeron en Carballeda de Avia porque non tiveron oportunidade de aceptar ou non ningunha proposta ao respecto. Pois ben, fixérono ele e facémolo nós hoxe aquí, porque a nosa obriga é estar a lado dos nosos veciños cando as súas reivindicacións son xustas e razoables, ademais de legais, e non simples ocorrencias. O caso que nos ocupa hoxe é dos primeiros: reivindicacións xustas e razoables.

Pero, en todo caso, permítanme facer as seguintes observacións e serei o máis breve que poida. Vai por diante señor Rodríguez Suárez, aínda que vexo que a señora Lama vén un pouco máis agresiva que vostede, que este goberno provincial ten entre os seus obxectivos prioritarios a defensa e o coidado do medio ambiente. Só ten que botar vostede unha ollada ao noso Plan de mandato 15-19, ou repasar o que estamos a facer nesta materia. Pero, xunto con estas iniciativas, hai unha cousa que se chama lei e que, polo que vexo, acudimos a ela cando nos interesa e apartámola cando nos interesa tamén. Supoño que nesto de cumprir a lei, supoño que, polo menos, de cara á cidadanía deberíamos estar todos de acordo aínda que parece ser que non.

Dito isto, véxome na obriga de empregar o meu tempo, ou parte del, en explicarlles cando menos algo da tramitación administrativa deste dereito mineiro, e digo dereito mineiro porque parece que a alguén se lle esquece tamén. Por non falar, que xa de entrada recoñecen vostedes, señor Rodríguez Suárez, que se está a cumprir a lei -xa non é pouco-; se ben, na propia moción din que cumprir a lei non é aceptable. E por se aínda iso fora pouco, non

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xuño de 2018
--

achegan argumentos sólidos contra esta explotación e só falan de supostos como *pode ocasionar*, como *pode afectar*, *pode molestar*, niso tamén insistiu a señora Lama.

Miren vostedes, a tramitación deste dereito mineiro, como xa se dixo aquí, comezou alá polo 11 de abril de 1989 cando se outorgou o permiso de investigación na Man da Moura á empresa Viúda de Marcelino Martínez, S.L.; permiso que comprendía 12 cuadrículas mineiras. Para entendernos, os que non sabemos nada disto, se unha cuadrícula mineira son 30 hectáreas, estamos a falar de 360 hectáreas. Logo doutros moitos trámites desenvolvidos, dos que non vou a dar conta para non aburriros con datos e datas, chegouse á actual situación, aínda que si lles podería recordar o que fixo o Partido Popular nestes anos e non fixo, por exemplo, o bipartito cando, ao fronte da Consellería responsable estaba alguén, polo menos de cara á opinión pública, importante dentro da organización do BNG.

Pero esquecen vostedes, seguro que moi intencionadamente, señor Rodríguez Suárez, que a declaración de impacto ambiental, e agora teño que dicir que a señora Lama, digo que a declaración de impacto ambiental está vixente ata decembro do próximo ano 2019 e así o di a lei, a Lei 21/2013 de avaliación ambiental; polo que non ten sentido, dende o punto de vista legal, solicitar un novo estudo. ¿Alternativas? Claro que as hai pero non aquí, nos foros onde deben presentar os nosos representantes políticos; nos Parlamentos e non aquí. Pero, polo que vexo, alí non o fan. Polo tanto, sexamos serios e deixemos de lado a demagogia e o oportunismo político que vexo que cada día increméntase máis, debe ser polo que se aproxima.

O proxecto de explotación está autorizado, a concesión da explotación está concedida e cunha vixencia de 30 anos; é dicir, ata o 2021. ¿Están a pedir vostedes á Xunta de Galicia que incumpra a lei? Quero entender que non porque a nosa obriga, digo a nosa, a de todos, é respectar os actos administrativos firmes e as autorizacións administrativas outorgadas.

Polo tanto, e vou concluíndo, señor Rodríguez Suárez, señora Lama, máis propostas viables para os veciños que puideran resultar prexudicados, que non o dubido, e menos oportunismo político. Moitas grazas.

D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do BNG: moitas grazas señor presidente. Vou a ser moi breve porque, independentemente dos matices e dos ataques habituais, non sei como chamarlle, esas....habituais que escoitamos, estamos todos de acordo en que é un proxecto prexudicial; de feito, nos Concellos, como xa se dicía, nalgúns xa se aprobaron

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xuño de 2018
--

mocións ou iniciativas en contra deste proxecto. Voume quedar con iso, voume quedar en que estamos todos de acordo.

De todas formas, si que quero aclarar algunha cousa. Dende logo, seguramente si se axusta á legalidade, non vou a dicir que non; pero dende logo non parece moi razoable, ou non parece moi lóxico que unha declaración de impacto teña unha vixencia de de 20 anos e que, pasados 20 anos, poida seguir aplicándose esa declaración de impacto cando, dende logo, en 20 anos seguro que cambiaron moitísimo os criterios que se teñen ao respecto do que é un impacto ambiental e do que debe terse en conta.

Despois, tamén falaba e nos reprochaba que traemos isto aquí. Traémolo aquí porque é un asunto que lle preocupa, neste caso, a tres concellos e aos cidadáns e cidadás deses concellos. Como xa dixemos e levamos reiterado, cantidades de veces, todos os asuntos que son de interese da provincia deberían ser e poden ser tratados aquí. De todas maneiras tamén lle contesto que tamén o levamos ao Parlamento de Galicia e alí tamén presentamos iniciativas e, a raíz desas iniciativas, é de onde quitamos esta información que se nos deu, dende logo, no propio Parlamento e que alí tamén se tratou o tema.

Xa para rematar, vostedes moi respectuosos cos actos administrativos firmes, coa legalidade, a referencia habitual ao bipartito; pero ás veces non son tan respectuosos con eses actos administrativos firmes. Voulle a poñer o exemplo paradigmático do concurso eólico que vostede, por decreto, o señor Feijóo cargouse ao chegara á Xunta de Galicia, á presidencia, e que tamén era un acto administrativo firme, confirmado posteriormente con sucesivas, reiteradas e contundentes sentenzas e que nos está custando, custounos e vainos custar miles de millóns de euros; non só en lucro perdido polo feito de que eses parques eólicos que estaban previstos non se puideran poñer en funcionamento, senón por as indemnizacións ás que xa estamos facendo fronte e vamos a ter que seguir facendo fronte por ese acto negligente do señor Feijóo contra un acto que tamén era administrativo, firme e que tamén tiña toda a legalidade e toda a lexitimidade detrás. Nada máis. moitas grazas.

D. Armando Ojea Bouzo, portavoz do Grupo de Democracia Ourensana: ola de novo. Eu xa dixen na miña primeira intervención que, en principio, estamos a favor das iniciativas empresariais, das iniciativas privadas e tamén temos demostrado varias veces o respecto polos dereitos das empresas e coa lei.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xuño de 2018
--

Demasiadas veces néganselle, ou preténdeselle negar, ás empresas dereitos con argumentos demagóxicos. Pero nós pensamos tamén que o interese público e o interese social está, ou debe estar, por riba dos intereses empresarias e por iso existen e a para iso están as xerarquías normativas. Para iso están unhas leis por riba das outras e por iso di o señor Plácido que, efectivamente, hai saída dentro da normativa vixente, que hai maneiras e que posiblemente haxa que recorrer a outras instancias. Dende logo, nós non pretendemos *pisotear* os dereitos dunha empresa, os dereitos que lle recoñeza á lei; pero ao mesmo tempo, como dicía, teñen uns rangos e unha xerarquía dunha maneira de poñerse en vigor, de deixar de estar en vigor, etc... e neste caso concreto o que pretendemos é que se tomen as medidas oportunas dentro da legalidade vixente que pasará, posiblemente, por levar este problema a outros foros, como moitas veces dicimos que se deben tratar ou que non se deben tratar. Tamén dicimos que cando é unha cuestión que afecta aos intereses específicos de Ourense adoitamos apoiar as mocións.

Agradecerlle ao señor Plácido que me dera información a cerca dunha unidade de superficie que eu non coñecía, é a cuadrícula mineira, é a primeira vez que oio falar desa unidade. *Nunca te acostarás sen aprender unha cousa máis*. Nada máis. Grazas.

D.^a Elvira Lama Fernández, do Grupo do PSOE: grazas presidente. Señor Plácido, non son agresiva, simplemente lle estou poñendo branco sobre negro, é o que hai. É dicir, que un alcalde se dirixa a unha Administración para que lle dea resposta se a concesión sigue vixente, ou se a declaración de impacto é legal ou non é legal, paréceme que non é nada agresivo. Simplemente poñerlle en evidencia que hai alcaldes como vostede que non obteñen resposta da Xunta; por certo, que gobernan vostedes. Nada máis.

¿Oportunismo político? Home claro, cando son as iniciativas que presentamos nós, é oportunismo político; cando a presentan vostedes non. Iso é porque fan ben as cousas, *palo porque remas, palo porque no remas*.

Mire, estar de lado dos veciños queremoslle estar todos, porque normalmente vimos aquí, entre outras cousas, que para iso nos pagan, para facer o noso traballo que é, moitas veces, denunciar cousas que están mal feitas e denunciar tamén ás Administracións cando non fan ben o seu traballo. Porque, estar dentro da lei imaxino que tamén será competencia da Xunta para contestar ao que se lle pregunta, despois de dous meses. Non dubidamos de que a concesión poida estar vixente; o que si dubidamos é que esa declaración de impacto sexa tal,

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xuño de 2018
--

porque, mire, a lexislación con respecto ao avaliación do impacto ambiental dos proxectos en Galicia baséase nunha Lei do 2013, de 9 de decembro, de avaliación ambiental e na Lei 9/2013, de 19 de decembro, de emprendemento e da competitividade económica de Galicia, que por certo esta última modifica moitas máis, como vostede sabe polo seu traballo e polo seu cargo.

Entón, como dicimos, algo terá mudado a lexislación ambiental en Galicia despois de 21 anos, quero pensar que si; entre outras cousas, porque mudou moitísimo a lexislación neste país e tamén na Comunidade Económica Europea, que por certo, temos directivas que son de transposición inmediata. Polo tanto, home, que nos digan que a concesión mineira está en vigor, pois si, porque as concesións son a 30 anos, segundo teño entendido, así por riba porque eu de dereitos mineiros máis ben pouco. O que si lle podo dicir é que a lexislación ambiental mudou e que nos digan que está vixente esa declaración de impacto ambiental feita no ano 97, home, parece un pouco daquela maneira. *Háganselo mirar*. Polo demais, nada máis e moitas grazas.

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular: grazas señor presidente. Xa había tempo que eu non dicía: *palo se remas, palo se non remas*; alégrome que mo recordara, seguireino mantendo porque a verdade hai moitas ocasións nas que se ten que dicir iso.

Vou a ser breve, pero vamos a ver, podemos estar de acordo en que a vixencia da declaración de impacto medioambiental de 20 anos sexa excesiva, pois si; pero é o que di a lei, y *nada más*. Eu tampouco estou de acordo co que teño que pagar agoar do IRPF, dígollo de verdade, non estou de acordo, pero teño que pagalo.

Logo, a disposición transitoria da Lei 21/2013 sigue vixente. Pois claro que sigue vixente. De todas maneiras non me consta que ningún grupo político -nin o de vostede, nin o do BNG- presentaran ningunha proposta para modificar este precepto legal. Non me consta e, se é así, corríxanme. Logo falarei doutra lei na que, por certo, acabao de citar vostede, votaron os dous grupos en contra no Parlamento de Galicia. Non me consta que fixeran vostedes algunha alusión a esta disposición transitoria. Entón ao mellor o do oportunismo político vén ao *dedidillo*, señora Lama, ao mellor vén ao *dedidillo*. Daquelas non se acordaron deste tema e non hai moito tempo.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xuño de 2018
--

Logo dime que preguntou o señor alcalde de Ribadavia, o señor Gómez Pérez ao que eu lle teño aprecio persoal, el sábeo, pero aquí o aprecio persoal non pinta nada, que preguntou se é legal o que é legal. ¡home! esa é unha obviedade señora Lama. Preguntar se é legal o que é legal, iso é unha obviedade. Outra cousa é que pregunte vostede como se interpreta o que vostede quere que se interprete; pois a verdade é que non lle hai moito que escapar. *Bueno*, o do oportunismo xa llo dixen.

Agora darei darei uns datos porque, claro, se nos *enzarzamos* aquí os compañeiros vanme a botar unha *bronca* porque din que hoxe temos que comer máis a tempo que outras. Dareille uns datos só, breves. O pasado 15 de maio (por iso non hai tanto tempo señora Lama, non hai tanto tempo) o director xeral de Enerxía e Minas, precisamente a unha pregunta do BNG non de vostedes, respondeu o seguinte en relación con este tema: *a administración mineira ten acordado o inicio do expediente da caducidade da explotación do recurso da subsección C, denominado Man da Moura, que está en tramitación. Así pois, no caso de confirmarse a caducidade do dereito mineiro, todas as inxedanzas quedarían resoltas - tamén é unha obviedade, esperemos que así sexa-; pero aínda no suposto de que se confirmase a vixencia* (e isto é moi importante que o teñamos presente) *aínda no suposto de que se confirmase a vixencia deste dereito mineiro, cómpre recordar que a empresa titular ten que conseguir a dispoñibilidade dos terreos pola vía do mutuo acordo ou pola vía dun novo expediente de expropiación; xa que o primeiro foi cancelado* (seguro que o señor Gómez Pérez sábeo mellor ca nós). *Neste hipotético caso* (agora vou á responsabilidade de quen tamén a ten) *os concellos teñen moito que dicir* (moitísimo señora Lama, moitísimo) *o outorgamento das correspondentes licenzas de actividade*. Non esquezamos tampouco isto, señor Rodríguez Suárez e o señor Gómez Pérez sabe de que falo.

Polo tanto, a Xunta ten que actuar, claro que si; pero terao que facelo conforme á lei, señora Lama e señor Rodríguez Suárez, dígoo eu, ou ¿saltámonos a lei? Díganme como que así non pago o IRPF tampouco.

No eido mineiro, precisamente, a Xunta esmérase e esmérase cada vez máis no traballo de control das garantías medioambientais das técnicas e incluso das urbanísticas de todo proxecto que se presenta na sede da Xunta de Galicia de conforme –volvemos á lei- do que di a Lei mineira de Galicia; por certo, impulsada polo bipartito, co BNG ao fronte da Consellería de Industria. Por certo, señor Rodríguez Suárez –xa sei que isto non lle gusta nada,

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xuño de 2018
--

pero ímolo dicir, como dicía aquel ex presidente do goberno, *sen acritude*- entre os anos 2006 e 2008, nos que o conselleiro de industria era un alto dirixente do BNG; na presidencia, un alto dirixente do Partido Socialista, no se fixo nada ao respecto, *bueno* algo, vou dicir o que, de feito neste tempo só se declarou a caducidade de 4 dereitos de explotación; mentres que dende o 2009 tense declarada a caducidade de máis dun cento de dereitos mineiros. Non me consta na proposta de vostedes.

Neste contexto permítame destacar, e vou ao que xa avancei antes, que coa Lei de implantación empresarial á que se referiu a señora Lama, este caso non se tería producido - mire vostede que fácil, non se tería producido-, porque establece o principio do expediente de expropiación co inicio do expediente de outorgamento do dereito mineiro. Miren que fácil. Polo tanto, o promotor dende o inicio ten que saber os terreos cos que conta e cales teñen que ser obxecto de expropiación e non actuar, como o de ata agora, sobre a marcha. No caso de comprobarse a imposibilidade de aplicar o expediente de expropiación forzosa, non se outorgaría o dereito mineiro. Por certo, esta lei, señora Lama, señor Rodríguez Suárez, só contou no Parlamento de Galicia cos votos favorables do Partido Popular e non me consta que presentaran vostede ningunha proposta no sentido do que hoxe nos queren dar aquí leccións.

Por último, dende a administración mineira tense dado -cónstame aínda que vostede o nega, pero os tempos na Administración son os que son- todo tipo de información aos alcaldes e, se así non é, así mo din, e o expediente integramente está á súa disposición. Señor Gómez Pérez, isto é o que me din; de todas maneiras, ás veces, non me contarán a verdade, quero pensar que si, pero ás veces quizás non.

O que non ten sentido, e isto teñámolo claro todos, ao marxe de demagoxias, o que non ten sentido é solicitar un estudo actual de impacto, xa que a declaración de impacto ambiental está vixente ata decembro do ano 19; salvo que se modifiquen os preceptos legais que a regulan así. Isto dío a disposición transitoria da Lei 21/2013. Se non a cambiamos, non se pode facer nada señora Lama. Non enreden porque ás veces vostedes queren enredar e queren enredar para quedar ben; pero logo, iso non serve para nada. *Palo se remas, palo se non remas.*

En consecuencia, o que están a pedir é unha ilegalidade. Busquemos todos, busquemos todos ,solucións legalmente viables como está facendo a Xunta de Galicia e non confundamos, por mero oportunismo político, a uns veciños de boa fe que o único que pretenden é defender os seus dereitos. Moitas grazas.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xuño de 2018
--

D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do BNG: moitas grazas señor presidente, moi brevemente. Simplemente unha reflexión. Eu creo que todos estamos de acordo no obxectivo, hai que darlle unha resposta ao veciños e veciñas destes concellos, o rexeitamento é unánime. Dende logo, vostedes que están no Goberno, vostede que teñen o goberno da Xunta e que teñen a posibilidade de dar esa resposta son os que terán que buscar a forma de facelo; dende logo, utilizando os instrumentos legais que hai ao seu dispor. E se non funcionan ou non serven, haberá que cambialos, para iso está o Parlamento onde se debe traballar.

De todos os xeitos, eu hoxe quédome coa conclusión de que, polo que explicou o portavoz do Partido Popular, que o proxecto este é moi complicado que vaia para adiante. Entón, dende ese punto de vista, trasladarlle aos veciños esa tranquilidade e, en todo caso tamén, traballar dende o punto de vista lexislativo, desde o punto de vista do executivo da Xunta para que, efectivamente, este proxecto que todos consideramos e aí si estamos todos de acordo, que é prexudicial para a zona, non chegue a implantarse. Nada máis. Moitas grazas.

O Sr. presidente cédelle a palabra ao deputado Grupo Socialista **D. José Ignacio Gómez Pérez** para que explique o sentido do seu voto: moi bo día a todos a a todas. Como teño que protexer ao meu concello, precisamente aquí non intervín eu e tiven que pasarlle o marrón, que non acostumo a facelo nunca, porque eu son, como saben vostedes, dos que dou a cara en case todo, pero non me quedou outra -volvo a dicilo- que protexer ao meu concello.

Esta cuestión está paralizada porque a ten paralizada o Concello de Ribadavia, ou sexa que oportunismo político, aquí, ningún. Se alguén utilizou isto, ou intenta utilízalo en beneficio político, serán aqueles que o que intentaban era botarlle a culpa ao Concello (non, non, non, non ao BNG que foi quen presentou esta iniciativa no Concello de Ribadavia), son aqueles que lle din aos veciños que se esa explotación mineira se pon en marcha, é culpa do alcalde. Plácido, que aquí coñecemos todos e sabemos todos moi ben.

Digo isto porque me está sorprendendo que o Partido Popular, como ben dicías ti, alí di unha cousa e aquí parece que aquí vimos defender unha cuestión que está mal feita. O que pasa é que, volvo a dicir, que eu teño que defender ao meu concello.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xuño de 2018
--

Dígoche unha cousa, esas cuadrículas, das que tanto falamos, hai moitas que están caducadas dende o ano 2010 por parte desta mesma Consellería. Polo tanto, o curioso e o chamativo é que solo quede a de Ribadavia. Ao mellor é que en Ribadavia, como estamos dende o 2003 alí algúns pois curiosamente non lle interesa que esa caducidade se formulara ¡Digo eu! ¡Digo! Non afirmo, digo; porque é ben curioso que en todas as demais cuadrículas si que se decretara a caducidade, menos a que lle toca ao alcalde de Ribadavia ¡para variar, para variar!

Pero, como o alcalde de Ribadavia, aínda que ten que protexer ao seu concello, é *valiente*, evidentemente cos informes técnicos pertinentes, pois xa se solicitou por parte da empresa, xa se solicitou o que tiña que facer que era, evidentemente, pedir o inicio de actividade de obra, o cal o Concello tiña que facer xa no seu momento e tiña que facelo por unha razón: tiña que outorgalo, por iso preguntamos como estaba ese expediente. O que non pode ser, Plácido, e non é de recibo, como dixo a miña compañeira, é que non se nos conteste a día de hoxe. Iso é o que dicimos, polo tanto, non hai outra cuestión.

E o sentido do voto, polo cal eu téñome que abster, é que eu, como alcalde de Ribadavia que quede claro, teño que ter este sentido de voto. Pero, como veciño, como deputado provincial e, evidentemente, como persoa afectada alí por outras cuestións que xa se formularon aquí, o meu *si* é rotundo; pero, loxicamente, na miña condición de alcalde téñome que abster, como fixen igualmente no Concello de Ribadavia. Esa é a cuestión pola que o meu sentido do voto é diferente ao dos demais compañeiros. Nada máis.

O contido íntegro das intervencións transcritas anteriormente recóllese no punto 10º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 10º](#).

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (14), do Grupo Socialista (7), de Democracia Ourensana (2) e do BNG (1) e a abstención do deputado do Grupo Socialista don José Ignacio Gómez Pérez, o Pleno adopta o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- O Pleno declárase contrario á implantación deste proxecto mineiro.

2º.- Que lle sexa remitida esta declaración aos concellos afectados.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xuño de 2018
--

3º.- Que se lle traslade á consellería competente a nosa preocupación pola implantación deste proxecto mineiro e se lle esixa un estudo actual do impacto que pode provocar e da necesidade dunha nova declaración medio ambiental nunha zona de alto “valor patrimonial”.

11º.- MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA PARA A POSTA EN MARCHA DUNHA REDE CULTURAL PROPIA DA DEPUTACIÓN DE OURENSE.

O Sr. presidente cédelle a palabra ao Grupo Socialista para que expoña o contido da moción.

D.^a Susana Rodríguez Rodríguez, do Grupo Socialista: moitas grazas presidente. Moi bos días a todos e todas. Hoxe a moción que presentamos aquí é co obxecto de garantir unha maior equidade no reparto das subvencións de fomento de artes escénicas, musicais - o Plan Tarazona, como todos coñecemos- e das subvencións para a realización de actividades e actos similares de marcado carácter senlleiro na provincia; así como as subvencións para a realización de actividades culturais e recreativas, tamén festivais e do eido audiovisual.

Consideramos que é a hora de agrupar todas estas liñas de axuda na posta en marcha dunha rede cultural propia desta Deputación. Un dos obxectivos desta rede cultural é, por unha banda, ampliar a oferta destinada tanto aos Concellos como ás Comisións de festexos e entidades sen ánimo de lucro promotoras; pero tamén garantir a calidade e variedade das compañías adheridas ao programa.

Coidamos que esta Deputación, que ten como principal obxecto a cooperación cos Concellos da provincia, debe facilitar económica e tecnicamente o acceso á oferta cultural, musical, escénica e audiovisual das compañías ourensás adheridas a esta nova rede de creación. Isto permitiría ter agrupadas todas as liñas de fomento de cultura e contar cunha oferta máis variada e con maior calidade, se introducimos criterios de selección que favorezan tanto ao demandante como ao ofertante.

Criterios como o límite para actuacións por ano para cada participante fomentarían unha maior diversidade de atención ao acceso; sobre todo para compañías pequenas, con pouca capacidade e, sen embargo, moitas veces, moitas, con moita calidade nas súas producións. Outro tipo de criterios, ademais de fomento da lingua propia do noso país, de igualdade, de inclusión do respecto medioambiental ou de promoción da diversidade

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xuño de 2018
--

comercial, deberían ir enfocados á calidade dos propios espectáculos, tendo en conta, por exemplo, un dos moitos exemplos que podemos poñer, a recuperación do folclore tradicional ou a innovación artística baseada no conxunto de arte tradicional e de vangarda. Isto permitiría que as compañías, tanto alternativas como de folk, accederan a un circuíto máis tradicional de festexos e celebracións. Tamén, dentro dos posibles novos criterios de selección, debería ter en conta a distancia entre os concello do solicitante do grupo para os efectos de favorecer unha distribución equilibrada en todo o territorio da nosa provincia.

Pero tamén consideramos que chegou o momento de termos en conta a distribución poboacional dos concellos da nosa provincia e aumentar as dotacións das achegas desta Deputación en base a este criterio, é dicir, incluíndo criterios de poboación no financiamento das actuacións.

Os acordos que hoxe propoñemos a Pleno son os seguintes:

1. Que a Deputación poña en marcha a rede cultural da provincia de Ourense que agrupe a oferta cultural musical, escénica e audiovisual; así como a oferta recreativa de festivais e actividades de carácter senlleiro co obxecto de que os demandantes, entidades locais, entidades sen ánimo de lucro e comisións de festexos, segundo o caso, teñan nunha mesma plataforma acceso a toda oferta de fomento da cultura cofinanciada pola Institución provincial.

2. Que, a partires da creación desta rede, se establezan unha serie de criterios, como os sinalados nesta moción, que fomenten a diversificación e aumento da calidade da oferta; así como o acceso a termos de equidade tanto para as compañías como para as entidades promotoras das actuacións.

Por agora, nada máis. Moitas grazas.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do BNG: moitas grazas señor presidente. Ben, todos sabemos que a Deputación ten establecido un concurso de subvencións para fomento das artes escénicas e musicais, o Plan Tarazana, a través dun procedemento por concorrencia non competitiva, a súa finalidade é o financiamento de actuacións escénicas e musicais de carácter gratuíto e abertas ao público promovidas por entidades locais, entidades sen ánimo de lucro ou comisións.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xuño de 2018
--

Sendo loable o esforzo económico que se fai para chegar ao maior número de colectivos e persoas a título individual, desde o BNG entendemos que este plan afástase moito do que deberían ser obxectivos irrenunciáveis desta Deputación: o fomento, por unha banda, do uso e normalización social da lingua galega e, por outra banda, a defensa dos valores da igualdade de xénero.

Dentro dos principios xerais cos que se concretará a acción de fomento desta Deputación fálase de igualdade, entendida como a non discriminación ou marxinação de cidadáns; solidariedade, fomento da iniciativa social, transparencia, cooperación entre administracións, garantía de bo funcionamento... Como digo, nada se di de fomentar o uso e normalización social da lingua, nin da defensa dos valores da igualdade de xénero, que debería ser transversais a toda a acción de goberno.

Dentro dos obxectivos estratéxicos do Plan de Subvencións 2016-2019 fálase de planificación estratéxica das políticas públicas de contido subvencional desenvolvidas por esta Deputación en aras a conseguir unha maior eficacia no cumprimento dos obxectivos da actividade subvencional e unha maior eficiencia na asignación do gasto público. Tampouco aquí se fala de apostar polo propio, de garantir a equidade.

O criterio non pode ser que o que primeiro pide sexa o que leve, os recursos son limitados e teñen que chegar ao conxunto dos cidadáns da provincia. De xeito que nos pareza oportuna a proposta que fai o Grupo Socialista e, en consecuencia, vamos a votar a favor. Nada máis. Moitas grazas.

D. Gonzalo Pérez Jácome, portavoz do Grupo de Democracia Ourensana: sí, hola de nuevo. Simplemente recuerdo, antes, las palabras de Rosendo, ocurrencias, siempre se refiere a nosotros como ocurrencias; me hace gracia porque después viene Feijóo en campaña y nos copia lo del parque acuático, o por ejemplo el alcalde de Ourense dice ahora que la idea de la pista de atletismo cubierta en Expourense es de él, sin embargo nos dicen ocurrencias. Y digo esto por la anterior moción, que ustedes tienen la consigna de votar en contra, de votar a todo que no de Democracia Orensana porque, de hecho, recuerdo cuando hicimos aquí el debate del estado de la provincia que traíamos diez mociones y a las diez que no. Entonces, hombre, estadísticamente es muy difícil estar siempre en contra, en contra; pues nosotros votamos muchas veces a favor de mociones que trae el PP y realmente, simplemente, es el rollo de decir a todo que non que venga de Democracia

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xuño de 2018
--

Ourensana, decir a todo que no y la prueba está en que ni siquiera hicieron una enmienda en la que trajimos antes del autismo, que es realmente una necesidad, nosotros lo que pedíamos era realmente coherente y hemos hablado además con las personas afectadas. Lo que se pedía era una demanda de las personas afectadas, del pueblo y ustedes podrían haber hecho una enmienda, pero prefirieron simplemente votar que no y punto. Se nota ahí que no tienen ningún interés en eso.

Respecto a esta moción del PSOE, nosotros creemos que es totalmente distinta a la que nosotros traíamos de hacer un bus cultural, en la que era un poco, realmente, de fomentar la cultura en aquellos, sobre todo, pueblos donde, realmente, tenían un acceso mucho más limitado y donde además se vería, también, como algo más social que llegara allí el bus cultural; no ya solo por el tema de suministrar cultura, sino algo social. Lo que aquí ahora el PSOE lo deriva en esta moción y el PP tiene ese plan ya establecido, *Taranza* ou como se chama, es algo en lo que nosotros, desde Democracia Ourensana, estamos totalmente en contra que debe ser intervenido, en este caso, por los organismos públicos porque ustedes, ya no estamos hablando de cultura (la palabra cultura engloba todo), sino están hablando ustedes del *show business*. Entonces, claro, en el momento en que nos metemos en el tema del *show business* creemos que una persona con José Manuel Baltar, como Rosendo, como Pumar, o, en este caso, como Doval son, realmente, los menos indicados para incidir en el *show business* donde, además, ponen aquí que ustedes tienen que hacer fomento de las artes escénicas y musicales; hablan de que se tienen que meter en la creatividad, innovación, fomento de las artes tradicionais....Claro, me pregunto yo una cosa, qué creatividad y qué innovación, quiénes van a ser los jueces para fomentar realmente esto. Les recuerdo aquí, este es un fan, que me corrija si me equivoco el señor J M Baltar, el heredero, el tema de los Beatles, los expertos iniciales no apostaban nada por ellos, no apostaban un duro, una libra por ellos; es decir, salieron adelante gracias al mercado, no a lo que decían los expertos. Imagínense si llega a coger, aquí, a los Beatles un organismo público pues, obviamente, hubieran dicho esto no vale para nada; sin embargo fue el mercado el que dijo que sí. Por eso creemos que es una aberración que haya injerencias de las Instituciones públicas en el mercado de la forma que ustedes quieren regularlo; es increíble cómo quieren regular cualquier parámetro que se pone aquí.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xuño de 2018

Llegan a un rollo enfermizo con la burocracia porque hablan aquí (y esto es también una forma de fomentar la burocracia, ¡qué aberración!), concellos de 25.000 habitantes el 75% de la Diputación de subvención de 25 Concellos; luego cambia de los 5.000 a los 10.000; luego de los 10.000 a los 20.000 cambia a 50-50; luego de los 20.000 a los 50.000 cambia de 40 a 60. O sea, hacen un rollo burocrático en algo que non vale para nada, vamos a ver, ¿para qué? Después hay que ser un experto en conocer estas normativas que hacen en algo que xa é unha merda y esto me recuerda, una vez, a un profesor de Instituto (siempre lo recordaré, de las Lagunas), que estaba dando las notas y decía: ese suspendió cinco, ese ninguna, ese seis, ese ninguna, ese una... y se levanta el de una y dice: oye, perdona, ¿cuántas notas me dijo que había suspendido? ¿Cuántas asignaturas suspendí, seis o siete? Y dice el tutor: pero que máis dá suspender seis que sete... esta es un poco la historia. Aun encima de hacer algo que es un error, porque, realmente, tiene que ser el mercado el que se abra paso, aparte de ser un error lo burocratizan todo de forma perfecta que esto requiere a técnicos hacer un trabajo tremendo y duplicar los gastos, bueno, aumentarlos ¿no?

Estamos totalmente en contra de esto y este es uno de los motivos por lo que realmente empecé en política y recuerdo que teníamos un grupo de amigos que era Arco da Vella y Arco da Vella, en los años 90 el Folk estaba tremendamente de moda, entonces me decían alguna vez: oye, ven que vamos a tocar a tal pueblo, a Castro Caldelas... y llegamos allí a un pueblo de allí de cerca y había 10 personas escuchando y la actuación costaba 500.000 ptas. y decía: ¡pero esto es una aberración, 500.000 ptas. 10 personas! Si sale más barato coger a estos tíos y llevarlos al teatro a Madrid o en vuelo chárter a Londres. ¡Sale más barato! ¡Ostia, 10 personas escuchando, 500.000 ptas! Entonces, ¿Qué ocurre? Cuando no hay una relación entre lo que es realmente la voluntad del pueblo, que lo demuestra pagando, y realmente la actuación musical que es la forma de aprobación, se producen auténticas aberraciones. Lo vemos, por ejemplo, ahora con el Partido Popular; el Partido Popular nos había vendido la moto de que tenía 800.000 afiliados y, al final, los que tenía eran 70.000 que son los que pagan; todo lo demás es de boquilla. Pues esto de cultura es igual.

La actuación que hubo aquí el otro día, creo que de Rosendo, creo que fue la actuación ayer o anteayer la actuación de Rosendo en las fiestas de Orense; bueno, pues una actuación donde creo que el caché es de 30.000€ y se pagaba 7€ que, con ese dinero, no se

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xuño de 2018
--

recauda en caché. Bueno, pues al final ¿Qué ocurrió? Que van 2.000 personas, creo que fueron 2.000 personas, no se cubrió el caché. Realmente, ¿merecía Rosendo cobrar esos 30.000€ de caché, merecía cobrarlos? Porque el mercado dice que no, porque si la entrada la hubieran cobrado a 15€ hubiese ido menos gente todavía. Es como las termas en Orense, las termas en Orense son gratuitas aquí, las de las Burgas; si cobran 2€ no va nadie, entonces ¿cuánto valen las termas de las Burgas? No valen nada porque si hay que pagar 2€ la gente no va.

Entonces, lo que ustedes van a hacer aquí es mantener, con cuidados paliativos, a cantidad de actuaciones culturales que deberían ser para cumpleaños; es decir, debería hacerlas la gente de puertas para adentro. Pero desde luego, actuaciones profesionales tiene que decir el mercado lo que valen y lo que no. Yo creo que aquí están totalmente equivocados porque le están dando un caché a quien realmente no tiene ese caché.

Luego, otra cosa que voy a decir, Galicia es una potencia en las orquestas y, si es una potencia en las orquestas, es porque durante años, durante años, los Concellos no se metían. Eran las Comisiones de fiestas quienes tenían que convencer a los habitantes del pueblo, a los nativos del pueblo, para que apoquinaran para las fiestas. Se pagaba y ahí se decía: oye, no me gustó la orquesta que trajiste, para o ano hai que cambiar. Es decir, era totalmente algo del mercado y eso hizo de Galicia una potencia en las fiestas. Ahora, en el momento en que se metan los organismos públicos irá todo, como he dicho antes, como el rey Midas, pero al revés.

D. Manuel Doval Soto, do grupo do Partido Popular: moi bos días, señor presidente, señoras deputadas, señores deputados e público e persoas que nos están vendo.

Con respecto á moción que presenta o Partido Socialista, baixo o noso punto de vista, na moción abordan unha parte da realidade; ou mellor, un xeito de vela. A solución non é tan simple como vostedes formulan, pretenden meter no mesmo saco Concellos, Comisións de festas, entidades sen ánimo de lucro, etc...

No referente ao financiamento, fan referencia aos concellos en función do número de habitantes, nas demais entidades ¿como se aborda o financiamento? Non falan nada diso, pero bueno, como nós temos clara a nosa postura...

Sorprende tamén que figuren concellos entre 20.000 e 50.000 habitantes, sorpréndeme tremendamente, ¿poderíame dicir que concello da nosa provincia ten entre 20.000 e 50.000

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xuño de 2018
--

habitantes? ¿Ou é que a trouxeron doutro lugar? Eu non o coñezo de todas as formas. Non deixa de ser un erro ou algo así, pero bueno sorprende que se estableza, precisamente, entre 20.000 e 50.000, unha porcentaxe máis elevada. Non existe ningún concello na nosa provincia que teña esa poboación.

No referente á equidade, no reparto, por favor, revisen, revisen que seguro que se sorprenden. Poderíalle citar cifras dalgúns Concellos, non o vou a facer porque son respectuoso con eses concellos, pero de todas formas revíseno. De momento nada máis e moitas grazas.

D.^a Susana Rodríguez Rodríguez, do Grupo Socialista: moitas grazas presidente. Nada dicir, señor Jácome, para min que non leu moi ben a moción, ou non entendeu moi ben o que nós propuñamos. O que propoñemos é agrupar todas as actividades que ten a Deputación actual nunha Rede e que pese máis o criterio, o deseño do proxectos dos participantes e menos a discrecionalidade desta Deputación. ¿Vostede que está disposto a seguir dando a dedo as cousas? Ah, vale.

Bueno, señor Doval, eu soamente vou a entrar, hai exemplo de Redes dentro desta Comunidade Autónoma, exemplo de Redes noutras Deputacións. Ata o de agora, o que existe nesta Deputación son liñas soltas de financiamento das actividades musicais e escénicas, de fomento da cultura, de festivais, etc... nas que opera, por unha banda, a discrecionalidade e a concorrencia non competitiva e, por outra, non sabemos moi ben o que.

O que propoñemos é agrupar baixo mesmo paraugas dunha Rede toda o oferta e demanda cultural da provincia. O agrupar toda a actividade baixo a mesma Rede na que garantiríamos a participación de programas que, ata o de agora non é que non foran debidamente contemplados, é que non existen, tale como a programación profesional de teatros, monicreques, danza, programación profesional de cinema e contidos audiovisuais e tamén a non profesional mediante a creación dunha liña específica cuns criterios definidos.

Temos que ir máis alá das subvencións nominativas de fomento das actividades escénicas e musicais, como o chamada plan Tarazona. Vostede ben sabe do que estamos a falar porque esta conversa xa a tivemos, en varias ocasións. Respecto a este último, é onde se teñen que facer as modificacións máis importantes, posto que vimos detectando que, ano

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xuño de 2018
--

tras ano, son as mesmas persoas ou representantes de Concellos, entidades, Asociacións, Comisións e festexos.

Mire, mirando os datos, dos últimos promotores e beneficiarios publicados no BOP (destes dous últimos anos soamente, xa non nos fomos máis aló) repítense en máis dun 70% peticións que son o mesmo petionario e tamén o mesmo beneficiario. Concordan ano tras ano. As actuacións demándanse con moita anticipación. Miren, o ano pasado a partida, como ben saben, esgotouse en xuño; este ano en maio, con actuacións previstas para novembro. Non existe nesta liña de subvencións uns límites e prazos de xustificación, execución exhaustivo que garanta a participación das entidades que poidan programar actividades culturais ao longo do ano. O plan, tal cal está concibido, non permite que se amplíe a oferta a outro tipo de artistas máis alternativos e doutros circuítos musicais, tales como o folclore galego.

Ao non poñermos límites de actuación, tanto para os demandantes como para os ofertantes, ao non establecemos un sistema de puntuación como o que propoñemos... nós propoñemos ese por non propoñer outro; o que si que é verdade non imos a facer o refrán *de palo se remas, palo se non remas....* Poderíamos ter feito unha moción xenérica, é dicir, que crearan unha rede e non dar ningún dato; pero creo que a nosa obrigación e o noso deber é dar algún dato, ¿que non son os adecuados? Claro que non, poderíamos ter incluído moitos máis datos; pero si que é verdade que hai exemplos doutras Deputacións que teñen distintas liñas de actuación e todas agrupadas na mesma.

Porque tamén consideramos inxusto que haxa múltiples procedementos segundo se trate dunha liña de fomento da cultura ou doutra. Na actualizade establécese un procedemento de concorrencia non competitiva, como saben, para o Plan Tarazona; mentres se establece a concorrencia competitiva para a realización de actividades culturais e recreativas, ao tempo que, algunhas veces, se establece a discrecionalidade absoluta ao prever subvencións nominativas para festivais e actos de marcado carácter senlleiro. Si que é verdade que entendemos que, determinados festivais, institucións e asociacións que merecen unha especial atención por parte desta Deputación, ¿como non vamos a entender este tipo!, porque estas asociacións moitas veces traballan como traballan, cos medios que teñen e necesitan un financiamento.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xuño de 2018
--

Pero vou rematar esta parte dicindo que a Deputación de Ourense ten que fixarse como obxectivo o de contribuír á difusión da cultura, da música, do folclore, do teatro, da danza, do cine e demais manifestacións artísticas da provincia e o seu achegamento aos Concellos; pero funcionando en rede e de forma obxectiva, tendo todos e todas as mesmas regras de xogo. Nada máis. Moitas grazas.

D. Gonzalo Pérez Jácome, portavoz do Grupo de Democracia Ourensana: sí, nosotros, vamos a ver, vemos tremendamente mal que se den a dedo estas ayudas; pero vemos igual de mal que un Comité de expertos las establezca, porque nosotros sabemos que el Comité de expertos es como darlas a dedo, no ya por si son corruptos o no, sino porque es prácticamente imposible encontrar a un grupo de expertos que sean capaces de dictaminar quién tiene calidad y quién no y cuál va triunfar en el mercado y cuál va a gustar a la gente. Puede ocurrir, efectivamente, como me decía a mí un experto; me dice, en el momento que dice yo quiero ver una película americana que me divierta, no una de estas de los expertos, europeas que me duermo en el cine. Entonces, claro, por qué tenemos que hacerle caso a unos amargados que a lo mejor...no, no, esta película está en tal grupo que es el bueno. ¡Y a mí que me importa que tú digas que es el bueno si a mí me gusta aquel de allí!. Si tú quieres meterlo eso en la educación de la gente, tiene que ser la Xunta quien, a la hora de formar un individuo hasta la Educación Obligatoria que tiene 16 años, sí que le tiene que dar lo que los expertos consideren; pero en el momento que una persona es mayor de edad, ¿tú me vas a decir que escuche a ese gaitero o a ese guitarrista? ¡Pero quién eres tú para decírmelo, si yo soy mayor de edad! O sea, que yo puedo votar, que es algo importantísimo, y no puedo escoger el guitarrista que me gusta porque lo tiene que escoger un grupo de expertos. Hombre, por Dios, si puedo votar que es lo más importante, déjame que grupo quiero escuchar.

Luego aquí ponéis, vais a fomentar y a considerar, a la hora de escoger los grupos y todo eso, aquellos que tengan respeto medioambiental. Pero ¿qué pasa? ¿Hay algunos músicos que estropean la capa de ozono o algo? Si me puedes explicar esto. Respeto medioambiental en la música, ¿cómo se mide esto? ¿Por la letra de las canciones, si hablan mal de la energía nuclear o algo? No sé, yo no entiendo eso ahí: respeto medioambiental.

Nosotros estamos totalmente a favor de que sí que es verdad que haya unas infraestructuras, obviamente. Primero, que la gente tiene que estar formada y para eso la

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xuño de 2018
--

educación, las competencias de la educación están en la Xunta de Galicia y luego, sí que tiene que haber, estamos hablando de las infraestructuras, es decir, estamos en contra de las subvenciones para cualquier actividad musical, pero sí que estamos a favor de que existan recintos; de eso sí que estamos a favor que existan ciertos recintos, no, por supuesto, la proliferación de tantos auditorios como ha habido, por ejemplo, últimamente. Estamos a favor de que haya ciertas infraestructuras. No estamos a favor de subvencionar a los atletas, pero estamos a favor de subvencionar una pista de atletismo donde puedan correr.

Entonces, estamos totalmente en contra de llevar una moción de este tipo y, máxime, donde un comité de expertos va a decir quiénes son buenos y malos. Pero si el ejemplo más bonito está en Google, el buscador Google. Google, que es una historia fascinante, los que lo inventaron querían venderlo por un millón de dólares; pero los de Rank-Xerox solo le ofrecieron 800.000 y dijo el tío de Google: no, no, yo quiero un millón, y solo le dieron 800.000 porque realmente eso no iba a ningún lado. Al final, no lo vendieron por un rollo de cabezonería y sabemos lo que acabó con Google. Es decir, los expertos, ninguno fue capaz de ver lo que valía Google. Y ahora me viene aquí con unos expertos que me van a decir qué grupo es el bueno y qué grupo es el malo, ¡hombre, por Dios!

D. Manuel Doval Soto, do grupo do Partido Popular: agora xa me dou conta polo que puxeron o número de habitantes, porque parece que o copiaron dalgũa outra Deputación. Eu sei que vostedes teñen capacidade, e vostede concretamente, para traer unha moción aquí sen copiala de ningún lado; polo tanto lamento ese erro.

Evidentemente son consciente de que a picaresca está presente, ás veces, aí; prométole que trataremos por todos os medios de, se existe e detectamos que, posiblemente vostede teña razón, eu tamén o vin observando, pois trataremos de erradicala porque así non pode ser. O compadreo é culpa das persoas ou das entidades que non son responsables; aí creo que vivimos nunha sociedade democrática e en liberdade e, polo tanto, iso non conduce a nada. Por suposto tomo nota da parte crítica construtiva que vostedes, todos, fan e do outro, o que non comparto pois lamento nada máis.

Pero, dalgún xeito, véxome na obriga de, porque non soamente a Deputación é esas actividades que organiza, vou dar así, de pasada, un pouco por onde vai a cultura desta Institución; véxome na obriga e só unhas pinceladas.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xuño de 2018
--

A política cultural da Deputación, como non pode ser doutro xeito, vai máis aló do que traen a debate; tenta dar resposta a unha realidade complexa dende un punto de vista global. As axudas que concede a Deputación de Ourense para actividades culturais, deportivas e de ocio a Concellos, Mancomunidades, Comisións de Festas, Asociacións de Veciños e outras entidades sen ánimo de lucro, faise con obxectividade, non se pretende facer cara á ningún lado concreto, e con total transparencia dende o que é a Institución mediante concursos públicos específicos aos cales pode concorrer calquera.

Concédense subvencións para actividades singulares que transcenden máis aló do ámbito territorial concreto (vostedes xa falaban), exemplos: a Mostra Internacional de Teatro, a Festa da Isteria, CETEGA... Existe un gran número de actividades que organiza directamente a Deputación que, dende logo, son un referente cultural e de ocio que tentan chegar a todos os veciños con independencia do lugar no que residan; citarei algunhas para non estenderme moito. Pazoalandia da que *disfrutan* moitos nenos da provincia e eu estou contento con iso aínda que, ás veces, alguén pode ter unha visión distinta. Manzaneda, EsquiOu, tan importante para os nenos porque antes parece que á neve só podían acceder os ricos, pois fagamos que os nenos e nenas da nosa provincia poidan achegarse a esa realidade que creo que merecen *disfrutar* dela. O ICC Week. Actividades do Teatro Principal onde hai multitude de actividades que pódense compartir ou non, pero creo que merecen a pena. A Romaría Raigame que dende logo é un referente, creo, a nivel de todo o Estado... Ourencanto que se ven facendo nos dos últimos anos en colaboración co Concello de Ourense e a verdade é que participan nenos e nenas de toda a provincia, sobre todo cativos, e que utilizan o máis importante que temos as persoas que non é, nin máis nin menos, isto que nos permite dirixirnos uns aos outros, salvo aqueles que teñen a desgraza de non facelo, que é a voz. A Festa da Palabra na Insua dos Poetas á que tamén concorren moitísimos nenos e nenas que son o presente e o futuro do noso país.

Achegas a Fundacións que fan un traballo tremendo en favor da cultura e tamén honran a ilustres ourensáns dos que levan o seu nome: Vicente Risco, Otero Pedrayo, Curros Enríquez, Blanco Amor, Carlos Velo, Carlos Casares, Pen Club Galicia, Coral de Ruada.

Outorga premios que levan nomes de persoeiros que tanto fixeron e fan pola nosa terra, pola nosa cultura e, tamén, pola nosa fala: Premio Pura e Dora Vázquez (que se fallou esta semana, creo que un éxito importante da persoa que o recibiu e é, dende logo, un

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xuño de 2018
--

referente da literatura galega), o Premio Otero Pedrayo, o Premio Antón Losada Diéguez, Premio Ourensanía, Premio Prada Chamochín, etc...

Xornadas do Folclore, no presente ano percorrerán 16 localidades da provincia: Allariz, Bande, Celanova, Manzaneda, O Barco, Carballiño, Maceda, Viana, Castro Caldelas, Trives, Entrimo, Xinzo, A Rúa, Verín, Ourense, Ribadavia. Isto é acercar a cultura a eses pobos, a esas zonas, que seguro chega a todos os concellos da provincia porque merece a pena ir a velos. Seis grupos: Arxentina, Colombia, Sudáfrica, Taití, Bielorrusia, Ucraína; un total de 199 artistas.

Despois, citarei algúns centros dependentes desta Institución, como son a Escola de Artes e Oficios onde máis de 100 persoas acoden alí a diario a recibir clases de pintura, de talla, etc..., dende logo é un referente. A Escola da Real Banda de Gaitas onde o ensino, investigación, Museo de cornamusas, concertos en multitude de países, un referente a nivel mundial. Obradoiro de Instrumentos no que se fixeron realidade os instrumentos que aparecen representados no Pórtico do Paraíso que veñen estando expostos e a disposición dos centros escolares para que os nenos vexan cales son e comprendan como uns instrumentos, que aparecen alí en pedra, tocan e soan; existe interese, ademais, de varias países estranxeiros para poder expoñelos, porque creo que merece a pena. Instrumentos utilizados en concertos por profesores e alumnos de conservatorios -destaco isto, por profesores e alumnos de conservatorios-, tamén por un galego universal como é Carlos Núñez (para min, para algúns ao mellor non) e o seu grupo. Ademais, de cursos de fabricación de instrumentos, tamén se dan cursos de música popular e transmiten o que significa a construción dos instrumentos.

Permítanme que faga un pequeno repaso das actividades que se realizan dende o Centro de Cultura Popular Xaquín Lourenzo. Vou dar unha lectura así rápida, Centro de Xaquín Lourenzo, Escola de Danza 196 nenos e nenas, 16 actuacións, obradoiros de danza en Castro Caldelas (fóra do que é o propio centro) 40 alumnos, obradoiro de xogos populares 57 centros da nosa provincia (creo que isto é achegar a cultura aos nenos e nenas da nosa provincia). Máis de 2.000 nenos e nenas *disfrutaron* disto. En Concellos, Universidade, Asociacións máis de 40 actividades. Obradoiro de teares, máis de 38 persoas.

A Romaría Etnográfica Raigame, xa fixen antes referencia, dende é un verdadeiro referente e creo que merece a pena cada día máis que siga cara á diante. Publicáronse, ademais

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xuño de 2018
--

do Xornal da Romaría Etnográfica Raigame, un total de 3.000 exemplares e da etnografía de Raigame outros 3.000 exemplares.

A Deputación, algo que vostede dicía, a Deputación con vostedes, con todos os que están aquí presentes xa creou unha Rede, certo, unha rede de espazos culturais, unha experiencia. O goberno provincial que preside Manuel Baltar, en estreita colaboración cos Concellos, creou a Rede de Espazos Culturais da que forman parte, neste momento, máis de 20 concellos da provincia, con independencia do número de habitantes que teñan. Eu confío en que o ano próximo -teñen todo o ano para incorporarse, como vostedes ben saben a partir do 1 de xaneiro- máis Concellos se adhiran a esa Rede á que poden incorporarse todos os Concellos que o desexen. Os grupos de toda a provincia teñen a facultade de formar parte da Rede, como non, admítense todos os grupos que queiran incorporarse na Rede, non se lle pon ningunha limitación; son eles, o que dicía o portavoz de Democracia Ourenzana, elixe o público para incorporarse, polo tanto...

Teño que dicir tamén, na porcentaxe da subvención, tense en conta o *caché* do grupo e primase aos de Ourense, tamén o saben vostedes, creo que, ademais, estivemos todos de acordo con iso. O orzamento do presente exercicio duplicouse respecto do ano anterior; polo tanto, esa mingua que vostedes citan eu non a vexo, incluso podería dicir que houbo un Concello que este ano recibiu 500.000€ que creo, sinceramente, que non está mal, oxalá houbera máis.

Teñan a seguridade que o goberno que preside Manuel Baltar, seguindo o Plan de mandato 15-19, seguirá implementando accións nas que a inversión en cultura será prioritaria para transformar a realidade. Sen deixar de lado todo o que nos identifica, dende o tradicional que ten moito que ver coa nosa forma de ser e de sentir, o goberno aposta, decididamente, pola vangarda.

O traballo que o grupo Luar na Lubre decidiu levar a cabo na Ribeira Sacra, no que se recolle o mellor dos nosos devanceiros, o noso presente para proxectalo de cara ao futuro, será, estamos seguros, un bo embaixador para que ese lugar único sexa declarado Patrimonio da Humanidade. A exposición sobre o Reino Suevo que recibiu máis de 45.000 visitantes, con independencia das opinións de cada un, creo que foi un gran acerto. Son dúas apostas decididas do presidente Manuel Baltar. Esa é a nosa aposta pola cultura. Por suposto,

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xuño de 2018
--

corrixiremos os erros; trataremos de que os que intentar utilizar incluso a cultura para aproveitarse dalgún xeito, pois, procuraremos que deixen de facelo.

Polo exposto, queda clara a nosa postura e razóns polas que votaremos en contra da súa proposta, creo que o dixen na miña primeira intervención. Nada máis e desculpen a miña extensión no uso da palabra

D.^a Susana Rodríguez Rodríguez, do Grupo Socialista: grazas presidente. Moitas grazas señor Doval por todo ese relatorio de todas as actividades nas que participa a Deputación, nas que colabora a Deputación; pero nós o que propoñemos era moi sinxelo, para nada vamos a intervir nese tipo de cousas, nós nos propoñemos intervir en Raigame, non propoñemos intervir en.... Propoñemos un sistema sinxelo, participativo e, como non, transparente, porque queremos un sistema transparente.

É moi sinxelo, o que queremos é poñer en marcha unha rede cultural que englobe os distintos programas que ten esta Casa. Englobe os distintos programas en liñas de financiamento en actividades culturais, escénicas e fomento da cultura, de festivais, nos que opere esta Casa. Soamente pediamos iso. Non pediamos nada de todo o relatorio que nos está a facer.

Logo, xa para rematar, señor Jácome, nós nos imos a ese comité de expertos que diga os que entren e os que non entren; é unha mera forma de dicir que se valore algún tipo de actuacións ou non. E, medioambientais, nós non só propoñemos actuacións musicais neste tema, como vostede sabe, senón dígollo. Hai tipos de actuacións que non só son musicais. Hai tipos de actuacións que poden ser monicreques, poden ser actividades culturais que englobe o medio ambiente e todo; non só actuacións musicais. E dentro de actuacións musicais tamén se pode garantir unha boa eficiencia do medio ambiente. Moitas grazas.

O contido íntegro das intervencións transcritas anteriormente recóllese no punto 11º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 11º](#).

Non se producen máis intervencións someténdose a votación a moción, que resulta rexeitada ao obter o voto favorable do Grupo Socialista (8) e do BNG (1) e o voto en contra do Grupo Popular (14) e de Democracia Ourensana (2).

12º.- MOCIÓN DE URXENCIA.- Non se presentan.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xuño de 2018
--

13°.- DACIÓN DE CONTA DAS SEGUINTE RELACIÓNS DE DECRETOS:

Para cumprir co establecido no artigo 62 do vixente Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime xurídico das Entidades Locais (aprobado por Real Decreto 2568/1986 do 28 de novembro, e publicado no BOE do 22 de decembro), dáselle conta ao pleno das seguintes relacións de decretos:

- Presidencia: mes de maio de 2018 e dos seguintes adicionais: 3º de decembro de 2017, 3º de xaneiro, 2º de febreiro, 2º de marzo e 1º de abril de 2018.
- Deputado delegado de Facenda: mes de maio de 2018 e dos seguintes adicionais: 4º de xaneiro, 3º de febreiro, 2º de marzo e 1º de abril de 2018.
- Deputado delegado de Administración Provincial: mes de maio de 2018.
- Deputado delegado de Cooperación e Seguimento do Mandato 2015-2019: mes de maio de 2018.

Os membros da Corporación quedan informados.

14°.- ROGOS E PREGUNTAS.-

Nesta quenda prodúcense as seguintes intervencións:

Sr. presidente: trataremos en primeiro lugar a pregunta para ser formulada e contestada oralmente neste Pleno que presentou o grupo do Partido Socialista de Galicia PSOE e que vai formular o deputado don Vicente Gómez, cando queira.

D. Vicente Gómez García, do Grupo Socialista: bos días. A pregunta é cales son os prazos de execución da obra prevista nos orzamentos na estrada OU-1006 no Concello de Vilardevós.

Sr. presidente: moitas grazas. A resposta consiste nun informe asinado pola directora da Área de Infraestruturas en relación coa súa solicitude de información que en relación coas obras prevista nos orzamentos na estrada OU-1006 no Concello de Vilardevós, cabe manifestar o seguinte: en primeiro lugar o proxecto de “*Acondicionamento e mellora integral na OU-1006 Vilardevós (OU-310) – Vilarello da Cota*”, con clave 121/POS/2018 foi aprobado provisionalmente por resolución núm.2018/0107 da Presidencia o 27 de marzo de 2018. En segundo lugar, o referido proxecto foi exposto ao público durante 20 días hábiles previo anuncio no Boletín Oficial da Provincia, número 87, do 17 de abril de 2018. En terceiro lugar, con data 30 de maio de 2018 o Servizo de Vías e Obras rematou a valoración de predios para a expropiación. O 18 de xuño de 2018 o deputado delegado de

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xuño de 2018
--

Cooperación mandou notificar o anuncio da relación de propietarios, bens e dereitos afectados pola expropiación forzosa para a execución das obras aos interesados, e ordenou a súa publicación no BOP, nos diarios e no taboleiro de anuncios do concello afectado, de conformidade coa lexislación vixente. O 29 de xuño de 2018 publicouse a relación de propietarios, bens e dereitos afectados pola expropiación forzosa para a execución das obras no Boletín Oficial da Provincia, número 148. Polo tanto, actualmente estase tramitando o procedemento expropiatorio conforme á Lei de 16 de decembro de 1954 sobre expropiación forzosa e os informes sectoriais necesarios da administración hidráulica e de patrimonio. Unha vez finalizado este e con informe favorable daquelas procederase á aprobación definitiva do proxecto, ao *replanteo* previo do mesmo e pasará a ser incorporado ao expediente de contratación para a súa adxudicación. Trala adxudicación da obra e a formalización do contrato, as obras iniciaránse coa firma da acta de comprobación de *replanteo*. No apartado 3 da memoria do proxecto estímase un prazo de execución para as obras, dende a firma da acta de comprobación de *replanteo*, de catro meses.

Fareille chegar unha copia deste informe. Rogos e preguntas? Si, BNG.

D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do BNG: grazas Sr. presidente, teño dúas cuestións. A primeira ten que ver con como se xestiona por parte por parte da Deputación o pago a terceiros, neste caso ten relación indirecta coa exposición “in tempore sueborum”. Teño aquí dous escritos que nos fixeron chegar, onde nos explican dous casos. Vou facer unha relación rápida, o máis rápida posible deles. *“Ola Ramiro. Púxenme en contacto con vós de cara dar solución ao tema do pago ás -e aos- investigadores que traballaron no catálogo da exposición temporal organizada pola Deputación de Ourense que levou por título In Tempore Sueborum...O meu caso persoal é fácil de resumir: a organización en nome dos seus comisarios solicítanme a día 30-07-2017 que elabore catro fichas para o catálogo da mostra, polo que me proporcionan tres arquivos xuntos onde figura, entre outros, o importe de cada unha das fichas-, o modelo de ficha e a folla de liquidación a terceiros. A día 18 do 09 enviei a López Quiroga as ditas fichas. A día 19 do 09 enviei a folla de liquidación a terceiros cumprimentada. Catro días despois da inauguración, enviei un novo correo ao dito enderezo informando tanto de erros nos carteis – por exemplo, Samos localizado mesmo na ría de A Coruña, e outros- e soliciando información*

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xuño de 2018
--

sobre o pago das devanditas fichas. Deixando pasar tempo e agardando algún tipo de contestación agardei ata o 15 de febreiro no que reenvío o correo do 18-12 ao enderezo privado do comisario, o mesmo polo que se me solicitara a elaboración dos textos sen obter resposta de ningún tipo. Esa mesma semana descubrín que na primeira edición do catálogo, a mesma que vin por escrito e a mesma que aínda teñen colgada na páxina oficial da exposición, o meu nome non aparecía. O día 22-02-2018 chamo ao teléfono da coordinadora que me informa que deixa de selo e envía correo ao enderezo referido da exposición reafirmando as antigas solicitudes e solicitando a corrección de erros do catálogo xa que eu, como investigadora independente teño que subir anualmente o meu currículo investigador, e polo erro non era posíbel. Sen resposta. O día 16-04-2018 escribo de novo ao enderezo da organización e esta vez, ademais das antigas reclamacións, solicito un documento acreditativo da miña autoría co fin de poder presentar para os efectos oportunos esta parte do currículo investigador do ano 2017. Este correo foi contestado o mesmo día por Isabel Rodríguez, a persoa que substitúe na coordinación a Mercedes Rozas, nel indica textualmente: “En resposta ao seu mail, no referido aos catálogos, debo dicirlle que, ao terse detectado varios erros e omisións na primeira edición do mesmo, (entre eles a non inclusión do seu nome), dende a organización da exposición decidiuse enviar, tanto aos autores como aos museos, a segunda edición do antedito catálogo cando estean listos os novos exemplares. Neste momento estase elaborando a segunda edición coas correccións oportunas. Respecto ao pago aos autores, paso a súa reclamación ao coordinador xeral da exposición, Sr. Gómez Villar, pois dende este departamento non levamos a tramitación dos pagos. De novo escribo ao correo de coordinación o día 02-05-2018 informando de tivera na miñas mans a segunda versión do catálogo e que xa vira corrixido o índice de autores, no que xa se atopaba o meu nome; mais que seguía a reclamar o pago dos textos. Non é un caso único. Hai outro rapaz que se puxo en contacto con nós di “Nesta mensaxe achego o documento de aceptación do orzamento que se enviou ao Museo Provincial de Lugo en xuño de 2017. Secuencia cronolóxica: No verán executouse o servizo en Lugo. A peza permaneceu no MPL durante o outono ata o envío a Ourense. Aínda que o servizo xa se executara, demorei a emisión da factura en atención a unha petición expresa do Centro Cultural Marcos Valcárcel. O 15 de decembro iniciouse a exposición. O 27 de decembro Mercedes Rozas urxiume a emitir a

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xuño de 2018
--

factura con data 28 de decembro de 2017. O 28 de decembro emitín factura, da que achego copia, que foi enviada ese mesmo día. No mes de marzo realicei varias chamadas telefónicas a Intervención, onde me dixeron que a factura estaba correcta mais que aínda non fora executada (a pesar de ter finalizado o prazo legal de cobro). Remitíronme a Aurelio Gómez Villar, quen non atendeu ningunha das miñas chamadas. O 3 de abril de 2018 (transcorridos 96 días desde a emisión da factura) rexistrei un escrito reclamando o pagamento da cantidade debida. Posteriormente tentei novamente contactar con Aurelio Gómez Villar sen éxito. Hoxe, 28 de xuño, cúmprense 183 días (6 meses) da emisión da factura e 9 meses da execución do servizo. Grazas pola implicación. Prégoche que non compartas a copia da factura, facilítosha só a efectos informativos. Hai máis persoas afectadas pero non se atreven a falar por medio ás represalias. As nosas preguntas son, porque a Deputación sempre se gabou de que un dos éxitos de xestión era o pago a terceiros, gustaríanos saber: a canto ascenden as débedas contraídas con provedores e profesionais a día de hoxe? Cal ou cales son as razóns polas que aínda non se aboaron as facturas pendentes? Cando se ten pensado aboar as cantidades pendentes a estes profesionais?

Sr. presidente: tomo nota de todas as cuestións e lle respostarei por escrito.

D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do BNG: moitas grazas. Teño unha segunda cuestión, relativa a un tema que xa teño tratado, ou temos tratado, neste apartado xa durante varios días. É con respecto á sentenza que acaba de aparecer, do Xulgado do Social n.º 4 de Ourense, que ven de pronunciar sentenza contra o despedimento da extraballadora da limpeza nesta Deputación, Leonida Silva. O BNG, ao longo deste último ano, puxo sobre a mesa que se estaban a producir feitos que poderían ser constitutivos dun presunto acoso por parte de dúas das súas compañeiras da quenda da tarde, unha delas concelleira do Partido Popular en Esgos. O maxistrado-xuíz non apreciou caso de vulneración de dereitos fundamentais, mais observa un comportamento displicente por parte das súas excompañeiras de traballo, ao tempo que declara probado que a causa invocada pola empresa, de causa produtiva, é falsa, toda vez que non se reducen horas senón que se reestruturan, reducíndoas no lugar onde esta traballadora prestaba os seus servizos pero aumentándoas noutros locais pertencentes á Deputación. O propio Ministerio

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xuño de 2018
--

Fiscal informa considerando que non hai vulneración de dereitos fundamentais por falla de indicios de acoso. Alude á doutrina sobre o *mobbing*, en particular en canto á reiteración de actos, valorando que só se puxeron de manifestou dous actos, polo que non considera acreditada a repetición de comportamentos necesaria. É dicir, non di que non se acosara, di que so hai dous casos e iso non abonda segundo a xurisprudencia doutrinal para determinar que estamos diante dun caso de acoso. En virtude diso, o xuíz, dada a dificultade para demostrar o acoso, declara o despido improcedente, condenando á concesionaria do servizo de limpeza ITMA, S.L. a que opte pola readmisión da traballadora ou pola indemnización.

Esta é a razón xudicial. A política é que a Deputación lle esixiu á empresa que despedira á traballadora, porque ameazaba o actual “statu quo” dentro do servizo de limpeza e resultaba incómoda, se quere que lle prorroguen a concesión por outros 2 anos. Por todo o anterior, queremos preguntar: non considera a Presidencia que este é un motivo máis que xustificado para rescindirle o contrato a esta empresa? Moitas grazas.

Sr. presidente: respostareille por escrito. Máis cuestións? Si Democracia Ourensana.

D. Armando Ojea Bouzo, de Democracia Ourensana: ola de novo, grazas presidente. Ayer a prensa volvíanos ofrecer unha fotografía da presa das Conchas con esta clase de *cianobacterias*, pois a pregunta, queremos facer unha pregunta, que é se, non conta a influencia que pode ter isto na saúde pública e nos recursos turísticos e económicos da zona, e tendo en conta que a Confederación Hidrográfica se encontra nunha especie de situación de *vacío* de poder. Xa saben por qué, aínda que hoxe por hoxe *nominalmene* hai unha persoa ao cargo. O feito de que cambiase o goberno en Madrid fará que en breve se cambie a esa persoa por outra, posto que é un posto político e iso fainos pensar que a Confederación Hidrográfica non tomará medidas nalgún tempo, por razóns máis que obvias. A pregunta é: a Deputación ten pensado tomar algunha medida, dar algún tipo de axuda, de algún tipo de apoio, ou algunha medida que poida axudar aos concellos afectados a paliar os problemas que poden devir despois desta nova aparición desta clase de vexetación *indeseada*. Grazas.

Sr. presidente: conseguirei un informe da Área de Medio Ambiente, do que lle darei traslado, que contemple esa posibilidade. Algunha cuestión máis? Si.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xuño de 2018
--

D. José Ignacio Gómez Pérez, do Grupo Socialista: un rogo así a modo de brincadeira. Non deades moitas máis ideas non lle deamos máis ao Plácido, porque xa recibe habitualmente desta Deputación, que sexa a Confederación ou quen sexa, pero ben, da Deputación xa leva dabondo. Hai outros que lles tocará tamén repartir algo. Isto dicíao xa a modo de brincadeira. Fago un rogo por que non sei exactamente cal é a denominación -creo que é directora xeral de Recursos Humanos, non sei pregunto, non sei se esa é a denominación, pero creo que era así- eu rogaría, antes o BNG facía alusión a unha cuestión que eu desde logo nin entro nin saio porque descoñezo, pero si falamos, por exemplo, na comisión informativa, levamos unha RPT, a min me gustaría como deputado e como creo que é de recibo, como facemos coa Sra. interventora e como facemos co secretario, pois eu creo que nun documento dese tipo, ou doutro tipo que afecte ao persoal desta casa, eu creo que non estaría mal que cando menos estivera presente esta directora xeral de Recursos Humanos e que nos explicase moitas veces cuestións técnicas. Eu creo que é unha cuestión que se pode facer e creo que é de recibo ademais. Este é un rogo totalmente normal, para este e para esta e para outras cuestións. Moitas grazas.

Sr. presidente: tómase nota do rogo. Algunha cuestión máis? Pois se non hai levántase a sesión.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xuño de 2018
--

O contido íntegro das intervencións transcritas anteriormente recóllese no punto 14º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 14º](#).

E, ás 14.45 horas do día 29 de xuño de 2018, o Sr. presidente deu por rematada a devandita sesión ordinaria do Pleno da Deputación de Ourense, da que se redacta a presente acta, que se asinará segundo o legalmente establecido. Dou fe.

O PRESIDENTE,

O SECRETARIO,